Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 14/05/2021 12:02:27
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 139
14 de maio de 2021

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

#### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

**Admisión a trámite e publicación**

**15591 (11/PRE-003574)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da implementación dun plan específico de rescate dirixido ás empresas que integran as diferentes ramas de actividade do sector turístico 54986

**15600 (11/PRE-003575)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude do Concello de Vigo de alugar catorce locais desocupados ao Consorcio do Casco Vello de Vigo 54993

**15611 (11/PRE-003576)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dragaxe do fondo da ría de Pontevedra e dunha proposta sustentable para o depósito dos sedimentos 54996

**15622 (11/PRE-003577)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos cursos de aptitude empresarial agraria, encadrados dentro do Plan de formación continua da Consellería do Medio Rural 54998

**15625 (11/PRE-003578)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura**
Sobre as previsións do Goberno Galego respecto do tratamento que recibe a temática da violencia de xénero na Televisión de Galicia 55001

**15627 (11/PRE-003579)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**
Sobre a autorización, por parte da Consellería do Medio Rural, do cambio de uso de parcelas cualificadas como actividade forestal a actividade agraria na parroquia de Guillán, no concello de Vilagarcía 55004

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**15632 (11/PRE-003580)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para acordar un novo marco de planificación lingüística para a consecución do equilibrio competencial e da normalización do galego 55008

**15638 (11/PRE-003581)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento das peaxes nas autovías de titularidade estatal e da transferencia da autopista do Atlántico ou AP-9 55012

**15644 (11/PRE-003582)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**
Sobre a política do Goberno galego respecto da adaptación da Lei de eficiencia organizativa do Servizo Público de Xustiza á realidade de Galicia 55015

**15652 (11/PRE-003583)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e Rodil Fernández, Olalla**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do asociacionismo e participación da mocidade galega 55018

**15657 (11/PRE-003584)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma**
Sobre o número de parcelas do barrio de Monteporreiro, en Pontevedra, que son propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo 55022

**15678 (11/PRE-003585)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reactivación da comarca de Ferrol 55023

**15688 (11/PRE-003586)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez López, Daniel e 2 máis**
Sobre a valoración, por parte da Xunta de Galicia, dos resultados da enquisa de poboación activa e das actuacións previstas en materia de emprego 55028

**15694 (11/PRE-003587)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do uso do libro dixital para o alumnado do ensino secundario obrigatorio no curso 2021/2022 55034

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**15699 (11/PRE-003588)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre o papel da anunciada sociedade constituída para o impulso dos proxectos *Next Generation* de interese para Galicia 55038

**15705 (11/PRE-003589)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para constituír un consello de administración da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia con presenza equilibrada de mulleres e homes 55042

**15710 (11/PRE-003590)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 2 máis**
Sobre as medidas adoptadas pola consellaría competente respecto dos usuarios e das usuarias positivos por covid na residencia DomusVi de Chantada 55044

**15716 (11/PRE-003591)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre as medidas adoptadas nas residencias de maiores no caso de existiren usuarios ou usuarias positivos por covid-19 55046

**15746 (11/PRE-003592)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto do servizo de axuda no fogar no concello de Punxín 55049

**15751 (11/PRE-003593)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para demandar a apertura continuada e recuperar o uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres 55051

**15754 (11/PRE-003594)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 2 máis**
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da situación actual do servizo de axuda no fogar no concello de Chantada 55054

**15762 (11/PRE-003595)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis**


CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia, e máis concretamente da empresa H&M 55056

**15766 (11/PRE-003596)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en materia de planificación eólica 55059

**15773 (11/PRE-003597)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para impulsar un modelo de enerxía eólica sustentable, xusta e galega 55063

**15784 (11/PRE-003598)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da necesidade dun plan de seguridade galego, coordinado co estatal, para o Camiño de Santiago 55067

**15790 (11/PRE-003599)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana**
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de levar a cabo a redacción de novos regulamentos orgánicos para os centros de educación infantil e primaria, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria 55069

**15801 (11/PRE-003600)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posible convocatoria de folga no sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña 55071

**15803 (11/PRE-003601)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia relativas á conservación e posta en valor do ben de interese cultural da torre de Teodomiro, no concello de Aranga 55075

**15814 (11/PRE-003602)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**
Sobre as actuacións do Goberno galego para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido 55079

**15823 (11/PRE-003603)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia 55082

**15828 (11/PRE-003604)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do modelo de implantación de enerxía eólica en Galicia 55089

**15837 (11/PRE-003605)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para evitar o impacto ambiental do desenvolvemento de proxectos eólicos 55091

**15844 (11/PRE-003606)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia con respecto ás convocatorias de «manifestación de interese» aos fondos *Next Generation* 55094

**15850 (11/PRE-003607)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**
Sobre os criterios da Xunta de Galicia respecto dos acordos de xestión da atención primaria 55097

**15856 (11/PRE-003608)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**
Sobre as actuacións do Goberno galego respecto dos avances que se fixeron no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros a dominio municipal 55100

**15872 (11/PRE-003609)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da situación da Formación Profesional no concello de Redondela 55103

**15880 (11/PRE-003610)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa atención das persoas con trastorno de conducta alimentaria 55106


CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.4.5. Respostas a preguntas

**15503 - 6921 (11/PRE-000780)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma**
Sobre o número de expedientes abertos por infraccións, nos anos 2018 e 2019, á Lei de benestar animal, o número de sancións interpostas, con especificación da contía, e o número de inhabilitacións especiais realizadas 55110

**15731 - 839 (11/PRE-001011)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Candia López, María Elena e 6 máis**
Sobre a situación das obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego 55112

**15730 - 840 (11/PRE-001624)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Candia López, María Elena e 6 máis**
Sobre a situación das obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego 55115

**15729 - 4618 (11/PRE-001690)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**
Sobre a situación do proxecto de mellora da seguridade na estrada Viveiro-Cabreiros, as previsións do Goberno galego referidas ao seu desenvolvemento e as actuacións concretas que se van levar a cabo, así como as melloras executadas na estrada LU-540 nos últimos anos 55118

**15531 - 8465 (11/PRE-002440)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e 2 máis**
Sobre as razóns para non aplicar na actualidade os descontos que existían no trasporte público para os mozos e as mozas da franxa de idade comprendida entre os 21 e 31 anos beneficiarios do Carné Xove, as actuacións previstas polo Goberno galego para o seu restablecemento e as súas previsións respecto da súa ampliación 55121

**15795 - 12310 (11/PRE-002926)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa información referida ao estado de vacinación da cidadanía contra a covid-19 55124

**15794 - 12377 (11/PRE-002965)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Carreira Pazos, Iria e 3 máis**
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación en que se atopa o transporte sanitario non urxente na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña 55126

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**15728 - 12968 (11/PRE-003060)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia no pagamento das subvencións correspondentes ao mantemento das casas niño e as medidas previstas ao respecto 55128

**15727 - 13190 (11/PRE-003232)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina**
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Veiga 55131

**15726 - 13194 (11/PRE-003236)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina**
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beariz 55133

**15725 - 13198 (11/PRE-003240)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina**
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Castrelo de Miño 55135

**15530 - 13213 (11/PRE-003250)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina**
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello do Barco de Valdeorras 55137

**15724 - 13368 (11/PRE-003352)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto de dotar o concello de Narón dunha residencia de maiores de titularidade e xestión públicas 55139

**15723 - 13652 (11/PRE-003394)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 2 máis**
Sobre a problemática existente no centro de menores Santo Anxo, de Rábade, e a xestión da Consellería de Política Social ao respecto 55142

**15722 - 13700 (11/PRE-003398)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e Rodil Fernández, Olalla**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os datos referidos ás persoas usuarias dunha residencia da terceira idade finadas por covid-19 desde o inicio da pandemia ata o 30 de marzo de 2021 55145

**15721 - 13715 (11/PRE-003401)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre o número de persoas finadas en residencias de maiores en Galicia durante a pandemia da covid-19 e as razóns do Goberno galego para non publicar os datos desagregados por centros 55148

**15793 - 13765 (11/PRE-003406)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre a composición do Comité Asesor Sociosanitario, os avances existentes en canto ao novo modelo residencial e o investimento adicional necesario para ese fin 55151

**15792 - 13767 (11/PRE-003407)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e Rodil Fernández, Olalla**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación de prazas públicas residenciais para maiores na XI lexislatura, así como do incremento do número delas e da construción ou creación de novas residencias públicas na comarca da Barbanza 55154

**15791 - 13813 (11/PRE-003411)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co uso de cans de asistencia para promover a autonomía persoal 55157

**15720 - 13992 (11/PRE-003436)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis**
Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto de alongamento da Vía ártabra e a súa afección á zona húmida da Gándara 55160

## 3. Administración do Parlamento de Galicia

### 3.1. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de maio de 2021, polo se aproba a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia 54966

## 4. Informacións e correccións de erros

### 4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 138, fascículo 3, do 12 de maio de 2021, da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia 54985

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.4. Procedementos de información

### 1.4.4. Preguntas

### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de maio de 2021, adoptou os seguintes acordos:

**Admisión a trámite e publicación**

- 15591 (11/PRE-003574)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da implementación dun plan específico de rescate dirixido ás empresas que integran as diferentes ramas de actividade do sector turístico

- 15600 (11/PRE-003575)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da solicitude do Concello de Vigo de alugar catorce locais desocupados ao Consorcio do Casco Vello de Vigo

- 15611 (11/PRE-003576)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da dragaxe do fondo da ría de Pontevedra e dunha proposta sustentable para o depósito dos sedimentos

- 15622 (11/PRE-003577)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos cursos de aptitude empresarial agraria, encadrados dentro do Plan de formación continua da Consellería do Medio Rural

- 15625 (11/PRE-003578)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Abelairas Rodríguez, María Isaura
Sobre as previsións do Goberno Galego respecto do tratamento que recibe a temática da violencia de xénero na Televisión de Galicia

- 15627 (11/PRE-003579)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre a autorización, por parte da Consellería do Medio Rural, do cambio de uso de parcelas cualificadas como actividade forestal a actividade agraria na parroquia de Guillán, no concello de Vilagarcía

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 15632 (11/PRE-003580)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para acordar un novo marco de planificación lingüística para a consecución do equilibrio competencial e da normalización do galego

- 15638 (11/PRE-003581)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento das peaxes nas autovías de titularidade estatal e da transferencia da autopista do Atlántico ou AP-9

- 15644 (11/PRE-003582)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego respecto da adaptación da Lei de eficiencia organizativa do Servizo Público de Xustiza á realidade de Galicia

- 15652 (11/PRE-003583)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do asociacionismo e participación da mocidade galega

- 15657 (11/PRE-003584)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma
Sobre o número de parcelas do barrio de Monteporreiro, en Pontevedra, que son propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo

- 15678 (11/PRE-003585)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da reactivación da comarca de Ferrol

- 15688 (11/PRE-003586)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, Daniel e 2 máis
Sobre a valoración, por parte da Xunta de Galicia, dos resultados da enquisa de poboación activa e das actuacións previstas en materia de emprego

- 15694 (11/PRE-003587)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do uso do libro dixital para o alumnado do ensino secundario obrigatorio no curso 2021/2022

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 15699 (11/PRE-003588)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre o papel da anunciada sociedade constituída para o impulso dos proxectos *Next Generation* de interese para Galicia

- 15705 (11/PRE-003589)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para constituír un consello de administración da Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia con presenza equilibrada de mulleres e homes

- 15710 (11/PRE-003590)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre as medidas adoptadas pola consellaría competente respecto dos usuarios e das usuarias positivos por covid na residencia DomusVi de Chantada

- 15716 (11/PRE-003591)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as medidas adoptadas nas residencias de maiores no caso de existiren usuarios ou usuarias positivos por covid-19

- 15746 (11/PRE-003592)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto do servizo de axuda no fogar no concello de Punxín

- 15751 (11/PRE-003593)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para demandar a apertura continuada e recuperar o uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres

- 15754 (11/PRE-003594)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da situación actual do servizo de axuda no fogar no concello de Chantada

- 15762 (11/PRE-003595)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 4 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia, e máis concretamente da empresa H&M

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 15766 (11/PRE-003596)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en materia de planificación eólica

- 15773 (11/PRE-003597)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para impulsar un modelo de enerxía eólica sustentable, xusta e galega

- 15784 (11/PRE-003598)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da necesidade dun plan de seguridade galego, coordinado co estatal, para o Camiño de Santiago

- 15790 (11/PRE-003599)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade de levar a cabo a redacción de novos regulamentos orgánicos para os centros de educación infantil e primaria, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria

- 15801 (11/PRE-003600)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posible convocatoria de folga no sector da limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña

- 15803 (11/PRE-003601)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia relativas á conservación e posta en valor do ben de interese cultural da torre de Teodomiro, no concello de Aranga

- 15814 (11/PRE-003602)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as actuacións do Goberno galego para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido

- 15823 (11/PRE-003603)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 15828 (11/PRE-003604)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do modelo de implantación de enerxía eólica en Galicia

- 15837 (11/PRE-003605)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para evitar o impacto ambiental do desenvolvemento de proxectos eólicos

- 15844 (11/PRE-003606)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia con respecto ás convocatorias de «manifestación de interese» aos fondos *Next Generation*

- 15850 (11/PRE-003607)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre os criterios da Xunta de Galicia respecto dos acordos de xestión da atención primaria

- 15856 (11/PRE-003608)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre as actuacións do Goberno galego respecto dos avances que se fixeron no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros a dominio municipal

- 15872 (11/PRE-003609)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da situación da Formación Profesional no concello de Redondela

- 15880 (11/PRE-003610)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa atención das persoas con trastorno de conducta alimentaria

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 10 de maio de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 15503 - 6921 (11/PRE-000780)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma
Sobre o número de expedientes abertos por infraccións, nos anos 2018 e 2019, á Lei de benestar animal, o número de sancións interpostas, con especificación da contía, e o número de inhabilitacións especiais realizadas

- 15731 - 839 (11/PRE-001011)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre a situación das obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego

- 15730 - 840 (11/PRE-001624)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Candia López, María Elena e 6 máis
Sobre a situación das obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego

- 15729 - 4618 (11/PRE-001690)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis
Sobre a situación do proxecto de mellora da seguridade na estrada Viveiro-Cabreiros, as previsións do Goberno galego referidas ao seu desenvolvemento e as actuacións concretas que se van levar a cabo, así como as melloras executadas na estrada LU-540 nos últimos anos

- 15531 - 8465 (11/PRE-002440)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis
Sobre as razóns para non aplicar na actualidade os descontos que existían no trasporte público para os mozos e as mozas da franxa de idade comprendida entre os 21 e 31 anos beneficiarios do Carné Xove, as actuacións previstas polo Goberno galego para o seu restablecemento e as súas previsións respecto da súa ampliación

- 15795 - 12310 (11/PRE-002926)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa información referida ao estado de vacinación da cidadanía contra a covid-19

- 15794 - 12377 (11/PRE-002965)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación en que se atopa o transporte sanitario non urxente na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña

- 15728 - 12968 (11/PRE-003060)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia no pagamento das subvencións correspondentes ao mantemento das casas niño e as medidas previstas ao respecto

- 15727 - 13190 (11/PRE-003232)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Veiga

- 15726 - 13194 (11/PRE-003236)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beariz

- 15725 - 13198 (11/PRE-003240)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Castrelo de Miño

- 15530 - 13213 (11/PRE-003250)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina
Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello do Barco de Valdeorras

- 15724 - 13368 (11/PRE-003352)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto de dotar o concello de Narón dunha residencia de maiores de titularidade e xestión públicas

- 15723 - 13652 (11/PRE-003394)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a problemática existente no centro de menores Santo Anxo, de Rábade, e a xestión da Consellería de Política Social ao respecto
- 15722 - 13700 (11/PRE-003398)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Rodil Fernández, Olalla
Sobre os datos referidos ás persoas usuarias dunha residencia da terceira idade finadas por covid-19 desde o inicio da pandemia ata o 30 de marzo de 2021

- 15721 - 13715 (11/PRE-003401)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre o número de persoas finadas en residencias de maiores en Galicia durante a pandemia da covid-19 e as razóns do Goberno galego para non publicar os datos desagregados por centros

- 15793 - 13765 (11/PRE-003406)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a composición do Comité Asesor Sociosanitario, os avances existentes en canto ao novo modelo residencial e o investimento adicional necesario para ese fin

- 15792 - 13767 (11/PRE-003407)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación de prazas públicas residenciais para maiores na XI lexislatura, así como do incremento do número delas e da construción ou creación de novas residencias públicas na comarca da Barbanza

- 15791 - 13813 (11/PRE-003411)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co uso de cans de asistencia para promover a autonomía persoal

- 15720 - 13992 (11/PRE-003436)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e 2 máis
Sobre a xestión da Xunta de Galicia en relación coa vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto de alongamento da Vía ártabra e a súa afección á zona húmida da Gándara

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2021
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 3. Administración do Parlamento de Galicia

## 3.1. Recursos humanos

### Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de maio de 2021, polo se aproba a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de maio de 2021, logo de examinar a bases reguladoras do proceso selectivo para ingresar por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e visto o disposto no artigo 39 do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, adoptou o seguinte ACORDO:

1º. Aprobar a convocatoria para a realización de probas selectivas para ingresar por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, e as bases reguladoras do procedemento de selección, nos termos que se indican a continuación.

2º. Publicar as bases reguladoras do proceso selectivo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Comunicar este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA INGRESAR POR PROMOCIÓN INTERNA NO CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Primeira. Normas xerais

O obxecto desta convocatoria é a selección de dúas persoas para ingresar no corpo administrativo do Parlamento de Galicia, mediante promoción interna.

O sistema selectivo será o de concurso-oposición.

Ao proceso selectivo seralle aplicable o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia (DOG núm. 248, do 26 de decembro de 2007), así como o disposto nesta convocatoria.

Incompatibilidades: a praza está sometida ao réxime xeral de incompatibilidades establecido no Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

Segunda. Requisitos das persoas aspirantes

Para seren admitidas á realización das probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Pertencer como funcionario de carreira ao corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D) e ter unha antigüidade nese corpo de, polo menos, dous anos.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

b) Estar en posesión ou en condicións de obter o título de bacharelato ou equivalente, ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de vinte e cinco anos.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase posuír o documento acreditativo da súa homologación.

c) Non exceder da idade de xubilación forzosa.

d) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

Os requisitos establecidos deberán cumprirse no último día de prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento do nomeamento como funcionario ou funcionaria de carreira do corpo a que pertence a praza resultante deste proceso.

Terceira. Solicitudes

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán formular a súa solicitude segundo o modelo que figura no anexo II destas bases, que tamén estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal).

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral do Parlamento de Galicia na rúa do Hórreo nº 63, 15701, Santiago de Compostela, ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes tamén se poderán formular na sede electrónica do Parlamento de Galicia https://sede.parlamentodegalicia.gal .

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia.

O prazo de presentación será de vinte días naturais, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento Galicia.*

3.1. Documentación

a) Modelo de solicitude segundo a anexo II, cuberto.

b) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame ou, na súa falta, de ser o caso, documentación acreditativa de encontrarse nalgunha das situacións a que fai referencia esta convocatoria susceptibles da exención do pagamento.

c) Declaración responsable asinada, segundo o anexo III, dos méritos alegados para a fase de concurso e a documentación acreditativa correspondente, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Declaración responsable asinada, segundo o anexo IV, de non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

A documentación acreditativa dos méritos que se presente en papel deberá estar compulsada.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán validos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

3.2. Dereitos de exame

O importe dos dereitos de exame será de 32,48 euros, que se aboarán mediante transferencia bancaria na conta corrente Abanca ES 50 2080 0388 21 3110000 502, no cal se indicará: <Taxas selección CAPI > e o nome e apelidos e DNI da persoa aspirante.

Ás persoas aspirantes excluídas do proceso selectivo devolveráselles o importe ingresado, sempre que o soliciten no prazo dun mes, contado desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Non obstante, estará exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3. Discapacidades

As persoas interesadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán solicitar, se for necesario e xustificado, posibles adaptacións de tempo e medios especiais para a realización dos exercicios.

De ser o caso, deberán indicalo na súa solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente, e achegar coa solicitude a documentación acreditativa correspondente.

Cuarta. Admisión das persoas aspirantes

Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución na que se declarará aprobada a relación provisional de persoas admitidas e excluídas inicialmente, xunto coa motivación da exclusión, se for o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es .

As persoas aspirantes excluídas inicialmente dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Quen, no prazo sinalado, non repare a causa de exclusión ou alegue a omisión será definitivamente excluído da participación no proceso selectivo.

Ao transcorrer o antedito prazo, a Presidencia ditará unha nova resolución, pola que determine a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa. A estimación ou desestimación das emendas achegadas entenderase implícita nesta resolución definitiva e a súa publicación servirá de notificación a quen presentase alegacións.

Contra esta resolución poderse interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos nestas bases. Cando da documentación que deba presentarse, no caso de superar o proceso selectivo, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, a persoa interesada decaerá en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación neste procedemento.

Quinta. Tribunal cualificador

5.1. Composición

O tribunal cualificador das probas selectivas será designado pola Presidencia da Cámara de acordo coa normativa reguladora da función pública aplicable nesta materia. Non poderá estar composto maioritariamente por persoal do corpo ou escala de que se trate. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á esixida para a admisión ás probas. Na súa composición débese atender aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ás normas de igualdade de mulleres e homes.

A resolución do nomeamento do tribunal publicarase na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es

O tribunal poderá acordar solicitarlle á Oficialía Maior a incorporación de asesores ou asesoras especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide necesario, que se limitarán a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales persoas asesoras deberáselle comunicar á Presidencia do Parlamento de Galicia.

5.2. Abstención e recusación

Os membros do tribunal deberán absterse ou poderán ser recusados por calquera persoa interesada, e particularmente polas persoas aspirantes, cando concorran algúns dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, ou se realizaron tarefas de preparación de aspirantes relativas a procesos selectivos de acceso ao corpo e escala á que co-

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rresponde a praza obxecto desta convocatoria nos cinco anos anteriores ao da publicación. Neste caso, deberanllo comunicar á Presidencia do Parlamento.

Cando se produza esta situación, e consecuentemente a vacante dun membro do tribunal titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto e a Presidencia designará un novo ou nova suplente.

A presidenta ou presidente do tribunal, na sesión de constitución formulará e solicitará dos membros do tribunal unha declaración expresa de non se encontraren incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou na prevista nestas bases.

5.3. Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da maioría dos seus membros e será necesaria, en todo caso, a presenza do presidente ou presidenta e do secretario ou secretaria.

As decisións do tribunal adoptaranse por maioría dos presentes.

Por cada sesión do tribunal levantarase acta, coa sinatura do secretario ou secretaria e o visto e prace do presidente ou presidenta.

Correspóndenlle ao tribunal cualificador as funcións relativas á determinación concreta do contido dos exercicios e a cualificación das persoas aspirantes, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. O tribunal queda facultado para resolver todas as dúbidas que xurdan na interpretación e aplicación das normas contidas nas bases da presente convocatoria, e para determinar a actuación procedente nos casos non previstos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas que permitan que as persoas aspirantes con algunha discapacidade que así o indicasen na solicitude poidan participar nas probas en igualdade de condicións que o resto das persoas participantes.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Será nula de pleno dereito calquera proposta de selección que o contraveña.

Para efectos de comunicacións e posibles incidencias, o tribunal cualificador terá a súa sede no domicilio oficial do Parlamento de Galicia, rúa do Hórreo nº 63, 15701 Santiago de Compostela.

Sexta. Proceso de selección

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

6.1. FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición da proba selectiva constará de dous exercicios obrigatorios e eliminatorios, salvo a excepción sinalada máis adiante para o segundo exercicio. Os temas que rexerán as probas selectivas serán os publicados como anexo I a estas bases.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, na data de publicación do nomeamento do tribunal, estean publicadas oficialmente no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior. As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que fosen derrogadas parcial ou totalmente, nas condicións temporais do parágrafo anterior, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derrogación parcial ou total.

6.1.1. Exercicios

Primeiro exercicio

Constará de dúas partes:

Primeira parte. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas referido ao temario que se inclúe nesta convocatoria. O cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, das cales só unha delas será correcta.

No test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente. Por cada pregunta incorrecta non se descontará puntuación.

O tempo máximo de duración desta proba será dunha hora (1 hora) e valorarase de 0 a 15 puntos.

Segunda parte. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado cos contidos do temario, para o que será requisito o manexo das ferramentas informáticas a que se refiren os temas 23, 24 e 25. Polo tanto, esta segunda proba deberá realizarse nun ordenador que se lle facilitará a cada opositor.

O tempo máximo de duración desta proba será de dúas horas (2 horas) e valorarase de 0 a 15 puntos.

Valorarase a correcta utilización das ferramentas informáticas, a maquetación do documento, a ortografía, orde e claridade da linguaxe administrativa e o axuste do seu contido ao tipo de documento de que se trate.

O tribunal poderá determinar a realización das dúas probas na mesma sesión, sen prexuízo de que poida dispoñer a realización dunha pequena pausa entre unha e outra proba.

A puntuación mínima para superar este primeiro exercicio será de 15 puntos

Segundo exercicio. Só para as persoas aspirantes que superen o primeiro exercicio.

Consistirá na realización de dúas traducións, unha do castelán para o galego e outra do galego para o castelán, durante o prazo máximo dunha hora (1 hora).

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o curso Celga 4 ou de perfeccionamento de galego

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Os documentos que xustifiquen a exención (orixinais ou fotocopias compulsadas ou documentos verificables electronicamente), de non constaren en poder da Administración parlamentaria, deberán ser presentados polas persoas aspirantes que superen o primeiro exercicio no prazo máximo de 3 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación das cualificacións.

Coa convocatoria para a realización deste exercicio publicarase unha listaxe das persoas que están obrigadas a facelo. A non aceptación da solicitude de exención entenderase implícita na inclusión nesta listaxe e a súa publicación servirá de notificación a quen teña solicitada a exención.

6.1.2. Desenvolvemento dos exercicios

O primeiro exercicio deberá realizarse no prazo máximo de corenta (40) días hábiles contados desde o día seguinte ao da constitución do tribunal.

Entre a realización dun exercicio e o seguinte deberán transcorrer un mínimo de 5 días hábiles.

A convocatoria para a realización dos sucesivos exercicios será efectuada polo tribunal, e publicarase na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es, polo menos corenta e oito horas (48 horas) antes da data e hora sinaladas para o seu inicio.

As persoas aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio, provistos do documento nacional de identificación ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán levar bolígrafo azul ou negro.

As persoas aspirantes serán convocadas para a realización de cada exercicio nun único chamamento, e será excluído da oposición quen non compareza.

Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas colaboradoras designadas por este, se for o caso.

Os exercicios distribuiranse en galego. Porén, tamén se lles distribuirán en castelán ás persoas aspirantes que así o soliciten.

En calquera momento, as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditaren a súa identidade.

Se nalgún momento do proceso selectivo o tribunal ten coñecemento de que algún ou algunha aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, deberá acordar proceder á súa exclusión.

Os exercicios realizados non levarán ningunha marca ou sinal que permita identificar o seu autor ou autora. O tribunal adoptará todas as medidas que estime necesarias para garantir o anonimato na corrección dos exercicios.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Queda totalmente prohibida a utilización de reloxos intelixentes durante os exercicios. Este tipo de dispositivos, do mesmo xeito que os teléfonos móbiles, deberán permanecer apagados e gardados ou depositarse no chan durante todo o desenvolvemento das probas.

As persoas participantes poden presentar, nos tres días hábiles seguintes á realización de cada exercicio, as reclamacións que estimen oportunas referidas ás preguntas e ao seu contido.

Se o tribunal, de oficio ou con base nalgunha reclamación, anular algunha das preguntas do cuestionario tipo test, substituiranse por orde polas de reserva incluídas no mesmo cuestionario. Esta decisión publicarase xuntamente coas cualificacións do exercicio.

Ao remate das probas que consistan na contestación dun cuestionario, cada persoa aspirante poderá anotar e levar a relación das súas respostas.

6.1.3. Cualificacións

No prazo das vinte e catro horas seguintes á realización de cada exercicio tipo test publicarase o seu contido e as respostas correctas na páxina web corporativa.

As cualificacións dos exercicios publicarase na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da Administración parlamentaria.

A cualificación total do primeiro exercicio será o resultado da suma das puntuacións da primeira e da segunda parte. Para poder superar este primeiro exercicio e poder realizar o segundo, será necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos.

O segundo exercicio cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, sen prexuízo das excepcións establecidas no apartado 6.1.1.

Só superarán a fase de oposición as persoas aspirantes que superen o primeiro exercicio e acaden a cualificación de apto no segundo.

A cualificación acadada na fase de oposición será a puntuación total do primeiro exercicio, que se sumará á puntuación da fase de concurso.

Unha vez rematada a corrección dos dous exercicios, a puntuación da fase de oposición publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.es. Concederase, a partir dese momento, un prazo de dez días para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas ante o tribunal.

6.2. FASE DE CONCURSO

6.2.1. Acreditacións

A documentación acreditativa dos méritos alegados deberase referir á data de publicación da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Os méritos a que se refire o apartado 3.1.b) da base terceira, de non constaren en poder da Administración parlamentaria, acreditaranse coa seguinte documentación:

— O servizos prestados noutras administracións públicas, así como os dereitos de conciliación exercidos nese período, mediante certificación da unidade de persoal do organismo correspondente. Xunto co certificado achegarase a documentación acreditativa debidamente compulsada dos méritos nel reflectidos, ente a cal se atopará o nomeamento como persoal funcionario, como interino ou como contratado administrativo, ou o contrato laboral.

— Os cursos de formación, mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do documento acreditativo de telo realizado e onde debe figurar o número de horas de duración do curso.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido neste punto, ou as que, en calquera caso, non xunten a documentación acreditativa dos méritos reflectidos na certificación.

No caso de presentación por sede electrónica, observarase o disposto no parágrafo final do apartado 3.1 da base terceira.

6.2.2. Valoración de méritos

A puntuación máxima da fase de concurso será de 20 puntos.

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar a fase da oposición.

A fase de concurso consistirá en valorarlles ás persoas aspirantes que superen a fase de oposición os seguintes méritos:

a) Antigüidade e experiencia profesional, ata un máximo de 6 puntos:

a.1: por servizos prestados como funcionario de carreira no extinto grupo E ou no actual grupo D, do Parlamento de Galicia, 0,020 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos e familiares.

a.2: por servizos prestados como funcionario de carreira nos distintos corpos doutras administracións públicas nos grupos a que fai referencia o número anterior: 0,010 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia por coidado de fillos e familiares.

b) Postos similares, ata un máximo de 3 puntos

Polo traballo desenvolvido na Administración pública en anteriores postos, en materias relacionadas co posto ao que se opta, 0,050 puntos/mes.

c) Grao persoal consolidado, ata un máximo de 2 puntos:

— Nivel 16: 1 punto
— Nivel 17: 2 puntos

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

d) Exercicio de dereitos de conciliación, ata un máximo de 1 punto:

Contabilizarase a conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

— Permiso por parto, adopción ou acollida (artigos 121 e 122 da LEPG): 0,20 puntos.

— Permiso do outro proxenitor por parto, adopción ou acollida (art.124 da LEPG): 0,20 puntos

— Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,04 puntos/mes.

— Excedencia para coidado de fillos/as e familiares (artigo 176 da LEPG): 0,04 puntos/mes.

Os meses computaranse por dias naturais (30 días)

e) Formación, ata un máximo de 8 puntos:

Pola realización de cursos de formación impartidos por instancia da Administración parlamentaria, impartidos por outras administracións públicas, escolas oficiais de formación das comunidades autónomas e universidades, ou por outras entidades, sempre que, neste último caso, os cursos conten cunha homologación oficial.

Para estes efectos valoraranse os cursos realizados sobre procedemento administrativo, catalogación bibliográfica, selección e xestión da información, arquivo, atención ao cidadán, seguranza e saúde laboral, contratación administrativa, xestión administrativa, persoal, igualdade, dereito sancionador, responsabilidade patrimonial, linguaxe administrativa, informática, idiomas oficiais da Unión Europea, e calquera outra materia relacionada coas funcións propias deste tipo de postos de traballo.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

— Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,50 puntos por curso.

— Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 1,00 punto por curso

— Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas: 1,5 puntos por curso.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, nin os cursos inferiores a 12 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

6.2.3. Publicación das puntuacións

As puntuacións obtidas na fase de concurso faranse públicas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, na páxina web corporativa www.parlamentodegalicia.gal e no taboleiro de anuncios do Parlamento de Galicia, con posterioridade á publicación das cualificacións do último exercicio da fase de oposición.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar ante o tribunal as alegacións que coiden oportunas respecto da puntuación outorgada na fase de concurso.

Sétima. Listaxe de cualificacións finais

7.1. Rematadas as probas, o tribunal emitirá unha resolución cos resultados obtidos por cada persoa aspirante nas fases de concurso e de oposición e a suma total de puntos, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web corporativa.

Contra esta resolución, as persoas aspirantes poderán presentar alegacións, que non terán o carácter de recurso, ante o tribunal cualificador no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web do Parlamento. As alegacións serán resoltas na proposta definitiva das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.

A orde de prelación das persoas aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, resolverase a favor da persoa que obtivese a puntuación máis alta na segunda parte do primeiro exercicio. De continuar o empate, resolverase acudindo á puntuación obtida na primeira parte do primeiro exercicio e se continúa, acudirase á puntuación acadada na fase de concurso. Se persiste o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido comezando pola letra P, de conformidade co sorteo realizado e publicado na web corporativa.

Transcorridos os dez días do prazo referido, e, de ser o caso, resoltas as alegación presentadas, o tribunal fará publico, nos mesmo lugares previstos no punto anterior, a proposta definitiva das persoas seleccionadas coas cualificacións obtidas en cada unha das fases do proceso selectivo, e elevaralle á Mesa do Parlamento unha proposta en favor das persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación para o seu nomeamento como funcionarios de carreira do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

7.2. A Mesa do Parlamento adoptará o acordo de finalización do proceso selectivo e de aprobación do seu resultado, co ingreso das persoas propostas no corpo administrativo do Parlamento de Galicia. Este acordo publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa e notificaráselles ás persoas seleccionadas.

Oitava. Presentación de documentos

As persoas seleccionadas deberán presentar ante a Presidencia do Parlamento, sempre que non conste en poder da Administración parlamentaria, no prazo de vinte días naturais desde que se faga público o acordo de aprobación pola Mesa do Parlamento de Galicia, a seguinte documentación:

— Copia cotexada do título exixido ou a certificación de ter aprobadas as probas referidas na base segunda, apartado b), ou da certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para a súa obtención, sempre que non consten en poder da Administración parlamentaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán presentar credencial da súa validación ou homologación.

Se dentro do prazo fixado, e agás os casos de forza maior libremente apreciados polo letrado oficial maior, non presenta a documentación ou se, despois de examinada, se deduce que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, aquela non poderá ser promovida e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incorrer por falsidade na solicitude inicial.

Novena. Nomeamento

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, as persoas seleccionadas serán nomeadas por resolución da Presidencia como persoal funcionario do corpo administrativo do Parlamento de Galicia. Este nomeamento notificaráselles ás persoas interesadas e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na web corporativa www.parlamentodegalicia.gal.

O funcionario ou funcionaria deberá tomar posesión, ante a Presidencia do Parlamento, do posto que se lle asigne dentro do prazo dun mes desde a notificación do nomeamento.

A falta de toma de posesión dentro do prazo, imputable á persoa interesada, producirá o decaemento do seu dereito a ocupar a praza obxecto deste proceso selectivo

Décimo. Cláusula derradeira

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo I

**Temario do corpo administrativo do Parlamento de Galicia**

1. O Regulamento do Parlamento de Galicia: natureza e estrutura.
2. Os órganos parlamentarios: a Presidencia, a Mesa, as comisións, as ponencias, o Pleno, a Deputación Permanente e a Xunta de voceiros. Os grupos parlamentarios. A xestión administrativa da súa actividade.
3. O funcionamento do Parlamento: a orde do día, as sesións e os debates.
4. O procedemento lexislativo ordinario. Os proxectos e as proposicións de lei. A súa tramitación administrativa. Os procedementos lexislativos especiais. A súa tramitación administrativa.
5. Os diversos procedementos parlamentarios: a investidura, a moción de censura e a cuestión de confianza.
6. As interpelacións e as preguntas. As proposicións non de lei e as mocións. A súa xestión administrativa.
7. Os debates xerais, as comparecencias e as sesións informativas.
8. A lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de lei: decretos lei e decretos lexislativos.
9. O regulamento: clases. Fundamento e límites da potestade regulamentaria.
10. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto administrativo. Suxeito, obxecto, causa, fin e forma. Eficacia. Executividade e suspensión. Nulidade e anulabilidade. Revogación e revisión de oficio.
11. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas.
12. Iniciación, ordenación, instrución e finalización do procedemento administrativo.
13. Os recursos administrativos: concepto e clases. Requisitos xerais. Materias impugnables, lexitimación e órganos competentes. Recurso de alzada, de reposición e de revisión.
14. A contratación administrativa na Administración parlamentaria. Elementos e clases dos contratos. Formas de adxudicación.
15. Efectos, cumprimento e extinción dos contratos administrativos.
16. Autonomía administrativa do Parlamento. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia.
17. O persoal ao servizo da Administración parlamentaria. Clases de persoal. Os sistemas de acceso e provisión. Dereitos e deberes. O réxime disciplinario.
18. As situacións administrativas e o réxime de incompatibilidades do persoal da Administración parlamentaria. Extinción da relación funcionarial.
19. A normativa autonómica do traballo en igualdade en Galicia.
20. O sistema retributivo do persoal da Administración parlamentaria. Nóminas: estrutura e normas de confección. Altas e baixas.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

21. O procedemento financeiro da execución do orzamento de gasto. Órganos competentes. Fases do procedemento.
22. A biblioteca do Parlamento. A documentación parlamentaria. Red-Parlamenta.
23. Coñecemento e práctica das ferramentas ofimáticas Word e Excel.
24. Coñecemento e práctica da ferramenta ofimática Outlook.
25. Coñecemento e práctica da ferramenta ofimática Adobe.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# Anexo II

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS

| **DATOS DA PERSOA SOLICITANTE** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF | |
| | | | | |
| NOME DA VÍA | NUM | ANDAR | PORTA | |
| | | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE | |
| | | | | |
| TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO | | | |
| | | | | |

| **E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) | | | |
|---|---|---|---|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| | | | |

**DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Medio de notificación preferente

- ☐ **Electrónica** a través do enderezo da Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada
- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

| NOME DA VÍA | NUM | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|
| | | | |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
| | | | |

**OBXECTO DA SOLICITUDE:**
**Participación na convocatoria PROCESO SELECTIVO:**

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

- ☐ Fotocopia do DNI
- ☐ Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel exixido
- ☐ Xustificante de ter aboados os dereitos de exame
- ☐ Acreditación do grao de discapacidade superior ao 33 % polo que solicita adaptacións indicadas en observacións
- ☐ Declaracións segundo modelos anexos que figuran nas bases
- ☐ Outros

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**OBSERVACIÓNS:**

☐ A persoa solicitante ou representante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos

O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos, que serán incorporados ao rexistro da actividade de tratamento denominada "Procesos selectivos", cuxa **finalidade** é a xestión de selección de persoal**, lexitimada** polo cumprimento de obrigas legais. **Destinatarios:** non está prevista a cesión de datos. **Dereitos:** as persoas solicitantes poderán exercer os seus dereitos, previstos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento xeral de protección de datos, a través da páxina Web: http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos na que dispoñen de **información adicional.**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Bases convocatoria procesos selectivos
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público
Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | , | | de | | de | |

**Presidencia do Parlamento de Galicia**



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo III

**Declaración responsable dos méritos que se alegan para participar no proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia**

D./Dª……………………...……………………....…………………………………….................................

aspirante a participar no proceso selectivo para a cobertura dunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, que ocupa o posto de ........................ do corpo auxiliar nesta Administración.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que os méritos que se relacionan son correctos e certos e que están xustificados documentalmente nas acreditacións que se achegan, ou ben xa constan no poder da Administración parlamentaria.

a) Antigüidade

a.1. Servizos prestados como funcionario de carreira do Parlamento de Galicia no extinto grupo E ou no actual grupo D (para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos e familiares)

Posto: ..........................................................................................Grupo: ..........Tempo: …..…meses.

Posto: ..........................................................................................Grupo: ..........Tempo: …..…meses.

a.2. Servizos prestados como funcionario de carreira nos distintos corpos doutras administracións públicas nos grupos a que fai referencia o apartado anterior

Administración pública de :.........................................................................................................

Posto: ..........................................................................................Grupo: ..........Tempo: …..…meses.

Administración pública de :.........................................................................................................

Posto: ..........................................................................................Grupo: ..........Tempo: …..…meses.

b) Traballo desenvolvido na Administración pública en anteriores postos, en materias relacionadas co posto ao que se opta

Administración pública de :..........................................................................................................

Posto: ..........................................................................................Grupo: ..........Tempo: …....…meses.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

c) Grao persoal consolidado: ..........

d) Conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

Os meses computaranse por dias naturais (30 días)

d.1. Tempo de permiso por parto, adopción ou acollida............................................................meses
d.2. Tempo de permiso do outro proxenitor por parto, adopción ou acollida.............................meses
d.3. Tempo de redución de xornada ...:..........................................................................................meses
(artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia
d.4. Tempo de excedencia para coidado de fillos/as e familiares:.............................................meses
(artigo 176 da LEPG).

e. Formación

| Denominación do curso | Entidade que o imparte | Ano de realización | Horas de duración |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Santiago de Compostela, ......de.........................de 2021

(Sinatura)

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Anexo IV

**Declaración responsable**

D./Dª…………………....……………………......……………………….............................................con DNI …………....................

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que non foi separado/a do servizo de ningunha administración pública mediante expediente disciplinario nin está inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas

Asina esta declaración para os efectos de participar no proceso selectivo para ingresar por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, ......de.........................de 2021

(Sinatura)



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 4. Informacións e correccións de erros

## 4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 138, fascículo 3, do 12 de maio de 2021, da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia

Advertido un erro na publicación da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia (BOPG núm. 138, fasc. 3, do 12 de maio de 2021), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na versión en lingua galega, na páxina 54682, na alínea a) do número 1 do artigo 36, onde di: «...ambos os dous casos nos termos previstos polo artigo 45 desta lei,...», debe dicir: «...ambos os dous casos nos termos previstos polo artigo 46 desta lei,...».

Na versión en lingua castelá, na páxina 54832, na alínea a) do número 1 do artigo 36, onde di: «...ambos casos en los términos previstos por el artículo 45 de esta ley,...», debe dicir: «...ambos casos en los términos previstos por el artículo 46 de esta ley,...».

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2021
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15591
Data envío: 29/04/2021 19:10:41.798

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Mª Carme González Iglesias** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao plan específico para a hostalaría e actividades características e relacionadas co turismo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia provocou unha crise sen precedentes no conxunto da economía galega, pero non afectou a todos por igual. Un dos sectores máis golpeados foi, sen dúbida, o do Turismo.

Dentro das actividades características do Turismo inclúense diferentes ramas de actividade, como a restauración (servizos de comidas e bebidas) e hostalaría, actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos. E aínda que por CNAE non se encadran dentro do Turismo, pola súaa especial vinculación á actividade turística e relación coa restauración e hostalaría, xunto a esas ramas de actividade debe incluírse a aquelas empresas cunha casuística moi concreta, como son as adicadas a prestar servizos para festas e verbenas. Empresas que van de cantineiros, polbeiras ou pirotecnias, a empresas de electricidade e de aluguer de xeradores ou carpas, que teñen en común a temporalidade da súa actividade e que esa actividade de festas e verbenas supón para elas o 80% da súa facturación anual.

Se facemos un balance da actividade de todas estas empresas ao longo do ano pasado, aquel vén condicionado pola Covid-19. Os números anuais de todas estas



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15591
Data envio: 29/04/2021 19:10:41.798

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresas veñen marcados polas decisións administrativas e sanitarias que afectaron ao desenvolvemento habitual e normal da actividade.

O balance anual deste sector amosa ben ás claras o forte descenso da actividade con carácter xeral, que levou aos diferentes axentes que se moven e viven do turismo a unha situación extrema, na que as medidas articuladas polo goberno central e sobre todo pola Xunta, con competencia neste eido, chegaron en moitos casos tarde e foron, con carácter xeral, insuficientes.

E así o demostran os datos que se extraen da Enquisa de Poboación Activa (EPA) relativa ao cuarto trimestre do 2020.

No cuarto trimestre do ano 2020, as actividades características do turismo en Galicia recolleron 127.419 persoas en activo, un -7,0% menos que no mesmo período do ano 2019. Os ocupados no sector turístico foron 105.037 persoas, cifra menor á do ano anterior, ao reducirse un -12,3%. Os desempregados en turismo foron 22.382 persoas, o que significa unha taxa de desemprego sectorial do 17,6%, cun incremento anual de 5,1 puntos respecto ó 12,5% rexistrado no cuarto trimestre de 2019.

Os asalariados en turismo reducíronse un -13,9% neste cuarto trimestre de 2020 respecto ao mesmo período do ano anterior, e os autónomos reducíronse un -7,5%, deixando a variación anual da ocupación en turismo no -12,3%.

No cuarto trimestre do 2020, respecto ao mesmo trimestre do ano pasado, o número de ocupados nas diferentes ramas do sector turístico reducíronse dun xeito importante.

Se estes números amosaban a tendencia absolutamente negativa do sector atendendo ao balance anual, os datos de afiliación do mes de xaneiro deste ano en actividades relacionadas co turismo, eran desalentadores e confirmaban esa tendencia.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15591
Data envio: 29/04/2021 19:10:41.798

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Continuaba a tendencia negativa, ao darse unha variación de - 3,8 % (- 5,2 % para o réxime xeral e - 0,9 % para o réxime de autónomos), o que supoñía un descenso total de 2.491 afiliacións en actividades turísticas.

En canto á variación anual, respecto do mes de xaneiro de 2020 tivo lugar un descenso no total de afiliacións de 11.814 respecto do ano anterior, o que representa unha variación anual dun -15,7 %. A variación repartiuse entre o réxime xeral, cun descenso de 11.219 afiliacións (variación anual dun -21,2 %) e dun descenso 595 afiliacións en autónomos (variación anual dun -2,6 %). Por sectores, o descenso de afiliacións tamén era xeneralizado. Dábase un descenso importante de afiliacións nos servizos de aloxamento, servizos de comidas e bebidas, axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes.

Aínda que en marzo houbo un descenso do desemprego no sector Servizos, hai que analizalo con cautela polo seu carácter estacional, que coincidiu coa Semana Santa. O que permitiu que se repetira a tendencia de todos os anos malia o atípica que é a situación.

Porén, a Semana Santa, con carácter xeral, non cubriu as expectativas do sector, que acadou escasamente unha ocupación do 40%. E naquelas concretas zonas onde os números de ocupación foron mellores, relativízanse polo sector atendendo ás restricións de aforo establecidas.

E os últimos datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) amosan uns datos de paro moi preocupantes, nos que o descenso da ocupación no primeiro trimestre do ano en termos absolutos afecta sobre todo ao sector Servizos, que perde 5.600 empregos.

O sector turístico en xeral mira cara o verán con recelo, ante as lóxicas dúbidas de que o ritmo de vacinación sexa o suficientemente alto como para ofrecer confianza



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15591
Data envio: 29/04/2021 19:10:41.798

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao visitante; e sobre todo, dubidan que se dean as condicións para restablecer a mobilidade, atendendo á incerteza da evolución da pandemia, tanto no contexto internacional, coma dentro do Estado Español.

O sector do Turismo en xeral, e da hostalaría en particular, despois dun ano de pandemia atópase nunha situación de profunda crise, que pode ter un efecto negativo na economía galega, se non adoptan medidas contundentes e acaídas ás necesidades perentorias do sector.

O malestar é palpábel, pola pouca intensidade das axudas, pero tamén pola falta de diálogo que unha parte importante do sector lle achaca á Xunta de Galiza. Parte do sector que non se sinte plenamente representada polos interlocutores do sector cos que o goberno galego se reúne, e que pide ser escoitada.

Así as cousas, á espera que dende o Estado cheguen as axudas comprometidas no plan de rescate empresarial anunciado en marzo, parece imprescindíbel que dende a Xunta de Galiza se aborde xa a problemática do sector turístico, no seu conxunto, en profundidade; cunha análise abondosa pero precisa. E para acadalo devén ineludíbel escoitar a todo o sector, que é amplo e diverso.

Parece imprescindíbel implementar un auténtico plan específico dirixido a todas aquelas empresas que desenvolven actividades características do Turismo e ás que nos referimos ao principio da presente iniciativa. Un Plan con diferentes liñas e programas para non deixar a ninguén do sector fóra. Un plan ambicioso, cun horizonte temporal a medio prazo, que contería axudas directas pero, sobre todo, medidas tributarias que en moitos caso serán competencia do Estado Español.

Para que sexa realmente efectivo, ese plan debe ser consensuado cos representantes habituais do sector nas reunións mantidas co goberno galego, pero tamén



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con outros representantes do sector, suficientemente representativos, ben por aglutinar a un número moi considerable de empresas e negocios do sector ou ben porque, sendo menos, representan a unha parte cunhas especificidades propias.

Un plan específico que deberá ser liderado polo goberno galego, pero que conteña medidas consensuadas nunha mesa de traballo na que deben estar administracións locais, economistas independentes do consello galego de economistas e as universidades galegas, e unha representación ampla e plural do sector, que inclúa a asociacións con casuística concreta (ben por territorio ou por actividade) e asociacións con certo grao de representatividade dentro do sector por número de integrantes.

Todo isto permitiría que o goberno galego adoptase medidas propias realmente efectivas, inmediatas e a medio prazo, así como reclamar do goberno español aquelas que sexan de competencia estatal. Para permitir ao sector saír da difícil situación na que se atopa.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto a Xunta de Galiza constituír unha mesa técnica de traballo na que estean presentes a propia Xunta de Galiza, Administracións Locais, unha representación ampla e plural das diferentes ramas de actividade do sector turístico indicadas no corpo da presente iniciativa, así como economistas pertencentes ao Consello Galego de Economistas e as universidades galegas, co obxectivo de consensuar actuacións económico-sociais cara o sector?

Ten previsto a Xunta de Galiza implementar un Plan Específico de Rescate dirixido a todas aquelas empresas que integran as diferentes ramas de actividade do sector turístico indicadas no corpo da iniciativa , que conteña medidas económico-



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sociais específicas para o sector, que se reclamarían do goberno español cando sexan de competencia estatal?

Considera a Xunta de Galiza que se está reunir até o de agora cunha representación ampla e plural do sector?

Ten previsto reunirse o goberno galego coas diferentes asociacións do sector que llo solicitaron formalmente, nomeadamente a Plataforma Defensa da Hostalaría Galega e a Asociación Servizos de Festas de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
**Mª Carme González Iglesias**
**Daniel Pérez López**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 29/04/2021 18:52:17**

**María do Carme González Iglesias na data 29/04/2021 18:52:27**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15591
Data envío: 29/04/2021 19:10:41.798

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Pérez López na data 29/04/2021 18:52:35**



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:42:50
Nº Rexistro: 15600
Data envío: 30/04/2021 09:42:50.745

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Consorcio do Casco Vello é propietario de diferentes locais sitos na zona alta do Casco Vello que, na súa maioría, non teñen actividade dende fai tempo. Este Consorcio encargou un estudo para poder externalizar a xestión dos locais comerciais ou oficinas da súa titularidade antes as dificultades de poder optimizar estes espazos e xerar actividade no Casco Vello. Adicionalmente, a experiencia recente amosa dúas realidades que fan preciso un cambio na actual xestión destes locais, por un lado a falta de consolidación das actividades implantadas nestes locais cando se reduce ou elimina a bonificación os alugueres e por outra banda a escasa capacidade de adaptación das concesións do Consorcio do Casco Vello ante a situacións excepcionais como esta pandemia.

Esta situación de desocupación de locais no Casco Vello Alto está a contribuír a falta de actividade e mobilidade na rúa, a desvalorización do potencial turístico e o atractivo do Casco Vello o tempo que suporá un custe adicional para o Consorcio ó ter que garantir a conservación e mantemento duns inmobles que non teñen ningún retorno social positivo.

O Concello de Vigo pretende modificar esta situación e converter estes locais nun polo de xeración de actividade, iniciativa e divulgación de Vigo. Unha cidade cun importante tecido asociativo e cultural que é preciso visualizar no casco histórico da cidade. Un centro urbano que cada ano é visitado por milleiros de turistas para os que queremos que o paseo polo Casco Vello Alto sexa unha oportunidade para coñecer o noso patrimonio cultural e para dar a coñecer a rica actividade creativa e cultural da cidade.

O Concello de Vigo quere reactivar catorce locais baleiros no Casco Vello, espazos rehabilitados polo Consorcio para que poidan ser utilizados para uso da cidadanía, xa que non puideron atopar inquilinos.

Unha parte do uso sería comercial, para estudos e oficinas, a outra cultural, actividades cívicas, asociacións, espazos de exposición e difusión artística,

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

actividades que centralizan actividades relacionadas co turismo ou para o tecido asociativo

O obxectivo do Goberno municipal é que nestes espazos haxa actividade compatible co uso residencial, cos fogares e familias que residan na zona.

O Concello de Vigo demanda dous locais na rúa Abeleira Menéndez, outros tantos en Cruz Verde, catro en Ferrería, tres en San Sebastián, dous na rúa Santiago e un en Subida a Costa. A finalidade desta proposta é dinamizar o Casco Vello da cidade de Vigo.

O 18 de marzo deste ano celebrouse o Consello do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Neste Consello desde a Xunta de Galicia denegouse a inclusión na orde do día da solicitude de alugueiro de quince locais desocupados (1.034 metros cadrados) por un período de 10 anos por parte do Consello de Vigo, co fin de promover o Casco Vello, difundir a riqueza cultural e patrimonial da cidade e favorecer o emprendemento e a actividade asociativa.

A proposta do Goberno municipal de Vigo inclúe o pago de 30.000 euros anuais ao Consorcio por estes alugueiros e a conservación e mantemento das propiedades.

Coa negativa da Xunta de Galicia a incluír na orde do día esta proposta do Goberno municipal de Vigo o que fixo o Goberno autonómico é contribuír ao deterioro do Casco Vello desta cidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Vai aceptar a Xunta de Galicia a solicitude feita polo Concello de Vigo ó Consorcio ó Casco Vello para alugar catorce locais desocupados por un período de 10 anos?

Pazo do Parlamento, 29 de abril do 2021

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 09:42:50
Nº Rexistro: 15600
Data envio: 30/04/2021 09:42:50.745

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 30/04/2021 09:38:57**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 30/04/2021 09:39:03**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/04/2021 09:39:13**

**Patricia Otero Rodríguez na data 30/04/2021 09:39:24**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou no ano 2011 a tramitación dun proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra, e o dragado do río Lérez, nun treito de 4-5 quilómetros entre o club naval e os Praceres, no que estaba previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 9 anos de tramitación, este proxecto converteuse máis nunha promesa electoral do señor Feijóo cada 4 anos, que nunha realidade.

Este abandono da nosa ría, está a provocar graves consecuencias para o sector do mar xa que impide a rexeneración e a recuperación dos bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente ao sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

Así como tamén a navegación deportiva e a actividade do Náutico debido a colmatación na desembocadura e na canle de navegación do río e do porto deportivo.

A pesar deste prexuízo para a cidade de Pontevedra, e de ser prometido en numerosas ocasións polo presidente da Xunta de Galicia, tras 11 anos de espera, os fondos mariños do noso río seguen a acumular sedimentos ata o punto de poder case cruzalo a pé, cando está a marea baixa.

Portos de Galicia ata fai uns días seguía a xustificar este retraso na complexidade da tramitación administrativa.

Pero esta semana aproveitou un informe relativo á acumulación de sedimentos procedentes do dragado do porto de carril, para botar a culpa de súa ineptitude ao Goberno de España, manipulando o contido do informe emitido polo MITECO.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 12:51:07
Nº Rexistro: 15611
Data envío: 30/04/2021 12:51:07.495

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Entende o Goberno galego a urxencia do dragado do río Lérez?
2. Como xustifica a Xunta de Galicia tantos anos de retraso?
3. Ten previsto no ano 2021 iniciar o proxecto de dragado do fondo da ría de Pontevedra, cun proxecto que sexa compatible co medio ambiente?
4. Por que non formulou nestes últimos anos unha alternativa ao depósito dos materiais procedentes do dragado?
5. Ten previsto nesta ano 2021, elaborar unha proposta sustentable para o depósito dos materiais procedentes do río Lérez, en cumprimento da normativa vixente e ás directrices medioambientais existentes?

Pazo do Parlamento, 30 de abril do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 30/04/2021 12:47:49**

**Pablo Arangüena Fernández na data 30/04/2021 12:47:56**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/04/2021 12:48:06**

**Patricia Otero Rodríguez na data 30/04/2021 12:48:16**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 16:50:49
Nº Rexistro: 15622
Data envio: 30/04/2021 16:50:49.776

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz, María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cursos de aptitude empresarial agraria, encadrados dentro da formación esixible no Plan de formación contínua da Consellería do Medio Rural, é o método máis habitual para a acreditación da capacitación agraria, sendo esta unha condición necesaria para a cualificación dunha explotación como prioritaria ou como requisito indispensable para o acceso ás axudas de incorporación de mozas e mozos á actividade agraria (medida 6.1 PDR) e tamén para as axudas para o apoio as inversións nas explotacións agrícolas que son os chamados "plans de mellora" (medida 4.1 PDR), é requisito indispensable para que as novas incorporación á actividade agraria poidan aspirar á percepción de axudas da PAC.

As políticas relativas aos modelos e sistemas para impartir esta especialidade de formación foron mudando ao longo do tempo, aparentemente dun xeito errático.

Pasou de ser pública e impartida de forma presencial nos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal a ser impartida nun único centro, o CFEA de Monforte de Lemos e de xeito semipresencial, pasando por ser e telemática.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 16:50:49
Nº Rexistro: 15622
Data envio: 30/04/2021 16:50:49.776

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contempla o alumnado, agora mesmo, tres problemas importantes, un deles o feito de centralizala na cidade de Monforte na CFEA.... o cal causa trastorno á hora de vir de calquera punta da Galiza atender á clase presencial e facer o exame final de cada módulo.

Outro problema atópase no mesmo deseño dos módulos formativos que non están orientados á multiplicidade e emprendemento agropecuario existente. E por último a formación telemática, se queremos que as novas incorporacións sexan reais e con perspectiva de futuro non chega un pdf na pantalla dun ordenador... precisaríase doutro tipo de ensinanza presencial e cunha importante carga práctica, cousa que entendemos que este sistema formativo non logra.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai a Xunta de Galiza ter en consideración a revisión do actual plan de formación continuada impartido na CFEA de Monforte para facelo útil para establecer e afortalar o vínculo do emprendemento da xuventude de cara ao sector agropecuario e polo tanto modificalo para facelo dinámico, adaptable ás necesidades, con capacidade para xerar proxectos emprendedores que duren no tempo?

. Ten a Xunta de Galiza avaliado o seu deseño da formación continuada de modo que se comprobe que sexa axeitada para mellora do nivel de coñecementos en tódolos ámbitos agropecuarios?

. Prantexouse nalgún momento retornar a formación tendo en conta a proximidade dos centros ao estudantado como un valor positivo?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2021 16:50:49
Nº Rexistro: 15622
Data envio: 30/04/2021 16:50:49.776

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Prantexouse a posibilidade de adecuar mellor os contidos lectivos ás necesidades de emprendemento?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
**María González Albert**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/04/2021 16:47:21**

**María González Albert  na data 30/04/2021 16:47:25**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 30/04/2021 16:47:34**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15625
Data envío: 30/04/2021 22:08:26.091

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Isaura Abelairas Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na comisión parlamentaria de control á CRTVG foron xa nesta lexislatura varias as veces que se trataron cuestións relacionadas co mal tratamento da violencia de xénero na TVG. A resposta do director xeral foi sempre, logo de pedir desculpas, apelar ás múltiples accións levadas a cabo pola cadea a prol da igualdade, "de carácter estrutural", e ao tratamento máis que correcto das cuestións relacionadas coa violencia de xénero.

Esta mesma mañá volvemos escoitarlle ao director xeral nesa comisión de control reafirmarse sobre esta cuestión, e este grupo parlamentario non pode mostrar máis estupor diante do que coñecemos hoxe e que demostra que o de Land Rober non foi un erro senón algo producido pola inexistencia de control sobre os contidos da TVG.

No programa número 280 do 'Quen anda aí?' da TVG do pasado 28 de abril tivo lugar un faladoiro na que participaban os co presentadores Roberto Vilar e Rodrigo Vázquez, o xuíz Vázquez Taín, o colaborador Octavio Villazala e a presentadora Iolanda Vázquez.

Arredor do minuto 43 comezan a debater sobre a serie documental dunha cadea privada estatal na que Rocío Carrasco narra os supostos episodios de violencia de xénero que sufriu pola súa ex parella. Este grupo parlamentario non quere entrar a valorar o contido da serie en cuestión nin a veracidade dos feitos narrados, pero si pór en valor como esa produción está a axudar a entender á sociedade a violencia vicaria que moitas mulleres soportan cando rematan as súas relacións de parella e que precisamente vai ser obxecto de debate proximamente neste Parlamento.

Diante desta cuestión, unha das formas máis atroces de violencia machista, o que menos agardabamos nun debate dunha canle pública de televisión era o tratamento frívolo ao que asistimos cara á violencia machista, cara ás mulleres vítimas dela e mesmo cara a todas as mulleres.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

En concreto, trataban o tema da conveniencia de facer pública unha sentenza de violencia doméstica contra unha menor, pero o que debía ser un debate acerca dunha cuestión meramente xurídica converteuse nun espazo no que entre algunha risa e gargallada se trataron máis cuestións de fondo.

No transcurso do debate escoitáronse termos e expresións inadmisibles -ás veces referidas ao formato televisivo da serie e outras á propia historia narrada- como "trapallada", "tenderete", "tanto chorar…". Nun momento da tertulia mesmo un dos colaboradores dixo textualmente "non teñen onde caer mortas", falando das vítimas de violencia machista e cun ton compasivo.

O tratamento deste asunto remata con ese mesmo colaborador manifestándose nos seguintes termos: "esta é unha historia moi de Andalucía (…), pero esta rapaza era unha rapaza moi mimada que colleu a ese 'torero chulito' que debía ser unha máquina facendo o amor e todo este tipo de cousas, e namorouse. Ela non era moi espabilada ou agraciada e fixo un remendo con el e tiveron un fillo e esta historia acaba aquí".

O esperpento rematou con risas no plató e a sentencia por parte dun dos presentadores "agora mesmo si que vai vir a Fiscalía aquí", sen que ninguén alertase en ningún momento do que se acababa de escoitar e apelase ao respecto polas mulleres vítimas de malos tratos e moito menos desculpase sobre o tratamento frívolo e inadmisible que dunha problemática tan seria alí tivo lugar. Moi ao contrario, tras despedirse do colaborador deron paso á publicidade.

A reincidencia neste tipo de situacións na canle pública galega no tratamento da violencia machista e mesmo reproducindo estereotipos propios do machismo máis rancio é cada vez máis preocupante e mostra de que non existe absolutamente ningún tipo de control sobre os seus contidos, e o que é peor, ningunha sensibilidade nin formación en xénero das persoas que son as voces e caras que nos acompañan diariamente nas nosas casas.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o acontecido no faladoiro do programa número 280 do 'Quen anda aí?' da TVG do pasado 28 de abril?

2ª) Canto tempo máis imos ter que tolerar este tratamento da violencia machista na canle pública galega?

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15625
Data envio: 30/04/2021 22:08:26.091

3ª) Pensa, agora si, tomar algún tipo de medida contundente para que isto non volva producirse?

4ª) Logo do acontecido no programa Land Rober, dispuxo xa a CRTVG dalgunha ferramenta para evitar que estas situacións se produzan?

5ª) Considera lóxico que as produtoras poidan cambiar o guión ou a escaleta dos programas que se acordaran previamente coas persoas responsables de contidos da CRTVG?

6ª) Cre necesaria a existencia na CRTVG dunha figura ou departamento dedicado a velar polo cumprimento da perspectiva de xénero en todos os seus contidos?

Pazo do Parlamento, 30 de abril de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 30/04/2021 22:04:04**

**María Isaura Abelairas Rodríguez  na data 30/04/2021 22:04:24**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15627
Data envio: 03/05/2021 09:25:25.352

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Prado Cores, Carmen Aira Díaz, María González Albert** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa as consecuencias das escorrentías producidas polo desmonte realizado na parroquia de Guillán en Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comunidade de Montes e a veciñanza da parroquia de Guillán, no concello de Vilagarcía, leva tempo mostrando a súa preocupación polos desmontes que un promotor está levando a cabo nunha serie de parcelas que ten adquirido na zona alta da parroquia, nas inmediacións do campo de fútbol de Berdón. Unhas parcelas que suman unha superficie de cando menos 200.000 m², que todo indica que se van ampliar toda vez que os promotores están mercando máis parcelas contiguas ás actuais.

As parcelas pasaron de estar forestadas con arborado a estar totalmente deforestadas, xa que se teñen cortado as árbores e eliminado todo tipo de vexetación. Segundo diversas informacións a intención dos promotores e destinar esta extensión a plantación de viñedo.

Estas parcelas están situadas nunha zona alta, e especialmente unha presenta unha pendente moi pronunciada, na que teñen realizado unha canalización, que en canto chove desvía toda a auga, pedras e outros materiais cara fincas, vivendas, viais, fonte, río e lavadoiro que se atopan no entorno, pola forte pendente e toparse o terreo totalmente deforestado.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15627
Data envío: 03/05/2021 09:25:25.352

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

@s veciñ@s desta parroquia teñen mostrado a súa preocupación polas negativas consecuencias desta plantación. Primeiro polo risco que supoñen as escorrentías de auga. Nos meses de xaneiro e febreiro xa sufriron inundacións que causaron danos en vivendas, caída dun muro e capas de lama na fonte, río, lavadoiro e vial. Inundacións que volveron repetirse a finais do mes de abril, chegando a lama até a praia da Concha.

Segundo pola repercusión futura da plantación en canto as consecuencias que as labores de cultivo e uso de produtos fitosanitarios teñan nos acuíferos que están na zona que subministran auga á parroquia.

Ao BNG parécelle máis que xustificada esta preocupación pola gran dimensión de terreo que presumibelmente se vai adicar a plantación de viñedo, polo forte impacto ambiental, pola deforestación que están realizando e polas repercusión que poida ter na vida da parroquia desde o punto de vista sanitario e de seguridade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da deforestación dunha importante extensión de terreo cualificado como forestal situado na parte alta da parroquia de Guillán nas inmediacións do campo de fútbol de Berdón?

. Ten autorizado a Consellaría do Medio Rural o cambio de uso dunhas parcelas de arredor de 200.000 m² cualificadas como actividade forestal a actividade agraria na parroquia de Guillán, no concello de Vilagarcía?

. Que informes ten emitido a Consellaría do Medio Rural a respecto ao respecto? En que datas?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15627
Data envio: 03/05/2021 09:25:25.352

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Si ten autorización,  en que termos se ten realizado? Teñen comprobado que as labores que están levando a cabo se realizan conforme á mesma?

. Que informes ten emitido Augas de Galiza sobre as posíbeis afectacións dunha plantación vitivinícola destas dimensións aos acuíferos da zona?

. É coñecedora a Xunta das inundacións e estragos producidos polas escorrentías producidas como consecuencia dos desmontes realizados polos promotores desta plantación?

. Que accións ten realizado ao respecto?

. Ten aberto algún expediente de infracción

. Teñen avaliado a repercusión sobre a saúde e seguranza da veciñanza?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Carmen Aira Díaz**

**María González Albert**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/05/2021 09:18:26**

**María González Albert  na data 03/05/2021 09:18:30**

**María del Carmen Aira Díaz  na data 03/05/2021 09:19:11**

**María Montserrat Prado Cores  na data 03/05/2021 09:19:23**



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:55:55
Nº Rexistro: 15632
Data envio: 03/05/2021 09:55:55.212

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, en demanda dun novo modelo lingüístico educativo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estase a celebrar o 40 aniversario do Estatuto de autonomía que definiu o galego como a lingua propia de Galiza e fixouna como lingua oficial, xunto co castelán, recoñecendo o dereito de coñecelos e usalos.

Un marco que se desenvolveu en 1983 na Lei de normalización lingüística e actualizou no ano 2004, coa aprobación no Parlamento Galego por unanimidade do Plan xeral de normalización da lingua galega.

O obxectivo normalizador de usos para a lingua galega viña sendo trazado desde o principio de progresividade até a aprobación en 2009 do Decreto de plurilingüismo que, malia contar cun grande rexeitamento social, nomeadamente na comunidade escolar, renunciou a ese principio básico e significou un retroceso sen precedentes na lexislación e para o ensino en galego.

O devalo constátase na redución do ensino en galego, na súa menor utilización polo alumnado e profesorado, na prohibición de impartir en galego Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía e na súa exclusión da maioría das aulas da educación infantil.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:55:55
Nº Rexistro: 15632
Data envío: 03/05/2021 09:55:55.212

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A recente Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º ESO publicada pola RAG, vén confirmar que este alumnado que estudou toda a educación primaria e secundaria conforme o regulado no Decreto do plurilingüismo, presenta un importante desequilibrio na competencia nas dúas linguas oficiais, claramente desfavorábel ao galego.

Fica incumprido deste xeito o principal obxectivo que determina a Lei de normalización lingüística e mais o propio Decreto de plurilingüismo.

Urxe revisar o actual marco educativo, xa que se constata como claramente insuficiente para avanzar na normalización do galego e apostar por un modelo que camiñe cara ao uso pleno do galego como lingua vehicular no ensino, eliminando as restricións que o impiden, tal e como sinalou o Comité de Ministros do Consello de Europa após as últimas monitorizacións ao Estado español sobre o cumprimento da Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minorizadas.

A escola debe ter un papel central para corrixir as carencias que dentro da sociedade limitan o coñecemento e uso da nosa lingua, entre elas a competencia oral e escrita, pois non se garante a liberdade de escolla para vivir nunha lingua se non hai garantía plena de coñecemento e confianza no seu dominio.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Coñece o goberno galego os datos que presenta a Avaliación da competencia bilingüe nos idiomas galego e castelán do alumnado de 4º ESO?

. Que valoración extrae o goberno?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:55:55
Nº Rexistro: 15632
Data envio: 03/05/2021 09:55:55.212

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Mantivo algunha xuntanza de coordinación coa RAG para coñecer en detalle o resultado desta avaliación?

. Entende o goberno que cómpre abrir un proceso de diálogo e consenso a partir destes resultados que demostran que non se está a cumprir coa aplicación do Decreto de plurilingüismo o mandato legal de consecución da competencia plena nas linguas oficiais de Galiza?

. Coñece o goberno a Proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza?

. Mantivo algunha xuntanza cos axentes socioeducativos que a acordaron para coñecer os detalles desta proposta?

. Está disposto o goberno a mudar o rumbo da política lingüística no ensino á vista do non cumprimento do mandato legal nin dos obxectivos do propio decreto actual?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 09:55:55
Nº Rexistro: 15632
Data envio: 03/05/2021 09:55:55.212

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 03/05/2021 09:51:35**

**Daniel Castro García  na data 03/05/2021 09:51:40**

**Mercedes Queixas Zas  na data 03/05/2021 09:51:50**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 10:59:51
Nº Rexistro: 15638
Data envío: 03/05/2021 10:59:51.962

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o rexeitamento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Fomento vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Fomento a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, con un custo para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custo duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Fomento tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 10:59:51
Nº Rexistro: 15638
Data envio: 03/05/2021 10:59:51.962

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53.

Por outra parte, en Galiza existen dúas autovías autonómicas con peaxes ás persoas usuarias, a AG 55 e a AG 57, o que supón en agravio e unha discriminación para residentes e empresas das respectivas comarcas, un atranco para a conectividade e a competitividade, e ademais incrementa a inseguridade viaria e merma a calidade de vida na contorna das estradas convencionais que atravesan zonas densamente habitadas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que xestións realizou o goberno galego diante do goberno central a respecto do anuncio do establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal?

. Que medidas propón a Xunta de Galiza para reducir o custo das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica e estatal?

. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para a supresión das peaxes nas autovías autonómicas?

. Apoia o goberno galego a transferencia da AP9 e o rescate da concesión, como acontece noutras autoestradas que se construíron na mesma época?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 10:59:51
Nº Rexistro: 15638
Data envio: 03/05/2021 10:59:51.962

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 03/05/2021 10:56:49**

**Paulo Ríos Santomé na data 03/05/2021 10:56:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/05/2021 10:56:57**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 11:25:52
Nº Rexistro: 15644
Data envío: 03/05/2021 11:25:52.477

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os efectos na xustiza de Galiza da eventual aprobación da lei de Eficiencia Organizativa del Servizo Público de la Justicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 20 de abril o Consello de Ministros ven de aprobar o anteproxecto de Lei de Eficiencia Organizativa del Servicio Público de la Justicia. O proxecto normativo contén unha importante transformación da organización xudicial, nomeadamente da máis próxima á cidadanía. O novo deseño da organización xudicial semella inspirado nos mesmos piares que os recentes intentos de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial presentados no congreso dos deputados na IX e X lexislaturas e que, por diversas circunstancias, non prosperaron.

Así, ante o novo intento de reforma da organización xudicial dirixida principalmente á xustiza de primeira instancia e de paz, dende o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos necesario coñecer o criterio do Goberno Galego sobre o devandito proxecto e a súa afectación á organización xudicial en Galiza:

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 11:25:52
Nº Rexistro: 15644
Data envío: 03/05/2021 11:25:52.477

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. En que medida considera o Goberno Galego que a substitución dos Tribunais de Primeira Instancia e Instrución por Tribunais de Instancia podería beneficiar á administración da xustiza, nomeadamente aos órganos xudiciais ubicados fora das sete grandes cidades de Galiza, e ao persoal ao servizo da administración de xustiza?

. Que modificacións ou adaptacións debería realizar a Xunta de Galiza para adaptarse á oficina xudicial prevista na referida norma de Eficiencia Organizativa del Servicio Público de Justicia?

. Considera a Xunta de Galiza que a implantación das Oficinas de Justicia nos concellos vai implicar unha variación nas condicións actuais ou que mesmo vai implicar un incremento das obrigas que están asumindo os concellos de Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 03/05/2021 11:23:44**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 11:25:52
Nº Rexistro: 15644
Data envio: 03/05/2021 11:25:52.477

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Bará Torres  na data 03/05/2021 11:23:47**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro  na data 03/05/2021 11:23:54**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 12:11:14
Nº Rexistro: 15652
Data envio: 03/05/2021 12:11:14.462

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé** e **Olalla Rodil Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas a tomar fronte a desaparición do asociacionismo xuvenil e a participación xuvenil na mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vivimos na cultura da meritocracia neoliberal, onde acadar unha posición social e económica cómoda ou ter "éxito" é unha cuestión de esforzo persoal. Unicamente conta o valor individual. Por isto, non é de estrañar que a atomización social sexa a norma, perdendo así o noso país, a capacidade de tecer relación sociais e colectivas que repercutan positivamente na sociedade galega.

A COVID-19 viu a asestar un grande golpe nun tecido social e asociativo xa feble no noso país, cunhas consecuencias sociais y mesmo a nivel de saúde mental aínda por cuantificar.

A mocidade é un sector da poboación que non vive alleo a todas estas cuestións, senón que é moi permeable á doutrina do individualismo neoliberal. Coa consecución dunha idade mínima para traballar e unha ensinanza obrigatoria, a mocidade ten a oportunidade de asociarse dende moi nova, explorar novas formas de relacionarse co seu grupo de pares e traballar colectivamente en ámbitos específicos. Isto pode enriquecer enormemente a súa aprendizaxe e ademais axuda a adquirir competencias



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 12:11:14
Nº Rexistro: 15652
Data envío: 03/05/2021 12:11:14.462

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importantes para o seu desenvolvemento como persoa, familiarizándose con novas responsabilidades e mesmo desfrutando delas.

Segundo datos do CIS (Centro de Investigacións Sociolóxicas) e do IGE (Instituto Galego de Estatística) ao redor dun terzo da mocidade galega participa nalgún colectivo ou asociación. É unha porcentaxe moi baixa de poboación e é mais baixa aínda cando advertimos que, segundo estes datos, os colectivos con mais participantes son colectivos relixiosos e deportivos, quedando os colectivos culturais, ecoloxistas ou de calquera outro tipo, nunha posición moito peor. O individualismo e a atomización social fai que un número importante de individuos que se atopan dentro destas porcentaxes entendan a participación dentro dos diferentes colectivos ou asociacións como consumo dun ben ou servizo que estas agrupacións ofertan. A realidade é que non se participa realmente nos diferentes proxectos colectivos e que estes son vistos como simples actividades ou elementos de consumo.

O obxectivo de formar parte activa dunha asociación é o de impulsar actividades nun ámbito que nos interese, de crer que é necesario facer algo en concreto e facelo. Tomar a participación nunha asociación ou colectivo cun criterio de consumo, é dicir, non participar activamente da creación de alternativas, senón simplemente consumir as actividades coma se dun servizo mais se tratase, é baleirar complemente de contido social e de utilidade aos colectivos. Ante a diminución da poboación asociada e o crecemento do asociacionismo de consumo, é fundamental deseñar plans e alternativas que fomenten a creación e a participación da mocidade en todos os ámbitos.

O ocio ou o lecer non é o único que lle afecta á mocidade, así pois, para tentar solucionar os graves problemas que viven as mozas deste país, quer no ámbito laboral, da vivenda ou da emigración, é fundamental a súa participación e achegas.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 12:11:14
Nº Rexistro: 15652
Data envio: 03/05/2021 12:11:14.462

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O único xeito de mellorar a vida da mocidade é poñela no centro na toma de decisións e nos proxectos que se leven adiante, non como mera consultora, senón como parte fundamental en todos os procesos de deseño de plans e iniciativas.

É obriga das institucións facilitar e impulsar a creación de novos colectivos e asociacións de todo tipo, onde a nosa mocidade poida expresarse, relacionarse e crear alternativas dentro do ámbito que elixan, coa fin de acadar un tecido asociativo xuvenil que xere sinerxias positivas dentro do noso país, as cales poderán repercutir na xeración de riqueza no futuro e garantirán unha sociedade viva.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora a Xunta de Galiza o estado actual do asociacionismo xuvenil galego?

. Considera importante a Xunta de Galiza a participación da mocidade especialmente nos ámbitos que lles afectan concretamente?

. Cal é o motivo da paralización do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galiza?

. Considera a Xunta de Galiza como unha ferramenta útil o mencionado Consello?

. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para fomentar a participación e o asociacionismo xuvenil en Galiza?

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 12:11:14
Nº Rexistro: 15652
Data envio: 03/05/2021 12:11:14.462

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/05/2021 12:09:13**

**Paulo Ríos Santomé na data 03/05/2021 12:09:16**



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2021 16:31:29
Nº Rexistro: 15657
Data envio: 03/05/2021 16:31:29.196

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Paloma Castro Rey,** deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

No ano 2014 o Concello de Pontevedra e o Instituto Galego de Vivenda e Solo, formalizaron a cesión en propiedade dos restos das parcelas I.4 e I.3 do plan parcial da urbanización de Monteporreiro, na rúa Alemaña, prazas adxacentes e aparcadoiros en superficie no polígono de Monteporreiro.

Por todo o exposto, a deputada que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

A día de hoxe, cantas parcelas do barrio de Monteporreiro seguen a ser propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo? Cales son? Onde se atopan?

Pazo do Parlamento, 3 de maio do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 03/05/2021 16:30:45**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15678
Data envio: 03/05/2021 18:31:50.150

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonzo, Mª Carme González Iglesias** e **Daniel Pérez López,** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para a reactivación da comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual da ría de Ferrol é de colapso absoluto, con unha produción de escasamente un 10% da que existía hai tan só dez anos, e expulsando do sector pouco a pouco mais ininterrompidamente, ás persoas que até o de agora viñan traballando e vivindo del.

Mais todas as iniciativas e acordos parlamentarios instando á Xunta de Galiza a tomar a iniciativa para a súa rexeneración son desatendidas, obrigando ás confrarías de ría a convocar pola súa conta a todos os axentes implicados, asumindo un liderado que debería estar exercendo a Xunta de Galiza como titular en exclusiva das competencias sobre marisqueo.

O anunciado peche da central térmica das Pontes despois de esgotar os recursos mineiros da localidade e de transformar radicalmente o territorio supón un repto económico e social de enormes dimensións para a comarca de Ferrol, que contrasta coa practicamente nula previsión orzamentaria da Xunta de Galiza



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15678
Data envío: 03/05/2021 18:31:50.150

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para atendelo, e con unha evidente falta de planificación, que chega ao punto de presentar publicamente propostas para os fondos NEXT GENERATION da man de REGANOSA para instalar unha planta de produción de hidróxeno verde, ao mesmo tempo que ENDESA presenta pola súa banda proxectos no mesmo sentido, a unha convocatoria, non esquezamos, de carácter concorrente a nivel estatal, todo mentres o Convenio para transición xusta segue sen ser asinado pola Xunta de Galiza.

En canto á situación de Navantia Ría de Ferrol, auténtico motor económico da comarca, é tamén desesperada. Máis de 2000 postos de traballo desaparecidos nos últimos meses, mentres a dirección de Navantia declara repetidamente que renuncia á construción do dique cuberto para novas construcións, ou traballa na modificación dos termos da alianza coa empresa privada Windar para abandonar ao seu favor a actividade eólica mariña.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galiza bloquea a posibilidade de iniciar canto antes a rexeneración da ría de Ferrol?

2. Por que a Xunta de Galiza rexeita a elaboración dun estudo integral da situación da ría de Ferrol?

3. Que plan ten a Xunta de Galiza para rexenerar a ría de Ferrol?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 15678
Data envio: 03/05/2021 18:31:50.150

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Por que a Xunta de Galiza non solicita a entrada no Consello de Administración de Navantia?

5. Por que a Xunta de Galiza non executa as promesas e acordos parlamentarios para impulsar un centro de reparacións en Navantia-Ría de Ferrol?

6. Por que a Xunta de Galiza asume os vetos á construción naval civil en Navantia ría de Ferrol malia as evidencias da construción militar non ser abondo para salvar a crise económica e social que vivimos?

7. Por que a Xunta de Galiza acepta o traslado das capacidades para a construción de plataformas flotantes para a eólica mariña aos centros de Navantia na baía de Cádiz?

8. Por que a Xunta de Galiza rexeita participar no financiamento de infraestruturas para Navantia Ría de Ferrol?

9. Por que a Xunta de Galiza rexeita a Constitución dun Centro tecnolóxico para a construción naval en Ferrol?

10. Por que a Xunta de Galiza bloquea o inicio dos trámites para a aprobación dun Convenio para a transición xusta na localidade das Pontes?

11. Por que a Xunta de Galiza inclúe como única previsión orzamentaria a creación dunha oficina para a reactivación das Pontes?

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

12. Por que a Xunta de Galiza non cuantifica o proxecto dos biocombustíbeis para a central térmica das Pontes?

13. Por que a Xunta de Galiza impulsa proxectos para a localidade das pontes e a produción de hidróxeno verde que poden competir cos de Endesa?

14. Por que a Xunta de Galiza rexeita a constitución dun centro de I+D+i para o almacenamento de enerxía nas Pontes?

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
**Mª Carme González Iglesias**
**Daniel Pérez López**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 03/05/2021 18:17:56**

**María do Carme González Iglesias na data 03/05/2021 18:18:00**



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo  na data 03/05/2021 18:18:07**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 10:47:14
Nº Rexistro: 15688
Data envio: 04/05/2021 10:47:14.118

BNG BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos da EPA (Enquisa Poboación Actriva) do I Trimestre de 2021 publicados fai uns días amosan ás claras que a situación laboral na Galiza é extremadamente preocupante.

Da análise deses datos extráese un empeoramento xeneralizado de todas e cada un dos indicadores do mercado laboral galego.

A taxa de paro increméntase de forma considerable, subindo ata un 13%, cunha subida de 1,3 puntos porcentuais máis que respecto do último trimestre do 2020, con 158.300 persoas desempregadas, 15.700 máis que no trimestre anterior. Este incremento é o maior do Estado Español e supuxo que na Galiza neste primeiro trimestre se destruísen 21.200 empregos.

Dáse unha caída da poboación ocupada do 2% respecto ao trimestre anterior. Desta forte caída da ocupación, a maior parte das persoas que perderon o seu emprego pasaron a ser desempregadas (15.700), o que fixo medrar o paro un 11%.

É importante poñer o foco nun dos indicadores máis preocupantes da situación laboral galega: a redución da poboación activa en 5.400 persoas. Que supón un



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agravamento do "efecto desánimo" ante a falta de expectativas laborais, que afecta especialmente aos parados de longa duración. A perda de ocupación activa afectou a todos os grupos de idade, a ambos os dous sexos, a todos os sectores económicos, e dende o punto de vista territorial, ás catro provincias.

A situación non é mellor se facemos unha análise dos datos da EPA por idade e sexo.

Os datos son malos en tódalas franxas de idade, pero a taxa de paro das mozas e mozos galegos sitúase no 27,3 % neste trimestre. Dito doutro xeito: un de cada catro mozos galegos non atopan traballo. O que supón unha subida porcentual dun punto respecto ao trimestre pasado e case un 5% máis que no 2020. En canto ao tipo de contrato, respecto ao trimestre anterior, diminúe nun 13,5% o número de xente moza con contrato indefinido. E un 17,3% se facemos unha comparativa co mesmo trimestre do mesmo trimestre do ano pasado. E destaca a cifra de temporalidade: un 56.8%. Polo que máis da metade dos mozos e mozas galegas asalariados, teñen contratos temporais.

Se analizamos os datos por sexo, as mulleres seguen a ser as máis paradas: 86.600 mulleres no paro, fronte aos 74.700 homes que se atopan nesa situación. E a pesar que en cómputo anual, hai un leve descenso no número de mulleres paradas, este dato debe tomarse con suma cautela, dado que, debido á pandemia, moitas mulleres (máis de 10.000) abandonaron o mercado laboral ao longo do ano 2020, e no canto de rexistrarse coma desempregadas, pasaron a figurar como inactivas, responsabilizándose dos coidados, tanto no plano doméstico coma na economía informal.

En canto aos tipos de contratos, a temporalidade segue a ser unha nota negativa no mercado laboral galego, onde a taxa de temporalidade é do 23%, polo que unha de



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cada cinco persoas traballadoras ten un contrato temporal. E os contratos que máis se destrúen son os temporais.

Todos este datos confirman que a profundidade da crise derivada da Covid-19, pero tamén que xa arrastrabamos na Galiza unha crise previa, cunha situación socio-laboral e un mercado de traballo extremadamente fráxiles. Crise previa que ten causa directa nas reformas laborais do 2012 e 2013 e as normas que as desenrolaron, que resultaron tremendamente lesivas para a clase traballadora galega.

Se ata o de agora, o sector que máis sufriu coa pandemia foi o sector servizos, á vista destes datos, vemos como a perda de emprego esténdese ao sector industrial. E isto permite ver as graves consecuencias que está a ter o proceso da chamada dixitalización e descarbonización, co un desmatelamento  da industria e destrución de postos de traballo.

Estes datos, xa de por si preocupantes, poden empeorar unha vez que se levanten os ERTEs, que se ben é certo que nun primeiro momento suavizaron o impacto da pandemia na destrución de emprego, non menos certo é que (adoptar estas medidas) deixou en situación de total desamparo ao persoal con contratos temporais, que quedaron fóra xa no comezo da crise sanitaria, sen poder beneficiarse do ERTE nin das medias de protección social que se aprobaron neste período.

Agora, ademais, vemos como cada vez se ralentizada máis a posibilidade de saír dos ERTEs de maior duración. Co perigo que moitos deles se convertan en EREs extintivos.

E neste contexto, non é doado entender como a Xunta de Galiza, con competencias en Emprego, puido deixar sen executar no 2020 unha terceira parte dos fondos destinados á promoción do emprego. Algo que xa viña sendo unha constante nos



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

últimos anos, pero que no contexto actual, adquire unha maior gravidade. É imprescindíbel que o goberno galego empregue ata o último céntimo en mellorar as posibilidades de emprego das galegas e galegos nun dos momentos máis duros da nosa historia.

Por iso son tan necesarias políticas específicas de emprego que se orienten aos afectados por ERTEs, e a aos colectivos máis afectados pola polas consecuencias da pandemia: as mulleres e as mozas e mozos galegas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración lle merecen ao Goberno galego os datos publicados pola Enquisa de Poboación Activa do I trimestre do 2021, referidos a Galiza?

. Que medidas vai tomar o goberno galego diante dos datos da EPA referidos ao I Trimestre de 2021, dos que se desprende que foi en Galiza onde se produciu o maior incremento do número de desempregados do Estado Español e que supón que neste trimestre se destruísen 21.200 empregos no noso país?

. Considera necesario o goberno galego implementar un plan de emprego feminino co obxectivo de atallar a precariedade e falta de oportunidades que sofre este colectivo, centrado na reincorporación das mulleres expulsadas do mercado laboral (inactivas) polas consecuencias derivadas da Covid-19?

. Considera necesario o goberno galego implementar un plan de emprego para a mocidade co obxectivo de rachar coa precariedade a temporalidade estrutural que caracteriza a este colectivo?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 10:47:14
Nº Rexistro: 15688
Data envio: 04/05/2021 10:47:14.118

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten avaliado o goberno galego o impacto que o levantamento dos ERTE por forza maior vai ter no mercado laboral?

. Ten previsto o goberno galego adoptar medidas para minimizar os efectos negativos que o levantamento dos ERTE de forza maior vai ter no mercado laboral galego?

. Considera necesario a Xunta de Galicia implementar programas de orientación, emprego e formación para o emprego dirixidas específicamente aos traballadores en ERTEs de longa duración, co obxectivo do posibilitar o mantemento do emprego e a promoción profesional, e no seu caso, a súa reciclaxe profesional para mantelos dentro do mercado laboral unha vez se levanten os ERTEs?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Noa Presas Bergantiños**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2021 10:43:13**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 10:47:14
Nº Rexistro: 15688
Data envio: 04/05/2021 10:47:14.118

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo  na data 04/05/2021 10:43:17**

**Daniel Pérez López  na data 04/05/2021 10:43:26**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 10:56:03
Nº Rexistro: 15694
Data envio: 04/05/2021 10:56:03.525

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a ampliación do E-Dixgal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente a Consellería de cultura, educación e universidade comunicou publicamente a súa vontade de duplicar o número de alumnos de ESO que emprega o libro dixital o próximo curso mediante a nova convocatoria de E-Dixgal.

A principal novidade desta convocatoria para o curso 2021/2022 é a extensión do proxecto aos cursos de 3 e 4º de ESO (actualmente aplicábel a 5º e 6º de Primaria e a 1º e 2º de ESO).

O conselleiro Román Rodríguez explicou que, a día de hoxe, participan no E-Dixgal a metade dos centros públicos que imparten Primaria e Secundaria e que coas novas medidas desta convocatoria “queremos que o próximo curso a metade do alumnado entre 5º de Primaria e 4º de ESO dos centros públicos conte con libro dixital e equipamento informático ao abeiro deste programa”.

Asemade, o conselleiro salientou que con estas novidades se ofrece, por primeira vez, a posibilidade de que o alumnado galego estude con libro dixital durante seis cursos consecutivos.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 10:56:03
Nº Rexistro: 15694
Data envio: 04/05/2021 10:56:03.525

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o comezo da implantación do E-Dixgal foron moitas as dificultades ás que estiveron que enfrontar desde o profesorado, alumnado e familias derivadas da falta de formación duns e doutros para dar resposta a unha nova didáctica dixital e acompañar no proceso formativo, das carencias e limitacións dos propios materiais didácticos, da non oferta pedagóxica dixital por parte de editoras e equipos docentes redactores galegos, do afastamento da realidade galega na concreción dos contidos curriculares, etc.

É por iso que, recollendo moitas demandas particulares, nos preguntamos se a Consellería ten decidido ampliar os cursos de escolarización a través do libro dixital logo de ter avaliado a súa implantación e resultado na adquisición de competencias do alumnado.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Ten avaliado a consellería a implantación do libro dixital en 5º e 6º de educación primaria e mais en 1º e 2º de ESO? Con que procedementos?

. Considera que a formación inicial e continua do profesorado para a didáctica dixital con esta metodoloxía é suficiente?

. Teñen contrastado coas familias a valoración pedagóxica do E-Dixgal?

. Recoñece a consellería as limitacións dos materiais didácticos derivados da súa escasa diversidade e do seu afastamento da realidade galega, nomeadamente para os ámbitos das ciencias naturais e sociais?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 10:56:03
Nº Rexistro: 15694
Data envio: 04/05/2021 10:56:03.525

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Contemplan desde o goberno criterios de revisión periódica destes materiais pedagóxicos e de atención ás demandas correctoras do persoa docente?

. Cal é a razón de non teren oferta estes libros dixitais de contidos pedagóxicos de ningunha editora galega, cando si os hai en versión impresa?

. Ten previsto o goberno ampliar a oferta editorial no E-Dixgal? En que prazo?

. Garante o goberno que hai unha boa oferta pedagóxica para todas as materias en galego no E-Dixgal?

. Que avaliación obxectiva e pedagóxica sustenta a proposta de ampliación do E-Dixgal a 3º e 4º ESO?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/05/2021 10:55:19**



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Daniel Castro García na data 04/05/2021 10:55:21**

**Mercedes Queixas Zas na data 04/05/2021 10:55:29**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 11:07:05
Nº Rexistro: 15699
Data envío: 04/05/2021 11:07:05.900

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Carlos Francisco Rivera** e **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O pasado 21 de abril o Sr. Francisco Conde, vicepresidente segundo da Xunta de Galicia e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación comparecía na Comisión de Reactivación, avanzando, sen dar máis datos, a constitución por parte da Xunta de Galicia dunha sociedade para o impulso dos Proxectos Next Generation de interese para Galicia.

Recentemente, a través dos medios de comunicación, facíase público que a Xunta de Galicia viña de constituír conxuntamente con Abanca, Sogama e Reganosa, unha sociedade público-privada para o desenvolvemento dos proxectos estratéxicos vinculados a recuperación económica de Galicia a través dun modelo verde e dixital.

A sociedade, cun capital inicial de 5 millóns de euros é onde a Xunta de Galicia aporta o 40 %, quedaría coa maioría accionarial en mans das empresas privadas participantes (Abanca 38 % , Reganosa 12 % e Sogama 10 % ).

Segundo se avanza pola Xunta de Galicia a Sociedade constituída traballará, nunha primeira fase, pola maduración dos proxectos tractores (planta de hidróxeno verde, actuacións forestais e de economía circular) ademais de fomentar a participación de pymes na xeración de actividade económica e de prestar asesoramento de todo tipo para no ámbito das iniciativas empresariais que aspiren a captar fondos europeos.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia non cuestionamos a colaboración público- privada como instrumento de desenvolvemento de proxectos empresariais ligados os fondos Next Generation, cuestionamos a propaganda continuada da Xunta de Galicia en todo o que rodea a chegada dos fondos europeos a Galicia.

A falta de estratexia, rumbo e orientación neste eido por parte da Xunta de Galicia é total.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Nese "bombardeo" propagandístico, a Xunta de Galicia ten anunciado a aprobación do Consello da Xunta de 354 proxectos, cando, como todo o mundo sabe, o Goberno autonómico carece de competencias para aprobar nada neste eido.

Ao mesmo tempo insírese na opinión pública que Galicia aspira a captar 20 mil millóns, case un terzo dos fondos, cando o peso da economía galega apenas representa un 6 % do PIB estatal.

Se nos fala dunha candidatura galega con 247 proxectos públicos e o que hai realmente é un listado inconsistente de iniciativas remitidas polas consellerías e por algúns concellos do país a requirimento da propia Xunta de Galicia, iniciativas sen concreción nin detalle.

Publícase con todo tipo de parafarnalia que a Xunta de Galicia abre unha convocatoria de Manifestación de Intereses sen ningún tipo de recorrido máxime cando a realidade é que este instrumento xa está posto en marcha no ámbito da Administración do Estado

Dísenos que no Igape hai constituída unha Oficina de Xestión de proxectos tractores e ao mesmo tempo constitúese unha sociedade mercantil para impulsar ese tipo de proxectos, sociedade na que Xunta de Galicia carece de maioría no capital. Mesmamente, nesa estratexia de confusión, chegouse a falar por parte da Xunta de Galicia dun PERTE galego que viña a ser un caixón de xastre de todos os proxectos tractores reiteradamente anunciados polo Goberno galego.

A verdadeira realidade é que nos orzamentos do Estado hai consignados para este ano 2021 27 mil millóns de euros (a conta dos fondos Next Generation que chegarán a España) e que os fondos serán asignados mediante convocatorias efectuadas polas distintas administracións públicas de acordo cun sistema multinivel de gobernanza, a través dun sistema de concorrencia competitiva, onde non haberá cotas territoriais e onde primará a calidade dos proxectos susceptibles de absorber fondos.

Como é público a Xunta de Galicia participará directamente na execución dos fondos e probablemente na asignación dos proxectos naqueles eidos que incidan no ámbito competencial autonómico.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vimos reclamando, sen éxito, que na definición dos proxectos que emanen de Galicia para a súa inclusión

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

no Plan Nacional de Recuperación se faga de xeito aberto, transparente e dialogado no seo dunha ponencia parlamentaria na que poidan participar as forzas políticas, os axentes sociais, a Universidade e a Fegamp.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. A Sociedade recentemente constituída vinculada ao desenvolvemento de proxectos estratéxicos Next Generation, terá algún papel decisorio na definición dos proxectos galegos que aspiran aos fondos europeos?
2. Cales son as razóns que levan a Xunta de Galicia a participar nunha sociedade onde carece da maioría accionarial?
3. Que papel desempeñará a oficina de proxectos tractores creada no Igape unha vez que se ten anunciado que esta sociedade de nova creación asumirá o impulso deses proxectos?
4. Cal foi criterio para asociarse con Abanca, Reganosa e Sogama na constitución desta sociedade?
5. Ten amosado algunha outra empresa interese en participar no accionariado desta sociedade? No seu caso, de que empresas se trata?

Pazo do Parlamento, 4 de maio do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 11:07:05
Nº Rexistro: 15699
Data envio: 04/05/2021 11:07:05.900

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 04/05/2021 11:04:03**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/05/2021 11:04:12**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 13:42:26
Nº Rexistro: 15705
Data envio: 04/05/2021 13:42:26.386

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nove persoas conforman o Consello de Administración da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galicia, no que a Xunta de Galicia participa cun 40 % do capital xunto con Abanca, Reganosa e Sogama. Segundo o Goberno galego, e logo de nos enterar polos medios de comunicación nun novo acto de escurantismo político, este ente público-privado "contribuirá á maduración das iniciativas da candidatura galega agrupadas arredor do Polo para a Transformación de Galicia" candidatas aos fondos Next Generation.

Entre esas nove persoas do Consello de Administración, que preside o vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, non figura nin unha soa muller. Novamente, nove homes que decidirán o futuro do noso país, ou o que é o mesmo, a metade da poboación decidirá o futuro da outra metade, e precisamente da que sufriu as peores consecuencias desta crise.

O primeiro principio de actuación da comunidade autónoma que se recolle no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, en materia de igualdade contempla "a busca e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas" e este grupo parlamentario pregúntase sobre o cumprimento do Goberno galego das súas propias leis.

A inexistencia de mulleres nos órganos de toma de decisións resulta hoxe a todas luces inadmisible, e máis cando estamos a falar dun organismo que decidirá os proxectos que axudarán a recuperar o noso país tras a crise. A reactivación de Galicia non se pode facer excluíndo a metade da sociedade galega. Esa visión patriarcal e machista é máis propia do século XIX que do XXI.

Hai que lembrar que o pasado 9 de marzo o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha moción socialista para instar ao Goberno galego a asegurar que a perspectiva de xénero estivese presente nos proxectos presentados pola Administración autonómica galega aos fondos europeos Next Generation. A moción presentabámola desconfiando do compromiso real do Partido Popular e do Goberno galego para coa igualdade, e pouco tempo tivemos para comprobar que lamentablemente tiñamos razón.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 13:42:26
Nº Rexistro: 15705
Data envío: 04/05/2021 13:42:26.386

Diante desta discriminación, e co convencemento de que as mulleres formaremos parte de todos os centros de decisión do noso futuro, por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera admisible o Goberno galego que no Consello de Administración da recén creada Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galicia, participada pola Xunta de Galicia, non haxa ningunha muller?

2ª) Como xustifica o Goberno galego esta ausencia total de mulleres nunha sociedade chamada a decidir o futuro do noso país?

Pazo do Parlamento, 4 de maio de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 04/05/2021 13:27:55**

**María Isaura Abelairas Rodríguez na data 04/05/2021 13:28:12**

**Julio Torrado Quintela na data 04/05/2021 13:28:24**

**Marina Ortega Otero na data 04/05/2021 13:28:35**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15710
Data envío: 04/05/2021 14:03:38.058

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Galicia atópase nun proceso de inmunización a través das vacinas que chegaron para loitar contra a pandemia da Covid-19, que deu comezo fai máis dun ano.

O contexto de atención residencial para persoas maiores foi un dos máis vulnerables ante o virus. Os datos de falecementos por Covid-19 neste ámbito deixan un balance preocupante con 790 persoas falecidas nas residencias de maiores.

Fai uns días os medios alertaron dun gromo de contaxios na residencia de DomusVi en Chantada. Cun balance de 11 positivos por Covid-19 segundo os medios de comunicación. O feito de non executar unha evacuación de todos os positivos no intre que se coñecen, fai que as medidas restritivas repercutan no detrimento do benestar do resto de usuarios do centro.

Ademais, o Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios, indica no punto 6.11: “Illamento das persoas residentes nas súas habitacións: Nas residencias onde exista un gromo da infección ocasionada polo virus SARS-CoV-2 tentarase evitar o illamento nas habitacións, salvo aqueles residentes contactos estreitos das persoas infectadas ás que se lle fará unha segunda PCR no día 10 do último contacto. No caso de ser negativa poderán interactuar cos residentes sen infección do seu grupo de convivencia estable. Zonificarase a residencia establecendo zonas comúns para as persoas libres de infección e zonas comúns para as persoas coa infección nas que poderán moverse libremente”.

Tendo en conta as circunstancias motivadas pola entrada do virus en dito centro residencial é fundamental coñecer o estado dos residentes e o tipo de medidas de illamento que se están a tomar para evitar a propagación do virus.
Polo que é urxente que por parte da Consellería de Política Social supervisen exhaustivamente se os usuarios e usuarias en dito centro están a vivir un

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15710
Data envío: 04/05/2021 14:03:38.058

illamento que contradiga a propia normativa, e de ser o caso tomar as medidas oportunas por parte do órgano da administración competente na materia.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Valorou a consellería competente na materia a evacuación dos usuarios positivos por Covid a un centro intermedio para evitar restricións que limiten o benestar dos usuarios?

2.ª) Que tipo de restricións leváronse a cabo no centro para conter o gromo motivado pola Covid-19?

3.ª) Existen medidas de illamento dos usuario nas propias habitacións? En caso de ser así, que medidas ten pensado adoptar a consellería ao respecto?

Pazo do Parlamento, 04 de maio de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero  na data 04/05/2021 13:24:39**

**Luis Manuel Álvarez Martínez  na data 04/05/2021 13:24:50**

**Julio Torrado Quintela  na data 04/05/2021 13:25:01**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15716
Data envío: 04/05/2021 16:15:15.433

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Galicia atópase nun proceso de inmunización a través das vacinas que chegaron para loitar contra a pandemia da Covid-19, que deu comezo fai máis dun ano.

O contexto de atención residencial para persoas maiores foi un dos máis vulnerables ante o virus. Os datos de falecementos por Covid-19 neste ámbito deixan un balance preocupante con 790 persoas falecidas nas residencias de maiores.

O pasado 15 de abril a Fundación San Rosendo remitiu un comunicado dirixido ás familias dos residentes onde se especificaban as visitas, ademais de advertir das consecuencias de se producir un gromo de Covid-19.

En concreto establecíanse dúas visitas semanais interiores de media hora cada unha, cando na Resolución do 14 de abril de 2021 establécense 3 visitas semanais interiores dunha hora cada unha. Ademais, no caso das visitas exteriores dito comunicado establece a imposibilidade das 4 h. continuas tal e como establece dita resolución.

Ao final do comunicado a Fundación San Rosendo advirte ás familias de precedentes en chamadas de atención ás familias por reunirse varias persoas no exterior. E así mesmo continúa advertindo que en caso de producirse un positivo no centro, pecharano mantendo aos residentes nas súas habitacións durante un mes completo para aplicar os protocolos sanitarios.

O Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios, indica no punto 6.11:

"Illamento das persoas residentes nas súas habitacións: Nas residencias onde exista un gromo da infección ocasionada polo virus SARS-CoV-2 tentarase evitar o illamento nas habitacións, salvo aqueles residentes contactos estreitos das persoas infectadas ás que se lle fará unha segunda PCR no día 10 do último contacto. No caso de ser negativa poderán interactuar cos residentes sen infección do seu grupo de convivencia estable. Zonificarase a residencia establecendo zonas comúns para as persoas libres de infección e zonas comúns para as persoas coa infección nas que poderán moverse libremente".

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Polo que, é urxente que por parte da Consellería de Política Social supervisen exhaustivamente se este tipo de práctica (illar aos residentes nas súas habitacións) para combater o virus foi, ou é, o habitual nos centros de atención residencial de Galicia.

No Protocolo conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada polo virus SARS CoV-2 (COVID-19) nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios, indica ademais no mesmo punto 6.11: "Nas residencias nas que non exista un gromo da infección ocasionada polo virus SARS-CoV-2 non se poderá illar ás persoas residentes nas súas habitacións, agás que se trate dun caso sospeitoso e soamente mentres non se teña resultado da proba PCR. Aínda no caso de non existencia de gromo na residencia, serán obxecto de corentena aqueles residentes que foron contacto estreito dun caso de infección activa polo virus SARS-CoV-2 con motivo da súa saída ao exterior ou dunha visita".

A proposta do Grupo Socialista dende o inicio da pandemia foi instar a Xunta a elaborar un Protocolo de Evacuación dos positivos unha vez se detectan, a residencias integradas ou aos hospitais. O feito de manter aos positivos nun centro condena aos residentes a restricións moi duras. É urxente que por parte da Administración se elabore un informe específico no que se detalle con carácter retroactivo, unha investigación sobre o tipo de restricións dende o comezo da pandemia en cada centro de atención residencial para maiores en Galicia. Así mesmo, en dito informe deberase especificar se mantivéronse confinados nas habitacións aos residentes, durante cantas horas ao día, e durante cantos días. Ademais é urxente saber o método de garantir ese confinamento, de ser así, ou o que é o mesmo, se os residentes estiveron pechados literalmente nas súas habitacións.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Valorou a consellería competente na materia a evacuación dos usuarios positivos por Covid aos centros intermedios para evitar restricións que limiten o benestar dos usuarios?

2.ª) Que tipo de restricións leváronse a cabo nos centros para conter os gromos motivado pola Covid-19?

3.ª) Existen medidas de illamento dos usuarios nas propias habitacións? En caso de ser así, que medidas ten pensado adoptar a consellería ao respecto?

Pazo do Parlamento, 05 de maio de 2021
Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 04/05/2021 15:54:24**

**Julio Torrado Quintela na data 04/05/2021 15:54:36**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 10:02:55
Nº Rexistro: 15746
Data envío: 05/05/2021 10:02:55.327

**Á Mesa do Parlamento**

**Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela,** deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

A provincia de Ourense é a máis afectada polo despoboamento así como polo avellentamento ocasionado pola inversión da pirámide poboacional.

Punxín é un concello ourensán da comarca de O Carballiño que na actualidade conta con poucos máis de 700 habitantes. A maior parte da veciñanza está formada por persoas de idade avanzada que precisan duns servizos que calidade que garantan o desenvolvemento das súas capacidades básicas da vida diaria.

As zonas rurais da provincia de Ourense, así coma no resto de Galicia forman parte do gran desafío para o reto demográfico. É evidente que a loita contra a despoboación pasa por dotar de servizos de calidade ás persoas que residen no ámbito rural, polo que dende a Xunta de Galicia debera ser unha prioridade.

Os servizos sociais, son a primeira vía de acceso para as persoas que precisan destes recursos. Polo que debe ser unha prioridade. Ademais o contexto no cal estamos inmersos, tras unha pandemia sen precedentes provocada pola Covid-19, fai máis necesario que nunca, poñer a disposición da cidadanía todos os recursos precisos.

O servizo de axuda no fogar, é un piar dentro do modelo de coidados que contribúe en boa medida a dar un apoio complementario ás persoas que teñen algún tipo de discapacidade ou dependencia para o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.

Dende o Grupo Municipal Socialista fixéronse varias propostas para mellorar a calidade dos servizos sociais en Punxín que lamentablemente non tiveron o apoio do grupo de goberno.

A día de hoxe, o Concello de Punxín non dispón dunha bolsa de horas suficiente para cubrir a prestación do servizo de axuda no fogar que a veciñanza ten recoñecido no Programa Individual de Atención.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 10:02:55
Nº Rexistro: 15746
Data envío: 05/05/2021 10:02:55.327

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Segundo a información dos Servizos Sociais do propio Concello, a día 30 de novembro de 2019 o Concello de Punxín dispoñía de 76 horas libres, e na actualidade, non só non se dispón de horas, senón que as que hai non suficientes para a prestación dun servizo digno, deixando á veciñanza sen un servizo que ten recoñecido a través da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

É urxente que por parte da Consellería de Política Social se incremente o número de horas do SAF por encima das horas concedidas para os usuarios de Punxín no Programa Individual de Atención. Ademais, na liña que o Grupo Parlamentario Socialista defendeu a través de varias iniciativas ao respecto, é urxente que a Consellería de Política Social aumente a cota de financiación que lle corresponde para liberar da carga orzamentaria que require para os concellos galegos o incremento do custo do SAF.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Ten previsto a Consellería de Política Social aumentar o número de horas do SAF no Concello de Punxín?

2.ª) Ten previsto a Consellería de Política Social incrementar a cota de financiación do SAF para liberar da carga que supón nas arcas municipais nos concellos galegos o incremento do prezo de dito servizo?

Pazo do Parlamento, 05 de maio de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 05/05/2021 10:00:34**

**Julio Torrado Quintela na data 05/05/2021 10:00:47**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 10:30:02
Nº Rexistro: 15751
Data envio: 05/05/2021 10:30:02.920

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, **Iria Carreira Pazos** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Panteón de Galegos Ilustres é un dos símbolos da Galiza. A súa orixe está claramente vinculada co empeño dun sector relevante da sociedade galega por dignificar Galiza, e singularmente por situar Rosalía de Castro no lugar que lle corresponde como figura clave do rexurdir cultural de Galiza. Así no ano 1891, o Centro Galego da Habana, o Comité Rexionalista e a Sociedade de Amigos do País, tomaron a decisión de trasladar os restos de Rosalía de Castro desde o cemiterio de Adina até San Domingos de Bonaval. Motivábaos a necesidade de depositar os seus restos coa relevancia que merecían, á par de realizar unha homenaxe pública do conxunto do pobo galego á súa figura e á súa obra fundacional.

Un espazo que foi medrando en simbolismo e referencialidade da cultura e identidade galegas ao acoller a memoria doutras personalidades como Castelao. Francisco Asorey, Alfredo Brañas, Ramón Cabanillas ou Domingo Fontán.

Malia que en múltiples ocasións o Bloque Nacionalista Galego ten rexistrado iniciativas tentando restabelecer un uso civil e laico do Panteón, o certo é que o Goberno e a maioría parlamentaria do PP impediron avanzar nese obxectivo.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este feito provoca unha situación anómala que se vai consolidando co paso do tempo e que priva de difusión, coñecemento e acceso libre a un espazo que debe ser propiedade de galegas e galegos e non restrinxido a unha confesión relixiosa.

Desde o BNG seguimos defendendo a idoneidade de San Domingos de Bonaval como sede para o Panteón de Galegos Ilustres. Por simbolismo e por tradición asentada no noso imaxinario colectivo. Mais tamén defendemos a necesidade de que un Panteón destas características debe ser un espazo laico, de uso civil, con garantías de acceso e homenaxe sen censuras ás personalidades que alberga. Estas condicións non están garantidas toda vez que o arcebispado ten a capacidade para decidir que actos se poden celebrar e cales non.

Na actualidade o Panteón de Galegos Ilustres permanece pechado desde o comezo da pandemia por decisión da Igrexa, impedindo que calquera visitante poida achegarse a un espazo referente e simbólico para a representación do pobo galego.

Unha situación reiterada no tempo onde prima a vontade de peche da Igrexa, a súa propietaria, e a consecuente conculcación do dereito a visitalo e coñecelo da sociedade.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedora a Xunta do actual peche continuado do Panteón de Galegos Ilustres por decisión da Igrexa e a consecuente imposibilidade de visitalo agás tramitación previa de permiso solicitado ao Arcebispado de Santiago?

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para garantir a apertura continuada ao público visitante do Panteón de Galegos Ilustres?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para recuperar o uso civil e público do Panteón de Galegos Ilustres?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Iria Carreira Pazos**
**Manuel Lourenzo Sobral**
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/05/2021 10:25:53**

**Iria Carreira Pazos na data 05/05/2021 10:25:58**

**Mercedes Queixas Zas na data 05/05/2021 10:26:08**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Marina Ortega Otero, Luis Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

Os servizos sociais, son a primeira vía de acceso para as persoas que precisan destes recursos. Polo que debe ser unha prioridade para o Goberno competente na materia, neste caso a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social.

Ademais o contexto no cal estamos inmersos, tras unha pandemia sen precedentes provocada pola Covid-19, fai máis necesario que nunca, poñer a disposición da cidadanía todos os recursos precisos.

O servizo de axuda no fogar, é un piar dentro do modelo de coidados que contribúe en boa medida a dar un apoio complementario ás persoas que teñen algún tipo de discapacidade ou dependencia para o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.

O Concello de Chantada ten a disposición no anexo V dos pliegos de contratación a subrogación de 29 auxiliares de axuda a domicilio para dar cobertura a un servizo que forma parte do catálogo de servizos da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Tratándose dun servizo fundamental para garantir o desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria, e inmersos nun contexto de pandemia sen precedentes motivada pola Covid-19, é urxente investir neste tipo de recursos.

Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) É coñecedora da situación de despido de dúas auxiliares de axuda a domicilio do Concello de Chantada?

2.ª) Esas dúas auxiliares despedidas pola empresa adxudicataria do servizo, forman parte do total de 29 auxiliares de axuda a domicilio a subrogar polos pliegos de contratación para o SAF de Chantada?

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista
Parlamento de Galicia
PSG PSOE

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 10:48:22
Nº Rexistro: 15754
Data envio: 05/05/2021 10:48:22.327

3.ª) Ten pensado a consellería tomar algún tipo de medida ao respecto?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Marina Ortega Otero na data 05/05/2021 10:09:28**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/05/2021 10:09:44**

**Julio Torrado Quintela na data 05/05/2021 10:09:53**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 10:50:27
Nº Rexistro: 15762
Data envío: 05/05/2021 10:50:27.405

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Julio Torrado Quintela, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

A empresa H&M comunicou á representación legal das persoas traballadoras de todas as tendas que ten en España en data 6 de abril, o inicio do periodo de consultas coa intención de proceder a aplicar un ERE de despedimento colectivo e de modificación substancial das condicións de traballo. Na dita comunicación anunciábase o peche de 32 tendas e despedimentos e modificacións noutras 94, estimándose un total de ao redor de 1.100 despedimentos.

En Galicia, esa decisión afectaría a tres dos comercios que teñen en Galicia, en tres deles modifícanse as condiciones de traballo (Lugo, Gran Vía en Vigo e Centro Comercial de Marineda en A Coruña) e outras tres cerrarían definitivamente, concretamente a da rúa do Paseo en Ourense, a de Príncipe en Vigo e unha en Ferrol. Peche que afectaría a máis de 65 traballadores e traballadoras.

En Ourense, por exemplo, o drástico ERE que presenta a compañía en toda España, suporía a perda de 18 postos de traballo na cidade e segundo manifesta a representación das persoas traballadoras é unha das tendas máis rendibles que ten a marca en todo o Estado español.

A representación dos traballadores e das traballadoras e as centrais sindicais UGT, CCOO e CIG, consideran absolutamente inxustificada esta medida de destrución de emprego de forma absolutamente arbitraria, sen abordar caso por caso a situación económica, produtiva e organizativa.

En data 22 de abril, en asemblea celebrada polo persoal da tenda, acordouse por maioría a convocatoria de folga, cunha duración de dous días, o venres 30 de abril e o sábado 8 de maio, afectando a paralización ás 24 horas de cada un desas xornadas. Reclamando con esta medida de presión que o ERE se negocie por territorios e a retirada dos despidos nos centros de traballo que non teñen perdas.

O comercio xunto coa hostalería soportan o groso da destrución do tecido produtivo que supuxo que na actualidade catro de cada dez locais comerciais en

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 10:50:27
Nº Rexistro: 15762
Data envio: 05/05/2021 10:50:27.405



Galicia se atopen baleiros, unha taxa histórica que supera a que deixou o estalido da burbulla inmobiliaria no ano 2008. E a perda de emprego en Galicia é moi significativa por canto un de cada sete postos de traballo perdidos en España son galegos segundo a última EPA publicada e cunha subida do desemprego do 11 % entre xaneiro e marzo de 2021. Os 15.700 persoas novas paradas deixan un total de 158.300 desocupados e unha taxa de paro do 13 %.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Conta o Goberno galego cun plan de actuación concreto ante a perda continuada de postos de traballo no sector do comercio téxtil en Galicia?
2. Ten previsto o Goberno galego reunirse cos representantes das persoas traballadoras afectadas polo ERE da empresa H&M co fin de coñecer de primeira man a problemática existente, así como a perda de postos de traballo que se prevén en Galicia derivado do anunciado peche de tendas?
3. Que previsión de actuación ten o Goberno galego ante o posible peche das tendas da empresa H&M en Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de maio do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Martín Seco García
Leticia Gallego Sanromán
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/05/2021 16:50:26**

**Marina Ortega Otero na data 04/05/2021 16:50:34**

**Julio Torrado Quintela na data 04/05/2021 16:50:44**

**Martín Seco García na data 04/05/2021 16:50:50**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 04/05/2021 16:51:01**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 11:29:11
Nº Rexistro: 15766
Data envio: 05/05/2021 11:29:11.014

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de corrección dos problemas derivados da lei de simplificación administrativa e á necesidade de defender a soberanía galega respecto da planificación eólica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A política eólica da Xunta de Galiza está a ter unha forte resposta social, como amosan as contestacións a diferentes proxectos ao longo do país. De Ordes á Serra do Galiñeiro, da Costa da Morte ao Courel, do Deza ao Sur de Ourense… executándese un clamor social diante da falta de transparencia e o enfoque produtivista da Xunta de Galiza.

Porén, o goberno do Partido Popular, malia a forte oposición social, aprobaba hai uns anos a coñecida como "lei de depredación" (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica.

Entre outras medidas, esta nova lei fai saltar polos aires un Plan sectorial eólico que xa era problemático por estar desfasado por ser de hai máis de vinte anos e non ter



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en conta a evolución da tecnoloxía, a necesidade de protección de recursos naturais e de biodiversidade ou os novos retos da axenda contra a crise climática. Así mesmo, non conforme con bloquear durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados a través da Rede Natura e doutros instrumentos, nesta lei o goberno do Partido Popular pon directamente o Plan Director da Rede Natura ao servizo do desenvolvemento industrial.

Entre outros aspectos, tal e como foi sinalado polo Bloque Nacionalista Galego, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza afonda no descontrol eólico, na falta de transparencia ao limitar os prazos de participación e na deriva antidemocrática do goberno galego ao avanzar en dotar de instrumentos de control e planificación ao Consello da Xunta sen participación dos concellos ou dos colectivos afectados. Desta forma, a Xunta de Galiza pode autorizar unilateralmente e con base a criterios subxectivos e non regulados a instalación de parques eólicos fóra do Plan sectorial de 1997.

Sorprendentemente, nas últimas semanas, despois de estar meses en silencio respecto dos proxectos de xestión estatal e de non remitir ao Parlamento Galego copia dos informes remitidos ao goberno central nos procesos de consulta, a Xunta de Galiza avanza a "información negativa" de diversos proxectos, como Rebordechao, Prada, Alto Cabrera, Galiñeiro, Galerna, Brisa, Val do Folgoso, Monte dos Porcallos ou Cefiro con base á non adaptación ao Plan Sectorial eólico mais sen dar máis información ou sen propoñer medidas estruturais que corrixan o problema de fondo, que é a falta de capacidade política para a planificación dun modelo galego.

Resulta sorprendente tamén que despois de vetar reiteradamente as solicitudes de mellora dos procedementos de transparencia agora o goberno galego saque da manga unha presunta "Rede de información provincial" que parece máis ben un novo



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 11:29:11
Nº Rexistro: 15766
Data envio: 05/05/2021 11:29:11.014

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

subterfuxio para manterse na política de falta de información e participación social, toda vez que está dirixida exclusivamente ás administracións locais ao tempo que se furtan dereitos á veciñanza e a colectivos como as comunidades de montes e ao tempo que na lexislación se avanza na coartada da "supramunicipalidade" para restar capacidade ás entidades locais mediante figuras como as "iniciativas empresariais prioritarias" ou a rebaixa de esixencias para a consideración de proxectos industriais estratéxicos.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego defendemos o dereito a decidir de Galiza sobre a súa planificación eólica e levamos tempo esixindo claridade á Xunta de Galiza respecto dos proxectos estatais. Porén, a posición continúa a ser timorata e contrasta coa propia política da Xunta de Galiza respecto dos parques que son da súa xestión.

Estes problemas e a forte contestación social e política deste modelo depredador e espoliador require dunha nova ordenación galega para o sector e de reclamar a capacidade de decisión galega.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai asumir a Xunta de Galiza a súa política eólica fracasada e impulsar medidas para a ordenación do sector e a defensa dos intereses galegos?

. Que vai facer a Xunta de Galiza para atender as esixencias do municipalismo galego respecto de máis transparencia e información?

. Vai limitar os seus anuncios de novos foros de información só ás institucións locais? Por que veta á sociedade civil?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 11:29:11
Nº Rexistro: 15766
Data envío: 05/05/2021 11:29:11.014

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai negociar un novo Plan sectorial eólico?

. Vai defender o goberno galego o dereito a decidir de Galiza respecto da súa planificación enerxética?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Carme González Iglesias**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Daniel Pérez López**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 05/05/2021 11:24:34**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 05/05/2021 11:24:37**

**María do Carme González Iglesias na data 05/05/2021 11:24:46**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/05/2021 11:24:53**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 12:02:19
Nº Rexistro: 15773
Data envio: 05/05/2021 12:02:19.530

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao impulso dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza sofre hoxe un boom eólico sen precedentes. As grandes empresas do oligopolio eléctrico e os gobernos da Xunta e do Estado están a aproveitar a necesidade de desenvolver unha transición enerxética que abandone enerxías fósiles para repetir a historia: facer que Galiza sexa unha gran produtora de enerxía sen capacidade decisión, cun modelo espoliador e depredador deseñado ás nosas costas e ao servizo das grandes empresas, sen participación social e sen garantías de protección medioambiental nin de que o beneficio económico obtido sexa empregado para reverter na xeración de riqueza no noso país.

Esta expansión eólica está a desenvolverse sen unha adecuada planificación e control público e sen garantías para a participación social, a salvagarda do patrimonio natural e dos usos sociais e económicos do noso territorio. Baixo a coartada do “verde” asistimos a un lavado de cara dirixido polo propio oligopolio eléctrico a quen a Xunta de Galiza, e agora tamén o goberno central, poñen unha alfombra vermella.

Este desenvolvemento, que podería parecer positivo, estase a dar de forma abrupta, sen consenso coa sociedade dos lugares afectados e en moitos casos a través



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha fraudulenta fragmentación dos proxectos en proxectos máis pequenos para ocultar o seu verdadeiro impacto. Recentes sentenzas xudiciais como a de Sasdónigas ou da Serra do Iribio dan conta desta situación sinalan tamén o papel da administración galega á hora de rebaixar garantías ambientais e desprotexer espazos singulares, converténdose en parte activa dos problemas que se están a dar ao favorecer un modelo depredador. É necesario apostar polas enerxías renovábeis, pero hai que ter en conta que non por ser renovábeis son inocuas e que tamén deben avaliarse os seus impactos.

Nos últimos anos, cunha forte oposición social, o goberno galego aprobaba a coñecida como "lei de depredación" (Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza) e máis recentemente, coa coartada da covid-19 seguía o camiño de desregulación e descontrol eólico aprobando a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza que afonda na redución de prazos e que pon o territorio galego ao servizo da implantación eólica. Así mesmo, isto acontece despois de que o Partido Popular bloqueara durante os seus gobernos a ampliación da protección de espazos que hoxe deberan estar blindados pola súa importancia para a preservación da biodiversidade e a loita contra a crise climática.

Ademais, isto acontece nun momento de crise industrial onde curiosamente ao mesmo tempo que Galiza bate récords de xeración eólica bate tamén récords de desmantelamento industrial. Non só non hai vinculación desta expansión a proxectos industriais, senón que vemos como empresas vinculadas á fabricación de compoñentes pechan ou son deslocalizadas, como Isowat ou Siemens Gamesa.

Aínda que Galiza nunca antes xerou tanta enerxía eólica (no 2020 foi a segunda comunidade do Estado) e seguimos exportando enerxía eléctrica para outros territorios, non obtemos un retorno xusto que compense o impacto social e ambiental. O noso



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 12:02:19
Nº Rexistro: 15773
Data envío: 05/05/2021 12:02:19.530

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

papel xerador ten que traducirse nun vector de crecemento e desenvolvemento económico no lugar de empobrecernos como fai este modelo absolutamente espoliador. É necesario un cambio de modelo que defenda a participación pública no sector, a través dunha empresa pública galega de enerxía e da participación da Xunta, de Concellos e de colectivos como asociacións veciñais ou comunidades de montes. Así mesmo, Galiza debe ter dereito a decidir sobre como desenvolver a súa planificación enerxética.

Hoxe é un clamor social a corrección da antidemocrática falta de transparencia e información que existe e garantir mecanismos de participación para a sociedade galega. Por estes motivos, desde o BNG reclamamos un cambio de rumbo a prol dun modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai impulsar a Xunta de Galiza un novo modelo de enerxía eólica sustentábel, xusta e galega fronte ao espolio e a depredación?

. Que valoración fai o goberno galego do retorno económico da súa política eólica? E singularmente respecto da creación de emprego?

. Que valoración fai o goberno galego do retorno social da súa política eólica?

. Que valoración fai o goberno galego respecto da falta de transparencia e mecanismos de participación da súa política eólica?

. Vai impulsar un novo marco regulatorio?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Carme González Iglesias**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 05/05/2021 11:55:36**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 05/05/2021 11:55:40**

**María do Carme González Iglesias na data 05/05/2021 11:55:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/05/2021 11:56:00**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

## Á Mesa do Parlamento

**Paloma Castro Rey, Leticia Gallego Sanromán e Pablo Arangüena Fernández,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Para o Goberno do Estado, o Camiño de Santiago é un elemento vertebrador do territorio, e un valor cultural que ten a obriga de protexer, por iso vai velar porque as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Policía Nacional e Garda Civil garantan a total seguridade dos peregrinos/as e visitantes, como dos actos que se poidan celebrar, co fin de ter un Camiño de Santiago seguro.

Ademais de garantir a seguridade, o reforzo da presenza das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado terá como obxectivo a protección do patrimonio cultural e artístico, do medio ambiente, e o normal desenvolvemento de tódolos acontecementos, sociais e relixiosos.

Para iso, fai unhas semanas o secretario de Estado de Seguridade veu a Galicia a presentar un dispositivo especial de seguridade que porase en marcha neste verán 2021.

Este plan estará formado por 3.600 axentes da Policía  Nacional e de Garda Civil e participan as Xefaturas Superiores de Policía de Aragón, Navarra, Cantabria, Castela- León e Galicia a través das diferentes comisarías.

Por outra banda, estableceranse por primeira vez, as Oficinas Móbiles de Atención ao Peregrino (OMAP's) do Camiño de Santiago da Garda Civil, cuxo obxectivo vai ser prestar apoio próximo ao peregrino/a.

Estas oficinas atoparanse ao longo de todo o camiño en lugares e eventos de especial afluencia de peregrinos/as, tanto nacionais como estranxeiros.

Neste ámbito, a Policía Nacional reforzará o traballo dos Centros de Cooperación Policial e Aduaneira destas comunidades autónomas atravesadas polo camiño.

Ademais a aplicación AlertCops do Ministerio do Interior mantén a funcionalidade que reforza a seguridade no Camiño de Santiago e que permite xeolocalizar aos peregrinos que a activen nos seus móbiles.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 13:21:42
Nº Rexistro: 15784
Data envío: 05/05/2021 13:21:42.936

A funcionalidade debe ser habilitada de forma voluntaria polo cidadán/a, permitindo compartir as súas 10 últimas posicións.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguinte preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera importante o Goberno galego a anticipación e coordinación das Forzas e Corpos de Seguridade, de cara aos actos e desprazamentos pola celebración do ano Xacobeo?
2. Que valoración fai o Goberno do Plan Estatal de Prevención e Seguridade previsto para garantir a seguridade no Camiño de Santiago?
3. Entende o Goberno que é necesario un plan de coordinación galego que se adapte ao Plan estatal e veña a complementar o mesmo?
4. Recoñece a Xunta de Galicia a implicación do Goberno do Estado nun Camiño de Santiago seguro?

Pazo do Parlamento, 5 de maio do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Leticia Gallego Sanromán
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 05/05/2021 13:18:17**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 05/05/2021 13:18:24**

**Pablo Arangüena Fernández na data 05/05/2021 13:18:31**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 13:53:14
Nº Rexistro: 15790
Data envío: 05/05/2021 13:53:14.514

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A lexislación educativa é un elemento fundamental do sistema educativo constituíndo unha peza imprescindible no que afecta á organización dos centros. Debe resolver situacións tanto dende o punto de vista pedagóxico e didáctico como de organización e xestión.

A publicación da Lei de ordenación xeral do sistema educativo e a súa implantación supuxeron, entre outras cousas, unha modificación das etapas obrigatorias, as que constitúen as ensinanzas básicas, e a reorganización dos centros educativos.

Para adecuar os centros a esa realidade a consellería competente en materia de educación da Xunta de Galicia ditou normativas específicas que, para o ámbito desta iniciativa, podemos concretar do seguinte xeito:

1. O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, desenvolto pola Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria

2. O Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, desenvolto pola Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

3. O Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, desenvolto pola Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 13:53:14
Nº Rexistro: 15790
Data envío: 05/05/2021 13:53:14.514

A anterior normativa non foi obxecto dunha adecuación ás distintas normativas que se foron ditando, tanto dende o Estado como dende a propia Xunta de Galicia, constituíndo a día de hoxe un corpo normativo derrogado de feito nalgúns casos e superado pola actual realidade noutros. Así, podemos citar as competencias dos consellos escolares dos centros e das direccións dos mesmos, o sistema de selección das direccións dos centros públicos, a formación do profesorado, distintos documentos administrativos ou outros de tanta relevancia como a atención á diversidade do alumnado ou a participación dos centros escolares en proxectos impulsados pola Administración educativa, entre outros.

O feito de que esteamos a falar de normativa con 25 anos dende a súa redacción e os cambios experimentados en múltiples ámbitos nese período, fan, a todas luces, necesaria unha actualización. Toda a experiencia acumulada ao longo destes anos na aplicación da normativa existente, recoñecendo os elementos que deron unha resposta axeitada ás necesidades para as que foron deseñados, pero tamén aqueles aspectos que non o fixeron, constitúen unha base sólida para enfrontar a súa reformulación.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera a Consellería de Cultura, Educación e Universidade necesaria a redacción de novos regulamentos orgánicos para os centros de educación infantil e primaria, centros públicos integrados e institutos de educación secundaria?

2ª) Se for o caso, cando vai iniciar esa redacción?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/05/2021 12:24:44**

**Noa Susana Díaz Varela na data 05/05/2021 12:24:58**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 17:27:01
Nº Rexistro: 15801
Data envío: 05/05/2021 17:27:01.022

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Rodríguez Dacosta, Pablo Arangüena Fernández, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela,** deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Foi en febreiro de 2021 cando o Grupo Parlamentario Socialista presentaba unha serie de iniciativas a raíz de que en xaneiro de 2021 o persoal do sector de limpeza da Coruña, secundaron unha mobilización convocada polos sindicatos UGT, CCOO e CIG en demanda dun convenio provincial digno, en rexeitamento dunha conxelación salarial que formula a Patronal con eliminación de dereitos establecidos no convenio colectivo coma o da xubilación parcial, propostas todas elas tachadas coma " tomadura de pelo" pola parte sindical.

Denunciaban as centrais sindicais a non aplicación dun artigo do convenio colectivo, concretamente o artigo 8, que reserva ás traballadoras e traballadores a tempo parcial as vacantes que haxa para postos a tempo completo, así coma o intento agora de eliminalo.

A maior abundancia manifestan que o convenio leva bloqueado dende hai máis dun ano, que data do 2017 (BOP 23 de marzo do 2017), publicándose unha revisión salarial no 2019 ( BOP 26 de marzo do 2019) de só un 1,2 %, o IPC, determinando un salario mensual de unha limpadora ou limpador de 928,67 euros mensuais a xornada completa.

Instaban por elo a un incremento salarial, concretamente dun 1,5 % con carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2020 e abrir a negociación a unha subida salarial para este ano 2021.

A Patronal por contra propón a conxelación salarial para o ano 2020 e unha subida dun 0,8 % para o 2021 e a perda de dereitos laborais, nun ano no que o contrario que a maioría de sectores produtivos, incrementouse a limpeza e desinfección de edificios como centros educativos, centros de Atención Primaria, empresas, concellos, centros deportivos e demais, incrementándose por tanto a carga de traballo e por conseguinte os ingresos das empresas do sector.

Advertían os sindicatos UGT, COO e CIG xa daquela que si non se producía unha modificación na postura da Patronal, convocarían unha folga e insisten en

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

que a mobilización do venres día 22 de xaneiro era a primeira dun calendario de protestas.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Socialista instaba o Goberno galego a que en previsión da posible convocatoria de folga no sector de limpeza da Coruña, en reivindicación dun convenio colectivo digno para os traballadores e traballadoras, establecera un plan de actuación ante esta continxencia. Cousa que non fixo.

E tamén lle preguntabamos que valoración facía o Goberno galego da posición da Patronal na negociación colectiva do convenio de limpeza de edificios e locais da Coruña, en referencia a proposta de eliminación do artigo 8 do convenio colectivo, que reserva ás traballadoras e traballadores a tempo parcial as vacantes que haxa para postos a tempo completo, así coma o intento agora de eliminalo, o que fomentaría o emprego a tempo parcial e precario neste sector .

Lonxe de arranxarse a situación e ante a falta de acordo na negociación colectiva e sen que a Xunta de Galicia actuase os sindicatos CIG, UGT e CC.OO veñen de convocar novas xornadas de folga no sector de limpeza na provincia da Coruña, os días 11 e 12 de maio, para reclamar melloras laborais. Están chamados a participar preto de 10.000 traballadores, maioritariamente mulleres, os que se une nesta ocasión a convocatoria tamén de entre 350 e 400 traballadores do persoal de limpeza da Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia, Valedor do Pobo e Universidade de Santiago de Compostela. Inda que nestes centros públicos, contan cunhas condicións salariais melloras que no convenio de limpeza da provincia, tamén se vén afectados por varias cláusulas coma a xubilación parcial. En futuras mobilizacións prevese sumar o persoal dos hospitais do Sergas nas provincias de Santiago, A Coruña e Ferrol.

Debemos ter en conta que o sector da limpeza é un sector feminizado e altamente precario, e este grupo político defende todas aquelas cláusulas dos convenios que loiten contra a precariedade laboral que están a sufrir as mulleres en Galicia.

O Partido Socialista de Galicia avoga por non estender a precariedade laboral a un maior número de traballadores e desexamos que non se bloquee a negociación entre sindicatos e patronal, negociación na que debe rexer o principio de boa fe, co fin de chegar a un acordo que se reflexe nun convenio colectivo digno para as traballadoras e traballadores de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 17:27:01
Nº Rexistro: 15801
Data envio: 05/05/2021 17:27:01.022

Traballadoras e traballadores os que o Grupo Parlamentario Socialista quere facer un recoñecemento pola súa dedicación laboral e espírito de solidariedade que fixeron e fan, nesta crise sanitaria, a nosa vida máis segura.

E non podemos deixar de preocuparnos porque o bloqueo da negociación puidera dar lugar a unha crise sanitaria ao constituír a desinfección de centros públicos un labor esencial que garanta a seguridade das persoas usuarias.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que previsión de actuación ten o Goberno galego ante a posible convocatoria de folga no sector de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña polos sindicatos UGT, COO e CIG e o grave problema de seguridade sanitaria que ocasionaría e que afectaría a cidadanía galega?
2. Pensa o Goberno galego mediar no conflito colectivo xerado na negociación do convenio de limpeza de edificios e locais, ante a convocatoria de folga rexistrada e o grave problema de seguridade sanitaria que ocasionaría e que afectaría á cidadanía galega?

Pazo do Parlamento, 5 de maio do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Pablo Arangüena Fernández
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/05/2021 17:23:53**

**Pablo Arangüena Fernández na data 05/05/2021 17:24:01**

**Marina Ortega Otero na data 05/05/2021 17:24:11**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 17:27:01
Nº Rexistro: 15801
Data envío: 05/05/2021 17:27:01.022

**Julio Torrado Quintela na data 05/05/2021 17:24:23**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 17:40:06
Nº Rexistro: 15803
Data envio: 05/05/2021 17:40:06.162

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á conservación e posta en valor do BIC da Torre de Teodomiro (Aranga).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O denominado como castelo, Torre de Teodomiro, ou Castrum Feacium estivo "perdido" longo tempo. Coñecido a través da obra de Manuel Martínez Santiso e Alfredo Erias, "Historia de la Ciudad de Betanzos" de 1987, até ao de agora non se determinara o seu emprazamento preciso.

A pesar de non saber a situación exacta da fortificación seu valor documental é grande, posto que a noticia emana do Cronicón de Walfrido, segundo o cal o Rei Teodomiro da Suabia mandara construír unha fortaleza militar no "Monte Cato" coñecida como "Castrum Feacium". Estes dous topónimos aínda perduran localmente en forma de Monte do Gato, e de Feás.

En todo caso o Cronicón estaría informando dunha importante actuación, a construción dunha fortaleza por parte dun rei, nun contexto viario moi importante: fronte a camiño real que unía Betanzos con Curtis, Sobrado ou Lugo. O camiño que tomaron tempo mais tarde, no ano 995, os viquingos para chegar a Santaia de Curtis.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, non resultaría moi razoábel a alteración dun entorno que puidese comportar a perda dun importante documento sen antes non ter feito un profundo traballo de prospección que determinara o seu emprazamento. Poderíase perder un importante documento da chamada Época Escura pola súa escaseza documental

Recentemente, aplicando novidosas técnicas de análise xeográfica, volveuse examinar a contorna do lugar denominado Castelo, sito no concello de Oza-Cesuras, e que figura na cartografía española oficial. Por tanto un lugar real.

Así ten aparecido unha fortificación típica da Alta Idade media, nas abas do Monte do Gato, no lugar de Castelo de Arriba, que consta dunha muralla elipsoidal e probabelmente un corpo central.

Unha vez confirmadas as noticias históricas cumpre realizar unha prospección sistemática que permita a delimitación planimétrica do ben.

A fortaleza, xunto con seu valor documental, é un monumento salientábel dentro da comarca, tendo en conta a escaseza deste tipo de fortificacións e a súa posición estratéxica, nun entorno ben conservado e significativo.

Non se pode considerar como algo menor; é un produto xenuíno da súa época, da capacidade construtiva naquel momento, e da estruturación e uso do territorio.

Actualmente están en tramitación 6 proxectos de parques eólicos -PE Felga, PE Feás, PE Seselle, PE Fontella, PE Gato e PE Penas Boas- na zona do Monte do Gato que poderían afectar a esta torre, catalogada como BIC, como se fixo constar nas alegacións que como BNG presentamos ao proxecto do parque eólico Gato, que tería unha afectación directa sobre esta Torre.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que medidas ten pensado levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a conservación e posta en valor do BIC da Torre de Teodomiro?

-Está tramitando a Xunta algún expediente para promover a descatalogación deste ben patrimonial para permitir a construción dos parques eólicos na zona, sacrificando así este importante patrimonio?

-Ten coñecemento o Goberno galego que nas últimas datas se localizou unha posíbel ubicación da Torre de Teodomiro e se está a redactar un proxecto de prospección arqueolóxica para a súa escavación?

-Pensa, en consecuencia, conceder este permiso de prospección e paralizar a tramitación dos parques eólicos que afectarían directamente a este BIC?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 17:40:06
Nº Rexistro: 15803
Data envio: 05/05/2021 17:40:06.162

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas  na data 05/05/2021 17:37:44**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral  na data 05/05/2021 17:37:47**

**Daniel Castro García  na data 05/05/2021 17:37:54**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 10:27:37
Nº Rexistro: 15814
Data envío: 06/05/2021 10:27:37.951

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Hai cinco meses, a Comisión 6ª do Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista que lle pedía á Xunta de Galicia que constituíse unha mesa de traballo multilateral co fin de acadar a homologación do Camiño dos Faros, unha homologación que leva dous anos paralizada e pendente dun goberno galego que semella que unha iniciativa de éxito como é esta ruta de sendeirismo, para as comarcas de Bergantiños e a Costa da Morte, non lle preocupa.

Con esta proposta, a unanimidade dos grupos do Parlamento reclamáballe á Xunta de Galicia a constitución dunha mesa de traballo na que ademais do executivo galego participasen a Deputación da Coruña, os alcaldes dos 9 concellos polos que transcorre o Camiño dos Faros, a Asociación de Turismo Costa da Morte –ATCM-, a Asociación Camiño dos Faros, a Federación Galega de Montañismo e aqueles outros organismos e colectivos que a propia mesa estime conveniente polo seu recoñecemento e competencias nos ámbitos que o asunto requira.

O obxectivo desta iniciativa era conseguir a homologación e planificar o futuro dunha actividade que mobiliza ata 20.000 visitas anuais á Costa da Morte e Bergantiños. Dende o Grupo Socialista seguimos apostando por un Camiño dos Faros tal e como está configurado actualmente e non roubarlle o nome nin diluílo noutro tipo de proxecto que utilicen grandes consultoras para un mero uso economicista e deixando na cuneta o realmente importante. Resulta necesario salvar os escollos, principalmente medioambientais, coa titularidade das leiras ou a porcentaxe de asfalto que presenta a proposta, coas modificacións propostas pola propia Asociación Camiño dos Faros, promotora do proxecto ou outras que se pactasen na mesa que se debería constituír.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 10:27:37
Nº Rexistro: 15814
Data envio: 06/05/2021 10:27:37.951

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

Nestas datas a Asociación Camiño dos Faros tivo unha reunión coa Federacion Europea de Senderismo porque O Camiño dos Faros pode ter o selo *Leading Quality Trail*, a única en España, como así indica o proxecto realizado. Algo que teñen claro na Federación Europea, pero que aquí segue sen desbloquearse por parte da Xunta de Galicia que non cumpre co acordo do mes de decembro de 2020 e nin tan sequera se puxo en contacto cos alcaldes afectados para ver como comezar a facer as reunións que consigan a dita homologación.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) A que está esperando o Goberno galego para constituír a mesa de traballo para conseguir a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido, despois de que fose aprobado pola unanimidade dos grupos do parlamento hai 5 meses?

2ª) Ten presente o Goberno galego que está a poñer en risco a seguridade dos sendeiristas que acoden á dita ruta e o respecto medioambiental ao territorio por onde transcorre, cada día que evitan sentarse a resolver os problemas da homologación do Camiño dos Faros?

3ª) Ten presente o Goberno galego a importancia económica que ten esta ruta para os concellos por onde transcorre o camiño e as posibilidades que abre para as economías dunhas comarcas que necesitan dese apoio?

4ª) Cre o Goberno galego no proxecto do Camiño dos Faros, tal e como está establecido en liñas xerais e non como parte dun proxecto máis amplo?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 05/05/2021 13:55:32**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 10:27:37
Nº Rexistro: 15814
Data envio: 06/05/2021 10:27:37.951

**María Leticia Gallego Sanromán na data 05/05/2021 13:55:47**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 11:55:52
Nº Rexistro: 15823
Data envio: 06/05/2021 11:55:52.466

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao desenvolvemento do Corpo Galego de Policía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai escasos días o Parlamento de Galiza vén constatar problemas na organización e funcionamento no denominado Corpo Nacional de Policía que actúa en Galiza. Así o Parlamento de Galiza apreciou que a centralización en A Coruña das Salas do 091 que atendían as demandas da cidadanía de Ourense e Lugo -como antes se fixera en Vigo coas de toda a provincia de Pontevedra- supuña un grave deterioro na prestación do servizo de seguridade pública do que, en boa medida, depende o exercicio doutros dereitos fundamentais e liberdades públicas das persoas. Axentes encargados da seguridade cidadá expresaban que como consecuencia das medidas organizativas adoptadas un 40% das chamadas de auxilio e atención realizadas pola cidadanía de Lugo ficaron sen atender.

O pronunciamento do Parlamento viña a evidenciar que as medidas adoptadas no seu día polo goberno do Partido Popular no Estado e que podían servir para outros territorios eran totalmente improcedentes para Galiza.

Máis recentemente, apenas hai uns días, un sindicato policial denunciaba que “durante a meirande parte do pasado fin de semana (10/11 de abril) a cidade de Ourense ficaran sen servizo de radiopatrullas” tendo que derivar os requirimentos cidadás a



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outros corpos e forzas de seguridade. O propio sindicato policial remataba o seu comunicando denunciando o abandono e á deficiente xestión institucional á que se ven sometidos os policías e a cidadanía de Ourense.

A falla dunha organización dos FFCCSS axeitada á realidade galega, o déficit de medios materiais e dun número de efectivos inferior ao catalogo aprobado constitúen eivas evidentes para unha eficaz prestación do servizo de seguridade e protección á cidadanía galega. Extremo que foi recoñecido en sede parlamentar polo propio Presidente da Xunta ao analizar o control das medidas acordadas na xestión da pandemia.

Malia a realidade exposta, non consta que o Goberno Galego, alén da súa utilización partidaria, estea a realizar actuación algunha para corrixir de vez os problemas constatados que, como fica exposto, atinxe ao dereito á seguridade, mais tamén ao libre exercicio doutros dereitos fundamentais e liberdades públicas.

Por outra banda, no ano 2007 o parlamento galego aprobou a Lei 8/2007, de 13 de xuño, de Policía de Galiza, que prevía que o instituto armado galego tería competencias no ámbito da seguridade cidadá e exercería as función de policía administrativa e xudicial.

En canto ás súas funcións, recollidas no artigo 15, establecese que:

*1. O Corpo de Policía de Galicia, consonte o art. 5 desta lei, exercerá as seguintes competencias e funcións:*

*a) No ámbito de seguridade cidadá:*



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 11:55:52
Nº Rexistro: 15823
Data envio: 06/05/2021 11:55:52.466

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*1º A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da Comunidade Autónoma de Galicia, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos seus servizos.*

*2º Prestar auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública e participar na execución dos plans de protección civil na forma en que se determina nas leis.*

*3º Prestar auxilio nas actuacións en materia de salvamento, se é requirido para iso.*

*4º As demais funcións legalmente atribuídas, especialmente:*

*- Protexer as persoas e os bens.*

*- Manter a orde pública, de acordo co ordenamento xurídico.*

*- Vixiar os espazos públicos.*

*- Protexer e colaborar nas manifestacións e manter a orde pública nas grandes concentracións humanas cando fose requirido para iso.*

*- Prever a comisión de actos delituosos e intervir cando fosen cometidos.*

*- Intervir na resolución amigable de conflitos privados se fose requirido.*

*- Cumprir as funcións de protección de seguridade cidadá atribuídas ás forzas e corpos de seguridade pola Lei orgánica 1/1992.*

*b) No ámbito de policía administrativa :*



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*1º Velar polo cumprimento das leis e disposicións do Estado aplicables en Galicia e garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*2º Velar polo cumprimento das leis de Galicia e das normas, disposicións e actos emanados das demais institucións e órganos da Comunidade Autónoma, mediante as actividades de investigación, inspección e denuncia, e a execución forzosa das súas resolucións.*

*3º A inspección das actividades sometidas á ordenación ou disciplina da Comunidade Autónoma de Galicia, denunciando toda actividade ilícita.*

*Na execución deste tipo de funcións prestarase especial atención a:*

*- Velar polo cumprimento da normativa vixente sobre medio ambiente, recursos mariños, caza, gandaría, saúde pública, incendios forestais, pesca fluvial, ordenación urbanística, protección de camiños, costas e asuntos marítimos, transporte e contaminación acústica.*

*- Velar polo cumprimento da normativa sobre o patrimonio histórico e cultural galego para evitar o seu espolio ou destrución e para garantir a súa salvagarda e protección.*

*- No marco das funcións que lle atribúa a normativa específica, vixiar e controlar o cumprimento da lexislación vixente en materia de xogo e de espectáculos.*

*4º Vixilancia e control do tráfico nas vías interurbanas do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.*



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*5º Vixiar, inspeccionar e controlar as empresas de seguridade privada, os seus servizos e actuacións e os medios e persoal ao seu cargo, nos termos establecidos na lexislación vixente.*

*6º Informar, asistir e orientar os cidadáns.*

*7º Colaborar coas institucións públicas de protección e tutela de menores na consecución dos seus obxectivos, de conformidade coa lexislación civil, penal e penitenciaria do Estado.*

*8º Colaborar coas institucións públicas e privadas de protección e tutela da inmigración e con aqueloutras que teñan como obxectivo previr e evitar calquera forma de marxinación.*

*9º Colaborar coas institucións públicas de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero.*

*10º As demais funcións que lle atribúa a lexislación vixente.*

*c) No ámbito de policía xudicial, aquelas funcións que lle correspondan de acordo co establecido no art. 126 da Constitución, na Lei orgánica do poder xudicial e na restante normativa vixente.*

*2. As funcións enumeradas no punto anterior cumpriranse baixo os principios de cooperación, coordinación e mutua colaboración co resto de forzas e corpos de seguridade.*

*3. Ademais, a Policía de Galicia poderá asumir todas aqueloutras funcións que sexan delegadas ou transferidas á Comunidade Autónoma pola vía do art. 150.2 da Constitución, así como aqueloutras que lle sexan encomendadas.*



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 11:55:52
Nº Rexistro: 15823
Data envío: 06/05/2021 11:55:52.466

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta o tempo transcorrido, a falta de desenvolvemento e cumprimento da lei de policía galega e a falla de correspondencia entre a realidade galega e a reorganización das FFCCSS, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que previsións ten o Goberno galego en relación co desenvolvemento da Lei de policía galega?

. Considera o Goberno galego que o despregamento e organización dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado en Galiza axústanse á realidade galega?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Luis Bará Torres**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/05/2021 11:51:37**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/05/2021 11:51:46**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 11:55:52
Nº Rexistro: 15823
Data envio: 06/05/2021 11:55:52.466

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 06/05/2021 11:51:53**



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 12:40:07
Nº Rexistro: 15828
Data envío: 06/05/2021 12:40:07.387

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Despois de debater en varias ocasións sobre o desenvolvemento eólico en Galicia e a forte expansión que pode ter en vindeiras datas, tendo en conta os proxectos planificados no noso territorio, o Partido Popular non aceptou ningunha das propostas que o PSdeG-PSOE levou a pleno e o Goberno galego non asumiu que existise ningún dos problemas que lle manifestamos dende o Grupo Socialista, que sempre puxemos de manifesto a nosa aposta pola implantación de enerxía eólica en Galicia, pero facelo poñendo solucións ás eivas que o actual sistema expoñía e democratizando o modelo eólico de Galicia que ter unha nova planificación máis axeitada aos tempos actuais, debería de ser máis transparente e participativo, debería deixar máis beneficio económico no territorio e ser máis respectuoso co noso medioambiente e as actividades económicas do noso rural.

No mes de decembro de 2020, o Grupo Socialista presentou unha moción que lle pedía ao Goberno galego cuestións deste tipo, entre elas a creación dunha oficina de asesoramento técnico, administrativo e medioambiental, para concellos e comunidades afectadas por procesos de desenvolvemento de actividade eólica no seu territorio.

Na interpelación previa, o vicepresidente 2º non recoñeceu ningunha das eivas expresadas polo noso grupo e nesta moción o PP votou en contra das propostas feitas.

O 3 de maio de 2021, a Xunta de Galicia emitiu unha nota de prensa que dicía que o vicepresidente Económico e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, avanzaba que a Xunta ía crear unha rede de información provincial para que os concellos poidan coñecer os futuros proxectos eólicos que se vaian desenvolver na Comunidade antes de iniciar a súa tramitación. Continuaba dicindo que se trataba dunha medida coa que o Goberno galego quere ofrecer a máxima transparencia e colaboración ás administracións locais.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 12:40:07
Nº Rexistro: 15828
Data envío: 06/05/2021 12:40:07.387

Conde explicaba que esta rede de información provincial permitirá que, antes de proceder á preceptiva exposición pública dos proxectos priorizados, se poida dar información de primeira man aos concellos nos que se previu implantar. O obxectivo é que as administracións locais coñezan as súas características sen prexuízo das alegacións que este organismo, así como calquera outra persoa ou entidade da zona, poida presentar no trámite de exposición pública común.

Tendo en conta que son múltiples as mocións que os alcaldes e grupos municipais do Partido Popular están a aprobar por toda Galicia, pedíndolle á Xunta de Galicia que faga as modificacións que pide o PSdeG-PSOE e que o propio vicepresidente emenda o voto do seu propio grupo parlamentario no mes de decembro de 2020 cando votaba en contra da "*Creación dunha oficina de asesoramento técnico, administrativo e medioambiental, para concellos e comunidades afectadas por procesos de desenvolvemento de actividade eólica no seu territorio*", algo que agora di que vai desenvolver en nota de prensa, cremos que é hora de abrir de novo o debate para implementar un novo modelo, que aposte pola implantación de enerxía eólica en Galicia pero que o faga democratizando o sector, como fixo con esta decisión que acaban de tomar.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Recoñece o Goberno galego que hai que abrir un debate sobre o modelo de implantación de enerxía eólica en Galicia, modificando as eivas que detectan moitos colectivos e concellos afectados, como a dunha oficina de información que agora afirman que abriran e hai 5 meses non consideraban necesaria?

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Seco García na data 06/05/2021 12:38:02**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 06/05/2021 12:38:14**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 13:56:48
Nº Rexistro: 15837
Data envío: 06/05/2021 13:56:48.497

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Galicia tivo un forte desenvolvemento eólico dende o ano 1997 ata o 2008 grazas á existencia de excelentes condicións para o aproveitamento eólico no noso territorio pero tamén a un marco regulador que favoreceu ese desenvolvemento. Coa entrada no goberno do PP de Alberto Núñez Feijóo chegou a falta de aposta polo sector, unida á inseguridade xurídica creada polo novo Goberno da Xunta de Galicia, todo isto sumado ás políticas de bloqueo ás enerxías renovables que se levaron a cabo dende o Goberno do Estado baixo a Presidencia de Mariano Rajoy, que implicaron a paralización do crecemento do sector eólico ata o ano 2018.

Dende o ano 2009 ata o 2018, ambos incluídos, unicamente foron instalados 277 MW. Isto supuxo unha caída millonaria no investimento en Galicia e a perda da oportunidade de creación de moitos postos de traballo. No ano 2019 volveu crecer en Galicia a potencia instalada en parques eólicos, con 415,24 MW e 18 parques novos, case o dobre do instalado nos 10 anos anteriores, e no 2020 chegarase a preto dos 4.000 MW no noso territorio. As previsións para o decenio 2020-2030 apuntan a que se construísen uns 4.500 MW novos, o que suporá máis do dobre da potencia instalada actualmente. O éxito da instalación desa potencia eólica no pasado é resultado dun marco regulador moi determinado, con aspectos positivos, pois incrementou a capacidade instalada e axudou a loitar contra o cambio climático, pero en Galicia levouse a cabo sen a participación necesaria por parte da sociedade, unha situación que naquel momento non xerou oposición social pero co tempo está a xerar conflitividade social e medioambiental, como figura no propio informe da Valedora do Pobo presentado recentemente e as mobilizacións que existen en moitos concellos afectados.

As comunidades afectadas denuncian a falta de transparencia na información e o deficiente asesoramento que reciben da Administración autonómica, ademais de que arredor do 50 % da potencia xa instalada está en zonas da Rede Natura e moitos concellos denuncian a escasa distancia das vivendas da súa veciñanza na que están sendo instalados os ditos parques. Nun momento no que o sector está a experimentar un forte relanzamento, para o Grupo Parlamentario Socialista é de máxima importancia non repetir os erros cometidos no pasado, establecendo para

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 13:56:48
Nº Rexistro: 15837
Data envío: 06/05/2021 13:56:48.497

iso unha regulación que favoreza a implantación da enerxía eólica pero procure minimizar o impacto ambiental das instalacións. Especial atención debe merecer o fraccionamento de parques eólicos que constitúen unha única explotación pero se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental se faga polo Estado, unha situación que se está a producir en distintos lugares da nosa comunidade, en clara vulneración da lexislación vixente.

A enorme cantidade de proxectos eólicos en curso afecta a unha gran parte do noso territorio, incluíndo zonas con gran valor ambiental e paisaxístico, sendo necesario, ademais, considerar a forte implantación preexistente da eólica no noso territorio e os efectos ambientais de todo tipo que produce a implantación de parques eólicos (sobre as aves, sobre a fauna e flora, sobre os cumios das serras, sobre os recursos fluviais, etc).

Ademais, parte dos proxectos en curso afectan a zonas contempladas nas previsións de ampliación da Rede Natura 2000, reclamada desde hai tempo pola UE, xa proxectada polo goberno de Emilio Pérez Touriño pero que foi paralizada polos gobernos do Sr. Feijóo, e a pesar de ser anunciada en 2011 e 2017, nunca levada a cabo cando a superficie protexida en Galicia pola Rede Natura é menos da metade da media estatal.

Por outra banda, as valiosas zonas húmidas de Galicia (incluídas as turbeiras presentes en moitos dos lugares onde está previsto instalar parques eólicos) apenas están a ser contempladas nos estudos de impacto ambiental, dado que, coa excepción das cinco zonas húmidas protexidas en Galicia, nin sequera están incluídas no inventario de zonas húmidas previsto pola propia normativa autonómica desde hai máis dunha década e que nunca foi realizado, e malamente se pode protexer o que non existe oficialmente.

A todo o anterior únese o feito de que o Plan eólico de Galicia data do ano 1997, e a avaliación ambiental estratéxica non foi implantada no noso país ata o ano 2006, polo que o plan non foi avaliado estratexicamente desde o punto de vista medioambiental, o cal implica que non ten en conta os efectos acumulativos dos parques nin o impacto conxunto das instalacións, entre outras deficiencias.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como vai garantir a Xunta de Galicia que a enorme cantidade de proxectos eólicos que está previsto desenvolver na próxima década non teña un elevado

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 13:56:48
Nº Rexistro: 15837
Data envío: 06/05/2021 13:56:48.497

impacto ambiental sobre o noso territorio, que xa ten unha elevada presencia de parques eólicos?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que un instrumento tan importante e con tanto impacto sobre o territorio como o plan eólico de Galicia non debe ser avaliado estratexicamente desde o punto de vista ambiental?

3ª) Vai a Xunta de Galicia garantir que a implantación de novos proxectos eólicos non se faga sobre os espazos contemplados para a tanto tempo dilatada ampliación da Rede Natura 2000?

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 06/05/2021 12:49:46**

**Martín Seco García na data 06/05/2021 12:50:07**

**Paloma Castro Rey na data 06/05/2021 12:50:23**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15844
Data envio: 06/05/2021 14:03:15.591

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O pasado día 30 de abril remataba o prazo para que o Estado español remitise a Comisión Europea o denominado  Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia, plan que constitúe a expresión dos investimentos e reformas que se pretenden levar a cabo no conxunto do Estado de acordo coas premisas negociadas no Consello Europeo no mes de xullo do ano 2020.

Previamente á remisión do Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia,  no ámbito de cada Ministerio do Goberno de España,  abríase unha ventanilla para que as empresas e administracións interesadas en financiar proxectos con cargo aos Fondos Next Generatión fixese formulación da denominada “ Manifestación de Interese“ .

O obxectivo das Manifestacións de Interese é, en resumidas contas, recoller ideas, identificar proxectos en diferentes áreas de interese susceptibles de captar fondos NG, para deste xeito elaborar polo Goberno de España as convocatorias de axudas que rexerán na adxudicación dos proxectos.

De acordo coa información facilitada pola Xunta de Galicia, o Goberno galego ten remitido ao Estado un total de 354 proxectos (107 públicos e 247 do sector privado) para a súa incorporación o Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia. A denominada candidatura galega aos fondos Next Generatión conformouse de xeito totalmente opaco, sen transparencia e sen coñecemento algún das forzas políticas que conforman a oposición no Parlamento autonómico.

O contrario do que sucedeu noutras comunidades autónomas como País Vasco, Valencia, Baleares... etc, que si lanzaron convocatorias de Manifestacións de Interese para conformar as respectivas candidaturas autonómicas con carácter previo o día 30 de abril, en paralelo as Manifestacións de Interese lanzadas a nivel estatal polos ministerios, Galicia non fixo absolutamente nada.

Por esta razón, chama a atención que o Goberno galego, novamente instalado na propaganda permanente, anuncie o pasado 30 de abril convocatorias de Manifestacións de Interese a respecto dos proxectos europeos unha vez que o

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia xa está remitido a Bruxelas e toda vez que o Goberno galego xa ten publicitado os 354 proxectos da denominada candidatura galega.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista denunciamos novamente a falla de criterio, rumbo e orientación da Xunta de Galicia en torno o que ten que ver coa chegada a Galicia dos Fondos Next Generation.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que motivos asisten a Xunta de Galicia para lanzar convocatorias de Manifestación de Interese os Fondos Next Generation unha vez que xa se ten remitido a Madrid a denominada galega e unha vez que o Estado español ten remitido a Bruxelas o Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia?
2. Cales son os motivos que impediron a Xunta de Galicia abrir as Manifestacións de Interese con carácter previo á remisión da candidatura galega conformada por 354 proxectos?

3. A apertura de Manifestacións de Interese por parte da Xunta de Galicia significa que o Goberno vai lanzar convocatorias públicas e baixo concorrencia competitiva de ámbito exclusivamente autonómico? Neste caso, cales serían os criterios que vai empregar a Xunta de Galicia para adxudicar os proxectos?

4. Vai xogar algún papel na adxudicación dos proxectos a Sociedade recentemente constituída pola Xunta de Galicia, Abanca, Reganosa e Sogama?

Pazo do Parlamento, 6 de maio do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Juan Carlos Francisco Rivera  na data 06/05/2021 13:57:10**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  na data 06/05/2021 13:57:18**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

A situación da Atención Primaria vén sendo obxecto de debate e de queixas continuadas por parte de colectivos de profesionais e persoas usuarias do sistema sanitario de Galicia nos últimos tempos. A pandemia provocada pola Covid sinalou, especificamente, a relevancia da primaria no conxunto do sistema sanitario, evidenciado na necesidade de que fosen os profesionais deste nivel asistencial os que afrontasen un volume de demanda moi elevado por parte da cidadanía.

Lonxe de ser resoltos os problemas enquistados dende hai anos na Atención Primaria (falta de profesionais, organización dos centros, presencia da primaria nos órganos de dirección, coordinación entre a dirección do sistema sanitaria e profesionais…), a pandemia intensificou estes problemas e fíxoos de necesaria e urxente resolución. Medidas como o inicio dun estudio serolóxico autonómico, sen consultar nin coordinar cos profesionais de primaria e existindo un estudo realizado xa polo Goberno de España, antes de dotar de medios de protección aos propios profesionais ou a negativa a realizar contratacións extraordinarias necesarias para dotar ao sistema de primaria dos medios axeitados puxeron de manifesto que, a pesares de todo, non existen avances para a mellora deste nivel asistencial.

Non en tanto as políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor Comunidade Autónoma de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira Comunidade Autónoma con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90 % de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98 % (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

A pesar diso, nos últimos 10 anos Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo. Os últimos anos, a partir da chegada do goberno de Pedro Sánchez, foron concedidas a Galicia o maior número de prazas MIR da historia, tamén no específico de medicina de familia e pediatría.

A presencialidade ou non na Atención Primaria está sendo obxecto tamén de debate na actualidade, quedando os profesionais de primaria expostos a unha análise e culpabilidade inxusta por culpa de que a Consellería de Sanidade non defende a súa labor correctamente. En troques de explicar correctamente o funcionamento do sistema, e de dotar os medios (persoais e materiais nas infraestruturas) para que poida ser retornada a presencialidade aos niveles que sexan mellores, os profesionais vense expostos a que se permita transmitir a idea de que os centros están pechados ou de que son os médicos/as quen non quere atender en primaria. Con este funcionamento, ademais, estase afondando na fenda entre atención primaria e atención hospitalaria, dividindo ao persoal e confrontando entre profesionais do sistema, o que resulta inaceptable.

Os recentes acordos de xestión feitos públicos, que non foron en ningún caso negociados e son impostos pola Consellería, alimentaron unha idea perversa sobre a actitude e funcionamento dos centros de primaria e promoveron unha visión negativa dos profesionais para librar supostas responsabilidades da dirección da Consellería. Estes AdX, entre outras cousas, poñen en valor decisións sobre presencialidade que non dependen nin dos propios profesionais, co que se transmite unha idea absolutamente delirante do funcionamento dos centros de saúde.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que criterios basearon a decisión tomada para impoñer os AdX recentemente anunciados nos que se promociona a presencialidade a base de criterios non dependentes dos profesionais?
2. Está considerando a Consellería de Sanidade rectificar a súa posición e retirar os AdX publicitados e enviados aos profesionais?

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15850
Data envio: 06/05/2021 16:07:05.872

3. É consciente o Goberno de Galicia que está descargando a responsabilidade do funcionamento estrutural dos centros de saúde sobre os profesionais que non teñen competencias para esas decisións?

4. Sabe o Goberno de Galicia que os criterios incluídos nos AdX como obxectivos dos profesionais, como o volume de presencialidade, non depende dos propios profesionais senón da mesmo Goberno?

Pazo do Parlamento, 6 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 06/05/2021 15:55:10**

**Marina Ortega Otero na data 06/05/2021 15:55:17**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Á Mesa do Parlamento**

**Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A relación natural entre o porto e os espazos urbanos ten en Galicia unhas características particulares. Como é habitual en case todas as vilas e pobos mariñeiros, a vida portuaria foi sempre ligada ao desenvolvemento da propia poboación, e a vinculación urbanística entre ambos espazos estivo sempre ligada. A estruturación administrativa causou unha dicotomía que, na maior parte dos pobos e vilas costeiras con entidade portuaria, provoca a confluencia de intereses de entidades administrativas distintas como son o Porto e os concellos.

De xeito especial esta relación está condicionada no plano urbanístico polo amplo espazo sobre o que o Porto ten responsabilidade administrativa, por ser da súa titularidade, froito do crecemento sobre o mar que as actividades portuarias foron desenvolvendo, pero que son terreos de uso urbano, afastados da actividade marítima e pesqueira. Existen exemplos en todo o territorio costeiro de Galicia, observando case que en cada vila como o Porto é titular dun espazo que, en termos xerais, úsase para actividade urbana. Tal é así que en moitas ocasións os propios veciños e veciñas descoñecen esta titularidade, e non a comprenden, por ser Portos de Galicia titular de terreos que nada teñen que ver coa súa actividade.

Este escenario provoca problemas de xestión habituais para todos os concellos, que pretenden desenvolver actividades e usos deses terreos, pero necesitan de autorización e aceptación de Portos, sendo esta unha institución que non comprende a necesidade deses usos, retarda os procesos e/ou os dificulta e impide. Ademais dos concellos, numerosos colectivos sociais, culturais ou deportivos, tenden a querer usar tales terreos, normalmente ben situados nas vilas costeiras, atopándose con que Portos esixe unhas taxas inasumibles e considera, discrecionalmente, o seu uso. Pola contra, eses terreos non son obxecto da atención de Portos de Galicia, nin do investimento, polo que terminan por deteriorarse e acumular sucidade, sendo os concellos os que, por responsabilidade, terminan por asumir o custe do seu mantemento sen ser titulares.

O Parlamento de Galicia debateu, a proposta do Grupo Socialista, unha fórmula de reversión dos terreos portuarios de titularidade autonómica ao dominio

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

municipal. Inicialmente foi rexeitada polos votos do Grupo Popular, mais en 2020 o debate volveu á Cámara a instancias novamente do Grupo Socialista e, desta volta, o Grupo Popular mudou a súa posición e así foi unha iniciativa aprobada por unanimidade. Dende entón, non en tanto, non se produciu ningún avance nesta cuestión. O 5 de maio de 2021 a presidenta de Portos de Galicia respondía na Comisión de Pesca e Mar do Parlamento sobre esta cuestión a preguntas do propio Grupo Socialista, e recoñecía que dende febreiro de 2019 non mantiñan ningunha xuntanza coa Fegamp para tratar a cuestión. Durante este tempo numerosas alcaldías teñen realizado solicitudes a Portos de Galicia para iniciar estes trámites, sen resposta da Xunta de Galicia. As demais administracións e institucións (concellos, Demarcación de Costas do Estado, Fegamp...) comparten esta solución e teñen trasladado isto á Xunta de Galicia que, non en tanto, segue paralizando a cuestión.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que avances se teñen feito no proceso de reversión da titularidade dos terreos portuarios non utilizados para fins marítimo-pesqueiros a dominio municipal?

2. Cantos concellos galegos teñen visto realizada esta reversión da titularidade de terreos portuarios no seu termo municipal? Cales? Que volume de terreos?

Pazo do Parlamento, 6 de maio do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Otero Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 06/05/2021 15:57:33**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15856
Data envio: 06/05/2021 16:23:05.387

**Patricia Otero Rodríguez na data 06/05/2021 15:57:39**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 17:29:07
Nº Rexistro: 15872
Data envio: 06/05/2021 17:29:07.325

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación da Formación Profesional no concello de Redondela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Redondela ten exercido historicamente como cabeceira comarcal no que se refire á oferta de estudos de Formación Profesional.

Trátase dun concello no que existen 4 institutos, en dous dos cales (o IES Pedro Floriani e o IES Chapela) se ofertan este tipo de ensinanzas de FP.

Así pois, o IES Pedro Floriani, na actualidade, oferta os seguintes estudos de Formación profesional: FP Básica Servizos Administrativos, Ciclo Medio Xestión administrativa, Ciclo Superior Administración e finanzas, FP Básica Electricidade e Electrónica e Ciclo Medio Instalacións de comunicacións.

Pola súa banda, o IES de Chapela, que está situado a 10 Km de distancia do núcleo urbano de Redondela e está integrado no continuun urbano do linde Vigo-Redondela, oferta os seguintes estudos de Formación Profesional: C.M. Farmacia e Parafarmacia, C.S. Dietética, C.S. Documentación Sanitaria, C.M. Atención a persoas en situación de dependencia (APSD), C.S. Educación Infantil e C.S. Integración social.



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 17:29:07
Nº Rexistro: 15872
Data envio: 06/05/2021 17:29:07.325

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No que ten a ver coa oferta do IES Chapela, trátase dun centro que ten unhas carencias evidentes nas súas infraestruturas. E para alén dos problemas de ruídos que está a ter a comunidade educativa nos últimos tempos, estamos ante un centro que ten unha demanda de matrícula elevada (con amplas listaxes de alumnos agardando vacante) na súa oferta educativa. Tal e como sinalan dende a propia comunidade educativa o IES de Chapela é un centro a todas luces infradimensionado para as súas necesidades.

Mais no que ten a ver coa oferta educativa na zona da Marisma de Redondela, estamos ante unha oferta de titulacións que permanecen practicamente inalteradas dende hai 40 anos. Esta escaseza na oferta educativa de Formación Profesional en Redondela fai que moitas alumnas e alumnos, que tiñan como primeira opción os estudos de ciclos de Formación Profesional, decidan non apostar por esta opción pola falta de oferta.

Dende o BNG consideramos que é precisa unha revisión e actualización da oferta educativa no Concello de Redondela, e por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai a Xunta de Galiza iniciar os trámites para actualizar e ampliar a oferta educativa de Formación Profesional no concello de Redondela chegando a acordos coa comunidade educativa para a mellora a oferta de ensinanzas de FP?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2021

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 17:29:07
Nº Rexistro: 15872
Data envio: 06/05/2021 17:29:07.325

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Carme González Iglesias**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/05/2021 17:26:43**

**Alexandra Fernández Gómez na data 06/05/2021 17:26:52**

**María do Carme González Iglesias na data 06/05/2021 17:27:00**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 17:53:13
Nº Rexistro: 15880
Data envio: 06/05/2021 17:53:13.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Calcúlase que os Trastornos de Conducta Alimentaria afectan a entre un 1%-4% da poboación, maioritariamente mulleres. Se esta cifra xa era preocupante, distintos expertos en psiquiatría e psicoloxía veñen alertando dun aumento de casos de Trastornos de Conducta Alimentaria como consecuencia da pandemia e do impacto que esta tivo nas formas de vida e na saúde mental da poboación. Diversos especialistas sinalan que este incremento detéctase tanto no retroceso daquelas pacientes en tratamento ou con diagnósticos anteriores á pandemia, como no aumento de novos casos.

Para o tratamento e evolución favorable dos TCA algúns dos factores determinantes son a abordaxe terapéutica de forma inmediata, a abordaxe multidisciplinar e un tratamento intensivo e continuado. Por iso as Unidades de Desordes Alimentarios son unidades chave que contribúen a asegurar un mellor prognóstico das pacientes. A pesar disto, o acceso das persoas con TCA en Galiza a estas Unidades vese limitado pola falta de prazas e da súa distribución no territorio.

Para o tratamento especializado dos Trastornos de Conducta Alimentaria en Galiza tan só existe unha única Unidade de Desordes Alimentarios, situada en Santiago



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 17:53:13
Nº Rexistro: 15880
Data envío: 06/05/2021 17:53:13.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Compostela. A carencia de Unidades noutras áreas do territorio galego impide e limita o acceso dos pacientes a dispor dun tratamento temperán. Así mesmo, esta Unidade conta tan só con tres camas na área de hospitalización aguda, cinco camas na área de hospitalización prolongada e un espazo para 8 pacientes na área de Hospital de Día. Un número de prazas a todas luces insuficientes para prestar servizo á demanda existente. Esta situación de colapso fai con que moitas pacientes se vexan excluídas dese tratamento especializado.

Hai uns días coñecíamos o caso dunha rapaza de 15 anos en Vigo cun TCA e o relato do auténtico calvario que está a vivir a rapaza e a súa familia, que non fai máis que poñer de relevo as carencias da sanidade pública para a abordaxe deste tipo de trastornos: tempos de agarda para o especialista moi dilatados, a falta de tratamento continuado e temperán e finalmente o ingreso nunha unidade de psiquiatría xeral, que non conta con atención especializada e multidisciplinar para o tratamento do TCA.

Despois das denuncias públicas da familia, finalmente o SERGAS decidiu o traslado á única Unidade de Desordes Alimentarios en Santiago, pero con isto non se resolve o problema de fondo que é a falta de prazas e de Unidades destas características en Galiza. Ao igual que esta rapaza, neste momento hai outras rapazas ingresadas coa mesma patoloxía na unidade de psiquiatría xeral no hospital Álvaro Cunqueiro que non están a recibir un tratamento especializado e multidisciplinar, co que si poderían contar nunha Unidade de Desordes Alimentarios na que se integran profesionais de psiquiatría, endocrinoloxía, psicoloxía, enfermería...

En 2015 o PPdG anunciaba, por boca do seu portavoz en Sanidade naquela altura, que o partido que goberna a Xunta propuña a creación dunha Unidade de Desordes Alimentarios no Hospital Álvaro Cunqueiro, co fin de prestar servizo á zona Sur do país. Seis anos despois a proposta segue gardada nun caixón a pesar de que



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recoñecía que a situación actual é insuficiente. Unha situación que non pode seguir demorando e máis aínda se temos en conta as alertas sobre o aumento de casos que están lanzando distintos especialistas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a saturación da Unidade de Desordes Alimentarios de Santiago?

. Ten a Xunta de Galiza elaborado algún estudo sobre o número de prazas necesarias para atender esta patoloxía mediante unha Unidade Especializada?

. Cal é o número de casos de Trastorno de Conducta Alimentaria detectados na área sanitaria de Vigo no pasado ano?

. Cal é o número de casos de Trastorno de Conducta Alimentaria detectados na área sanitaria de Vigo nos últimos cinco anos?

. Cantos dos casos de Trastorno de Conducta Alimentaria detectados na área sanitaria de Vigo no pasado ano foron derivados á Unidade de Desordes alimentarios de Santiago?

. Cantos dos casos de Trastorno de Conducta Alimentaria detectados na área sanitaria de Vigo nos últimos cinco anos foron derivados á Unidade de Desordes alimentarios de Santiago?

. Cree a Xunta necesaria a creación dunha Unidade de Desordes alimentarios en Vigo?



CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2021 17:53:13
Nº Rexistro: 15880
Data envio: 06/05/2021 17:53:13.137

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

**Carme González Iglesias**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 06/05/2021 17:48:37**

**María do Carme González Iglesias na data 06/05/2021 17:48:45**

**María Montserrat Prado Cores na data 06/05/2021 17:48:51**

**Iria Carreira Pazos na data 06/05/2021 17:48:56**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 6921**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, sobre **"o número de expedientes abertos por infraccións, nos anos 2018 e 2019, á Lei de benestar animal, o número de sancións interpostas, con especificación da contía, e o número de inhabilitacións especiais realizadas"**, (publicada no BOPG número 104 do 1 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"En total, nos anos 2018 e 2019 abríronse un total de 255 expedientes por infraccións leves, dos que 218 foron sancionadores, e sumaron unha contía total de 21.800 euros. En canto ás infraccións graves, nestes dous anos rexistráronse 271 expedientes, dos que 266 foron sancionadores e alcanzaron un total de 133.266 euros. Por último, en 2019 rexistrouse unha inhabilitación para a tenza de animais de compañía durante un ano".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 29/04/2021 12:21:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 12:21:52
Nº Rexistro: 15503
Data envio: 29/04/2021 12:21:52.397

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/04/2021 12:21:48

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:58:17
Nº Rexistro: 15731
Data envio: 04/05/2021 16:58:17.362
Data 04/05/2021 16:58

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 839**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación das obras de saneamento da Ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego"**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira en resposta á preguntar oral en Pleno número 8075, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 28 de abril de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou que a Xunta está a mobilizar 47 millóns de euros no marco do Plan de saneamento da ría de Pontevedra, dos que 32 millóns se corresponden con traballos xa en execución e 15 millóns en 10 actuacións que están planificadas.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
04/05/2021 16:58:13

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:58:17
Nº Rexistro: 15731
Data envio: 04/05/2021 16:58:17.362

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-04-28?part=7d3f7593-b9c3-4fea-864b-41f0b9eaed8a&start=15951

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-04-28?part=7d3f7593-b9c3-4fea-864b-41f0b9eaed8a&start=16274 ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:58:17
Nº Rexistro: 15731
Data envio: 04/05/2021 16:58:17.362

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:58:13

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:58:09
Nº Rexistro: 15730
Data envio: 04/05/2021 16:58:09.003

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 840**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Elena Candia López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación das obras de saneamento da Ría de Pontevedra que ten en mar cha o Goberno galego"**, (publicada no BOPG número 9 do 2 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira en resposta á preguntar oral en Pleno número 8075, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 28 de abril de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou que a Xunta está a mobilizar 47 millóns de euros no marco do Plan de saneamento da ría de Pontevedra, dos que 32 millóns se corresponden con traballos xa en execución e 15 millóns en 10 actuacións que están planificadas.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 04/05/2021 16:58:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:58:09
Nº Rexistro: 15730
Data envío: 04/05/2021 16:58:09.003

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-04-28?part=7d3f7593-b9c3-4fea-864b-41f0b9eaed8a&start=15951

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-04-28?part=7d3f7593-b9c3-4fea-864b-41f0b9eaed8a&start=16274 ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:58:09
Nº Rexistro: 15730
Data envio: 04/05/2021 16:58:09.003

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:58:05**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:58:01
Nº Rexistro: 15729
Data envio: 04/05/2021 16:58:01.409
Data 04/05/2021 16:57

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4618**, formulada polo Grupo Parlamentario do Grupo Popular de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación do proxecto de mellora da seguridade na estrada Viveiro-Cabreiros, as previsións do Goberno galego referidas ao seu desenvolvemento e as actuacións concretas que se van levar a cabo, así como as melloras executadas na estrada LU-540 nos últimos anos"**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 8054, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 29 de abril de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou, entre outras cuestións, que a Xunta de Galicia someterá en verán a información pública o proxecto de mellora da estrada entre Viveiro e Cabreiros, que suporá un investimento de máis de 12 millóns de euros.

A resposta competa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servicios-2021-04-29?part=56b728ec-fb73-46da-b680-3f8187838b6d&start=2158

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 04/05/2021 16:57:53

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servicios-2021-04-29?part=56b728ec-fb73-46da-b680-3f8187838b6d&start=3008

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:58:01
Nº Rexistro: 15729
Data envio: 04/05/2021 16:58:01.409

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:57:53**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 12:56:34
Nº Rexistro: 15531
Data envío: 29/04/2021 12:56:34.600
Data 29/04/2021 12:56

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8465**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns para non aplicar na actualidade os descontos que existían no trasporte público para os mozos e as mozas da franxa de idade comprendida entre os 21 e 31 anos beneficiarios do Carné Xove, as actuacións previstas polo Goberno galego para o seu restablecemento e as súas previsións respec to da súa ampliación"**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia impulsou a tarxeta Xente Nova no ano 2016, que inicialmente permitía a viaxe gratuíta dos menores de 19 anos en todos os servizos interurbanos do sistema de transporte público de Galicia prestados no ámbito das áreas de transporte metropolitano da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo e Vigo.

Posteriormente, o 1 de xaneiro de 2020, ampliou o rango de idade dos beneficiarios aos menores de 21 anos. En xuño de 2020, ampliouse o seu ámbito territorial a toda a provincia de Ourense e a 13 concellos da área de Pontevedra. A Xunta xa expresou a súa intención de que a partir do vindeiro mes de maio o uso desta tarxeta se poida estender a toda Galicia.

Así mesmo, cómpre engadir que a mocidade galega titular do Carné Xove

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 29/04/2021 12:56:30

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

dispón tamén de descontos en varias liñas de transporte en autobús, descontos que chegan, nalgúns casos, ata un 25% sobre o prezo do billete. Esta información é pública e está dispoñible na páxina web de Xuventude".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 12:56:34
Nº Rexistro: 15531
Data envio: 29/04/2021 12:56:34.600

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/04/2021 12:56:30

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15795
Data envío: 05/05/2021 15:23:40.803
Data 05/05/2021 15:23

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12310**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación coa información referida ao estado de vacinación da cidadanía contra a covid-19"**, (publicada no BOPG número 113 do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

**"**A pregunta respostouna a DX de Saúde Pública na comisión 5ª celebrada o pasado 22 de abril, na resposta á pregunta con número de rexistro 12309**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 05/05/2021 15:23:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15795
Data envio: 05/05/2021 15:23:40.803

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2021 15:23:37**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15794
Data envio: 05/05/2021 15:23:33.115
Data 05/05/2021 15:23

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12377**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **" as medidas previstas polo Goberno galego para reverter a situación en que se atopa o transporte sanitario non urxente na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña"**, (publicada no BOPG número 113 do 18 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

**"**A pregunta respostouna o Xerente do Sergas na comisión 5ª celebrada o pasado 22 de abril, na resposta á pregunta con número de rexistro 12376**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
05/05/2021 15:23:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15794
Data envio: 05/05/2021 15:23:33.115

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2021 15:23:30**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:48
Nº Rexistro: 15728
Data envio: 04/05/2021 16:57:48.581
Data 04/05/2021 16:57

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 12968**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da demora da Xunta de Galicia no pagamento das subvencións correspondentes ao mantemento das casas niño e as medidas previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia xa concedeu as axudas en réxime de concorrencia non competitiva ás persoas titulares de Casas Niño que iniciaron a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de xullo de 2018, para o ano 2021, axudas que teñen a finalidade de dar continuidade a este recurso e seguir atendendo as necesidades de conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias nos concellos rurais de Galicia nos que están establecidas.

Estas axudas foron convocadas a través da orde do 28 de decembro de 2020, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a continuidade das casas niño que iniciaron a súa actividade entre o 1 de outubro de 2016 e o 31 de xullo de 2018, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. Esta orde foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 19 de xaneiro de 2021.

Tal como establece a orde citada anteriormente, a axuda neste ano 2021 consiste nunha prima de 22.000 euros/ano para a prestación dunha atención personalizada a nenos e nenas de 0-3 anos, e para as axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de 968.000 euros.

Adicionalmente, a Xunta de Galicia tamén aboa neste 2021 unha prima anual a todas as casas-niño que iniciaron a súa actividade a partir do 1 de agosto de 2018, a través dos fondos FEDER.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 04/05/2021 16:57:45

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En referencia aos pagamentos do ano 2021, a Xunta de Galicia xa aboou o anticipo do 90% de todas as primas anuais antes de que rematara o primeiro trimestre do ano. Ese foi o compromiso adquirido con todas as titulares das casas-niño, e ese compromiso cumpriuse.

En todo caso, é erróneo afirmar que a Xunta levara seis meses sen aboar pagamentos ás casas-niño, dado que no momento de presentación da pregunta xa estaban aboados todos os pagamentos do ano 2020 e unha parte dos correspondentes a 2021. A totalidade dos mesmos realizouse antes de rematar o primeiro trimestre do ano, como se vén de expoñer.

Hai que ter en conta que o prazo de solicitude para acollerse á orde de subvención de continuidade de casas-niño (exclusiva para as casas creadas antes de agosto de 2018) rematou a mediados de febreiro -porque así o obriga a lexislación estatal de subvencións- e houbo algunhas solicitantes que presentaron toda a documentación nos últimos días do prazo.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:48
Nº Rexistro: 15728
Data envio: 04/05/2021 16:57:48.581

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:57:45

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:40
Nº Rexistro: 15727
Data envío: 04/05/2021 16:57:40.831
Data 04/05/2021 16:57

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13190**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **"os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello da Veiga"**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**No ano 2020 a Consellería de Política Social subscribiu un convenio co concello de A Veiga:

| CONCELLO | CONVENIO | CONTÍA | DATA SINATURA |
|---|---|---|---|
| A Veiga | Convenio de financiamento das obras de construción para un centro residencial municipal | 300.000€ | 11/03/2020 |

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 04/05/2021 16:57:37

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:40
Nº Rexistro: 15727
Data envio: 04/05/2021 16:57:40.831

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:57:37

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13194**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **"os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Beariz"**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2018 a Consellería de Política Social subscribiu un convenio co concello de Beariz:

| CONCELLO | CONVENIO | CONTÍA | DATA SINATURA |
|---|---|---|---|
| Beariz | Convenio de financiamento das obras de acondicionamento de edificación para centro social | 150.000€ | 09/07/2018 |

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:32
Nº Rexistro: 15726
Data envio: 04/05/2021 16:57:32.659

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:57:29**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13198**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **"os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello de Castrelo de Miño"**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**No ano 2020 a Consellería de Política Social subscribiu un convenio co concello de Castrelo de Miño:

| CONCELLO | CONVENIO | CONTÍA | DATA SINATURA |
|---|---|---|---|
| Castrelo de Miño | Convenio de financiamento do_arranxo da cuberta da vivenda comunitaria_ | 35.000€ | 11/03/2020 |

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:25
Nº Rexistro: 15725
Data envio: 04/05/2021 16:57:25.315

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:57:22

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 12:56:23
Nº Rexistro: 15530
Data envío: 29/04/2021 12:56:23.913

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, sobre **"os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social durante os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020 no concello do Barco de Valdeorras"**, (publicada no BOPG número 120 do 6 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social subscribiu os seguintes convenios co concello de O Barco de Valdeorras:

| CONCELLO | CONVENIO | CONTÍA | DATA SINATURA |
|---|---|---|---|
| O Barco de Valdeorras | Convenio de financiamento das obras de ampliación da escola infantil | 150.000€ | 19/09/2016 |
| | Convenio de financiamento do remate das obras de ampliación da escola infantil | 90.000€ | 10/12/2020 |

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 29/04/2021 12:56:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2021 12:56:23
Nº Rexistro: 15530
Data envio: 29/04/2021 12:56:23.913

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/04/2021 12:56:15**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:17
Nº Rexistro: 15724
Data envio: 04/05/2021 16:57:17.815
Data 04/05/2021 16:57

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13368**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto de dotar o concello de Narón dunha residencia de ma iores de titularidade e xestión públicas"**, (publicada no BOPG número 122 do 8 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"Como Goberno temos a obriga de xestionar o país cunha mirada global e racional cos recursos de todos os galegos.

No caso da comarca de Ferrolterra estamos traballando na construción dunha residencia pioneira que porá á cidade de Ferrol á vangarda dos coidados de maiores en toda Europa. Será unha residencia punteira, coa última tecnoloxía, 120 prazas 100% públicas, máis de 110 postos de traballo e un investimento de 120 millóns de euros que financiará integramente a Fundación Amancio Ortega.

Ademais, estamos a facer melloras na residencia pública que xa existe no barrio de Caranza.

Con todo, seguiremos traballando para ampliar e mellorar a atención aos maiores nesta comarca se fose necesario.

Por outro lado, o servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo público de titularidade municipal que forma parte dos servizos sociais comunitarios básicos, que son servizos mínimos que deben ser asegurados por todos os concellos de Galicia.

Pese a tratarse dun servizo de titularidade municipal, a Xunta de Galicia axuda no financiamento do mesmo, cubrindo a maior parte do seu custo con 400 millóns de euros dos que un 76% proceden das arcas autonómicas e un 24% do Estado.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 04/05/2021 16:57:14

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:17
Nº Rexistro: 15724
Data envio: 04/05/2021 16:57:17.815

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A falta de compromiso orzamentario por parte do Goberno central contraponse coa nosa vontade de seguir mellorando o financiamento do SAF, e hoxe Galicia é a cuarta comunidade con mellor ratio de atención de todo o Estado, cun 94% de persoas con dependencia que reciben algunha prestación ou servizo.

Neste sentido, o concello de Narón é o sétimo concello da provincia no que máis se incrementan as horas (un 31%), o que o converte no terceiro concello con máis horas de toda a provincia, con 204.000 horas anuais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:17
Nº Rexistro: 15724
Data envio: 04/05/2021 16:57:17.815

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:57:14

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13652**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a problemática existente no centro de menores Santo Anxo, de Rábade, e a xestión da Consellería de Política Social ao respecto"**, (publicada no BOPG número 121 do 7 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"O centro de menores Santo Anxo da Garda de Rábade é un centro residencial de protección de menores, coa tipoloxía de centro de reeducación e cunha capacidade de 32 prazas. Nel préstase acollemento residencial a persoas menores de idade que se atopan baixo a garda ou a tutela da administración pública, por provir dunha situación de risco ou de desamparo no seu núcleo familiar. Dentro deste perfil, os usuarios deste centro son mozos e mozas normalmente de 14 anos ou mais, que requiren dunha intervención especializada por presentar problemas de conduta, actitudes violentas, falta de acatamento das normas, etc, que desaconsellan a súa convivencia con nenos e nenas mais pequenos noutros centros residenciais de ambiente mais familiar.

O perfil dos menores necesitados de protección administrativa foi cambiando e é cada vez maior o número de nenos, nenas e adolescentes que, en idades cada vez máis temperás, manifestan un carácter violento e conflitivo, con sintomatoloxía psiquiátrica, aos que se dá resposta desde toda a rede de recursos de protección.

No centro Santo Anxo da Garda de Rábade ingresaron dende o ano 2016, 195 mozos e mozas. Destes, o 85% retornaron coa súa familia, ou foron trasladados a outros centros de acordo co seu plan de intervención, ou causaron baixa no centro por cumprir a maioría de idade. Só o 15% saíron do centro para o cumprimento dunha medida xudicial.

No que se refire á reunión co equipo directivo do centro, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica sempre manifestou a súa vontade de escoitar aos traballadores, como fai con todos os empregados públicos cando o solicitan.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:10
Nº Rexistro: 15723
Data envio: 04/05/2021 16:57:10.049

Deste xeito, os traballadores deste centro solicitaron unha reunión coa Consellería de Política Social a mediados do mes de decembro. Nese momento, falouse cos traballadores e fixouse unha reunión presencial en Santiago para o día 13 de xaneiro. Sen embargo, esa reunión tivo que aprazarse por dúas razóns:

• Porque os representantes dos traballadores solicitaron acudir nun número aproximado de 10 persoas o que non era recomendable pola situación epidemiolóxica que había naquel momento;

• Polo que se lles ofreceu facer esta reunión de modo telemático, pero os representantes dos educadores de Rábade non o aceptaron e preferiron agardar a que a situación epidemiolóxica mellorase.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica contactou novamente cos representantes dos traballadores para manter esta reunión. Froito dese contacto, hai xa prevista unha reunión cos traballadores que se celebrará nas vindeiras semanas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:10
Nº Rexistro: 15723
Data envio: 04/05/2021 16:57:10.049

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:57:07**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:03
Nº Rexistro: 15722
Data envío: 04/05/2021 16:57:03.065
Data 04/05/2021 16:56

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13700**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"os datos referidos ás persoas usuarias dunha residencia da terceira idade finadas por covid-19 desde o inicio da pandemia ata o 30 de marzo de 2021"**, (publicada no BOPG número 121 do 7 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"O número de persoas falecidas por COVID usuarias dunha residencia da terceira idade desde o inicio da pandemia ata 30 marzo de 2021 é o seguinte:

| RESIDENCIAS | HOSPITAIS OU CENTROS INTEGRADOS |
|---|---|
| 347 | 426 |

O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ten a disposición da cidadanía a páxina web coronavirus.sergas.gal na que se pode consultar diariamente os datos relativos ao coronavirus en Galicia: pacientes con infección activa, pacientes hospitalizados, pacientes en coidados intensivos, persoas curadas, persoas contaxiadas, persoas falecidas, casos confirmados por PCR nas últimas 24 horas, probas PCR realizadas, probas xerolóxicas realizadas, porcentaxe de persoas infectadas (por xénero), porcentaxe de falecidos (por idade), porcentaxe de infeccións por test PCR realizados, distribución de datos por hospitais, información por concellos e información por área sanitaria.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:03
Nº Rexistro: 15722
Data envio: 04/05/2021 16:57:03.065

En relación aos datos de centros residenciais, a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa diariamente do número de casos activos vinculados a centros residenciais (de persoas maiores e de persoas con discapacidade), especificando os casos activos de usuarios e os casos activos de profesionais. Tamén informa do número de persoas falecidas nestes centros, especificando se o falecemento foi na residencia, no hospital ou en residencias integradas. Esta información publícase diariamente na web da Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:57:03
Nº Rexistro: 15722
Data envio: 04/05/2021 16:57:03.065

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:56:59**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:56:55
Nº Rexistro: 15721
Data envio: 04/05/2021 16:56:55.565
Data 04/05/2021 16:56

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13715**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o número de persoas finadas en residencias de maiores en Galicia durante a pandemia da covid-19 e as razóns do Goberno galego para non publicar os datos desagregados por centros"**, (publicada no BOPG número 121 do 7 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**O número de persoas falecidas por COVID usuarias de residencia desde o inicio da pandemia até o 30 de abril do 2021 é o seguinte:

| RESIDENCIAS | HOSPITAIS OU CENTROS INTEGRADOS |
|---|---|
| 355 (347 persoas usuarias de residencias de maiores e 8 de residencias para persoas con discapacidade) | 435 (426 usuarias de residencias de maiores e 9 persoas usuarias de residencias para persoas con discapacidade) |

Desde o inicio da pandemia, a Xunta de Galicia traballou sempre coa máxima transparencia achegando datos sobre residencias ao Goberno central co modelo que este marcou, coa frecuencia que indicou e coa profusión que pediu.

Pero, ademais, as galegas e galegos contaron sempre cunha imaxe fiel da situación, actualizada cada día a través dun boletín diario enviado aos medios de comunicación con información detallada acerca dos contaxios e falecementos.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:56:55
Nº Rexistro: 15721
Data envío: 04/05/2021 16:56:55.565

O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ten a disposición da cidadanía a páxina web coronavirus.sergas.gal na que se pode consultar diariamente os datos relativos ao coronavirus en Galicia: pacientes con infección activa, pacientes hospitalizados, pacientes en coidados intensivos, persoas curadas, persoas contaxiadas, persoas falecidas, casos confirmados por PCR nas últimas 24 horas, probas PCR realizadas, probas xerolóxicas realizadas, porcentaxe de persoas infectadas (por xénero), porcentaxe de falecidos (por idade), porcentaxe de infeccións por test PCR realizados, distribución de datos por hospitais, información por concellos e información por área sanitaria.

En relación aos datos de centros residenciais, a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa diariamente do número de casos activos vinculados a centros residenciais (de persoas maiores e de persoas con discapacidade), especificando os casos activos de usuarios e os casos activos de profesionais. Tamén informa do número de persoas falecidas nestes centros, especificando se o falecemento foi na residencia, no hospital ou en residencias integradas. Esta información publícase diariamente na web da Xunta de Galicia.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:56:55
Nº Rexistro: 15721
Data envio: 04/05/2021 16:56:55.565

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:56:52

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15793
Data envío: 05/05/2021 15:23:25.881
Data 05/05/2021 15:23

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13765**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a composición do Comité Asesor Sociosanitario, os avances existentes en canto ao novo modelo residencial e o investimento adicional necesario para ese fin"**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

" Unha das liñas fundamentais da consellería de Politica Social para a presente lexislatura é a de traballar nun novo modelo na prestación da asistencia sociosanitaria.

Dito modelo inclúe, no seu ámbito de traballo, todos aqueles dispositivos ligados a prestación da asistencia aos nosos maiores, non só residenciais, senón tamén aqueles que teñan como finalidade axudar aos cidadáns a que poidan seguir vivindo independentemente nos seus fogares e participar o maior tempo posible na sociedade.

Este novo modelo de residencias será participativo, consensuado e integrador e estará sustentado en tres piares fundamentais:

- Apostar polas potencialidades da tecnoloxía e poñela ao servizo da calidade de vida das persoas usuarias.
- Explorar melloras estruturais e arquitectónicas que permitan optimizar a atención en todas as circunstancias.
- Avanzar na coordinación entre o eido social e sanitario.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22





DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 05/05/2021 15:23:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15793
Data envio: 05/05/2021 15:23:25.881

Para empezar a traballar sobre elo, o pasado 21 de decembro constituíuse o Comité Asesor Sociosanitario que ten como principal cometido o de deseñar o esquema sociosanitario e marcar as liñas mestras polas que transcorrerá o futuro do sector que permitirá seguir avanzando cara un maior benestar das persoas maiores usuarias.

O comité asesor sociosanitario conta con representación de todos os ámbitos implicados no novo modelo de residencias: traballadores sociais, arquitectos, persoal médico e de enfermaría, familiares de usuarios etc.

O obxectivo deste comité é atender as novas necesidades xeradas a raíz da covid-19 e mellorar os servizos residenciais de Galicia para a era post covid

Dada a envergadura do proxecto faise necesario establecer unha serie de fases para seu desenvolvemento secuencial. O comité asesor completará neste primeiro semestre do ano un diagnóstico das residencias de maiores que permitirá identificar as fraquezas, as fortalezas e as propostas de mellora do novo modelo.

Por este motivo, o comité pasará a ramificar a súa reflexión a partir de agora en tres grupos de traballo, cada un deles centrado nun destes tres piares fundamentai**s".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15793
Data envio: 05/05/2021 15:23:25.881

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2021 15:23:22

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13767**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da dotación de prazas públicas residenciais para maiores na XI lexislatura, así como do incremento do número delas e da construción ou creación de novas residencias públicas na comarca da Barbanza"**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

" Desde o ano 2009, Galicia incrementou nun 44% a oferta de prazas públicas en residencias de maiores, que pasou de 5.500 a máis de 8.000.

A Xunta é consciente de que cómpre seguir reforzando esta opción para persoas dependentes, por iso está a traballar coa Fundación Amancio Ortega na apertura de sete novas residencias nas principais cidades galegas que serán 100% financiadas e construídas por dita fundación. Para iso, contará cun investimento de máis de 90 M€, permitirá a creación de 800 novos postos de traballo e creará 900 novas prazas públicas de maiores que pasarán a estar á disposición de todas as galegas e galegos.

Respecto ao volume de prazas en residencias respecto ao total de persoas maiores de 65 anos, historicamente en Galicia houbo menos demanda deste tipo de servizos que noutras zonas de España. As galegas e galegos preferiron e prefiren, maioritariamente, facerse maiores nas súas casas. Por iso Galicia é a segunda comunidade con máis dependentes atendidos a través do Servizo de Axuda no Fogar: 23.485 ao remate de 2020.

O obxectivo da Xunta é que as persoas maiores de Galicia pasen esta etapa das súas vidas coa atención que necesitan e prefiren.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Segundo os datos publicados polo IMSERSO, a data 30 de marzo do 2021, Galicia, atendeu a 62.789 persoas, catro veces máis que no ano 2009. Isto supón que o 94% das persoas con dependencia recoñecida dispoñen xa dunha prestación ou servizo axeitada ás súas necesidades.

En relación á comarca do Barbanza informar que na actualidade hai un total de 291 prazas públicas para persoas maiores.

O concello de Boiro conta con 40 prazas públicas no centro de día do Consorcio, 6 bonos para residencias e centros de día e 66.540 horas anuais de SAF asignadas, polas que a Xunta achega máis de 640.000 euros. Na actualidade a ratio de atención é do 47%.

O concello de Ribeira conta con 106 prazas públicas na Residencia de Maiores da Xunta de Galicia e 35 no Centro de Día de Alzheimer da Xunta así como 9 bonos para residencias ou centros de día. En Ribeira hai 63.312 horas anuais de SAF asignadas por máis de 600.000 euros.

O concello da Pobra do Caramiñal conta con 40 prazas públicas no centro de día do Consorcio, 48 na residencia da Xunta e 2 bonos para residencias. Na Pobra hai 33.612 horas anuais de SAF asignadas por máis de 300.000 euros e a ratio de atención é do 80%.

O concello de Rianxo conta con 5 bonos para residencias ou centro de día e 44.220 horas anuais de SAF asignadas por máis de 400.000 euros**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15792
Data envio: 05/05/2021 15:23:18.318

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2021 15:23:15**

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13813**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación co uso de cans de asistencia para promover a autonomía persoal"**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**A Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ó contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia recoñece e garante, na Comunidade Autónoma de Galicia, a toda persoa que como consecuencia da súa discapacidade deba ser acompañada dun can de asistencia o seu dereito a acceder, deambular e permanecer con el en calquera lugar, establecemento ou transporte de uso público, con independencia da súa titularidade pública ou privada.

A disposición derradeira primeira da Lei 10/2003 faculta á Xunta de Galicia para ditar as normas necesarias para desenvolver esta lei.

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación desta norma, nestes momentos é evidente a necesidade de desenvolver o citado marco regulamentario para que este se adapte á realidade actual e que ampare o dereito das persoas con discapacidade que necesitan da axuda dun can de asistencia a acceder á contorna e, polo tanto, a unha participación social accesible e efectiva.

Á súa vez, é tamén importante recoñecer o papel relevante destes animais na sociedade e a obriga que teñen tanto os seus adestradores e adestradoras como as súas persoas propietarias e usuarias, de prestarlles os coidados precisos para o seu benestar e para que poidan adquirir a madurez física e emocional adecuadas para prestar un servizo de calidade indispensable ás persoas con discapacidade en Galicia.

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15791
Data envio: 05/05/2021 15:23:04.256

Así pois, co obxecto de clarificar, simplificar e desenvolver o citado réxime xurídico de aplicación ao acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia en Galicia, a regulación do recoñecemento, a perda e a suspensión da condición de can de asistencia e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar os requisitos e as condicións da especialización das persoas adestradoras de cans de asistencia e os que deberán cumprir os centros de adestramento e os seus empregados e dependentes para obter a homologación, a Consellería de Política Social iniciou o pasado ano a tramitación do anteproxecto de decreto polo que aproba o regulamento da lei 10/2003, 26 de decembro, regulador dos cans de asistencia para persoas con discapacidade.

Proximamente, de acordo co establecido na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á aprobación deste anteproxecto de decreto, iniciarase unha consulta pública, a través do portal de Transparencia e Bo Goberno, co obxecto de recoller a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas por esta norma.

Logo da aprobación desta norma, desenvolveranse campañas informativas e de sensibilización nos distintos ámbitos da nosa sociedade co fin de dala a coñecer e fomentar a sensibilización social neste eido**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/05/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 15791
Data envio: 05/05/2021 15:23:04.256

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 05/05/2021 15:22:54

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:56:42
Nº Rexistro: 15720
Data envío: 04/05/2021 16:56:42.096

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 13992**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión da Xunta de Galicia en relación coa vixencia da declaración de impacto ambiental do proxecto de alongamento da Vía ártabra e a súa afección á zona húmida da Gándara"**, (publicada no BOPG número 123 do 13 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

**"**A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 13991, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 29 de abril de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas salientou, entre outras cuestións, que a Vía Ártabra, que supón un investimento da Xunta de 40 millóns de euros, é unha obra moi demandada na área da Coruña.

A resposta competa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servicios-2021-04-29?part=56b728ec-fb73-46da-b680-3f8187838b6d&start=3829

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 04/05/2021 16:56:33

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:56:42
Nº Rexistro: 15720
Data envio: 04/05/2021 16:56:42.096

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servicios-2021-04-29?part=56b728ec-fb73-46da-b680-3f8187838b6d&start=4685

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/05/2021 16:56:42
Nº Rexistro: 15720
Data envio: 04/05/2021 16:56:42.096

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/05/2021 16:56:33

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG09VEfjhsP8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/